



Universidade de Vigo

Estudo sobre a experiencia  
académica e profesional  
das persoas tituladas  
da Universidade de Vigo

Luis Espada Recarey

Victor Manuel Martínez Cacharrón



CONSELLO  
SOCIAL

Estudo sobre a experiencia académica  
e profesional das persoas tituladas  
da Universidade de Vigo

**Edita**

Consello Social - Universidade de Vigo

**Dirección**

Luis Espada Recarey

**Coordinación**

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

**Diseño e maquetación**

Diego Durán

**Imprime**

Roel Artes Gráficas

**Depósito legal**

VG 264-2013

**ISBN**

978-84-695-7502-4

# ÍNDICE

<b>RAZÓNS PARA A REALIZACIÓN DESTE ESTUDO .....</b>	<b>9</b>
<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>11</b>
1.1 ANTECEDENTES	11
1.2 ESTRUTURA DO INFORME	13
<b>2. OBXECTIVOS DO ESTUDO.....</b>	<b>15</b>
2.1 OBXECTIVO PRINCIPAL	15
2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	15
<b>3. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO ESTUDO.....</b>	<b>17</b>
3.1 METODOLOXÍA	17
3.2 ESTRUTURA DO CUESTIONARIO	19
3.3 POBOACIÓN E MOSTRA	21
3.4 FICHA TÉCNICA	24
<b>4. ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA.....</b>	<b>27</b>
4.1 PERFIL DAS PERSOAS TITULADAS	27
1. Xénero	27
2. Residencia durante os estudos	28
3. Persoas tituladas que traballan fóra de Galicia	29
4. Ámbitos de coñecemento	30
5. Duración dos estudos	31
4.2 ACTIVIDADES DURANTE OS ANOS DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS	31
1. Realización de prácticas en empresas/institucións	31
2. Participación en programas de mobilidade internacional	32
3. Realización de prácticas en empresas no estranxeiro	32
4. Competencias lingüísticas desenvolvidas	33
4.1 Coñecemento de galego	33
4.2 Docencia recibida en lingua estranxeira	34
4.3 Coñecementos de linguas estranxeiras	34
4.3.1 Coñecementos de inglés	35
4.3.2 Coñecementos de francés	36
4.3.3 Coñecementos de alemán	37
4.3.4 Coñecementos doutras linguas	38
4.3 ORIENTACIÓN PARA O EMPREGO	39
1. Participación nos foros empresariais de procura de emprego	39
2. Valoración das iniciativas de procura de emprego	40
3. Participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego	40
4.4 FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	42

1. Realización da formación complementaria	42
2. Tipo de formación complementaria	42
3. Contidos da formación complementaria	44
4. Motivación da formación complementaria	45
4.5 SITUACIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS	46
1. Situación laboral	46
2. Situación de emprego	46
3. Situación de desemprego	48
4. Persoas tituladas que procuran emprego	50
5. Tempo de procura de emprego	50
6. Outras situacións: persoas desempregadas que non procuran emprego	51
7. Factores condicionantes do desemprego	51
8. Técnicas de procura do primeiro emprego	54
9. Tempo investido en encontrar o primeiro traballo despois dos estudos	56
4.6 CARACTERÍSTICAS DO PRIMEIRO EMPREGO	57
1. Relación do primeiro traballo cos estudos	57
2. Tipo de contrato	58
3. Xornada de traballo	58
4. Categoría profesional	59
4.7 CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO ACTUAL	61
1. Relación do emprego actual cos estudos	61
2. Sobrecualificación	62
3. Tipo de contrato	63
4. Xornada de traballo	64
5. Categoría profesional	64
6. Permanencia no traballo actual	66
7. Evolución entre o primeiro emprego e o emprego actual	66
7.1 Tipo de contrato	67
7.2 Xornada de traballo	68
7.3 Categoría profesional	68
4.8 COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS	69
1. Análise global	69
1.1 Valoración das competencias desenvolvidas durante os estudos	69
1.2 Valoración do nivel actual de competencias persoais	70
1.3 Valoración do nivel de competencias exixidas polo emprego actual	71
1.4 Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e a formación recibida	72
1.5 Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e o nivel actual de competencias persoais	73
1.6 Análise das competencias máis exixidas polas empresas	74
a) En relación coa formación recibida polas persoas tituladas	74
b) En relación co nivel propio das persoas tituladas no momento actual	74
2. Análise por ámbitos de coñecemento	75

2.1	Valoración das competencias desenvolvidas durante os estudos	75
2.2	Valoración do nivel actual de competencias persoais	77
2.3	Valoración do nivel de competencias exixidas polo emprego actual	79
4.9	CARACTERÍSTICAS DOS ESTUDOS	81
1.	Nivel tecnolóxico	81
1.1	Nivel tecnolóxico do equipamento	81
1.2	Nivel de actualización tecnolóxica da formación recibida	81
2.	Materias de maior utilidade profesional	82
3.	Materias de menor utilidade profesional	89
4.	Complementos académicos necesarios	90
4.10	ORGANIZACIÓN DAS PERSOAS TITULADAS	94
1.	Nivel de contacto entre persoas tituladas e profesorado	94
2.	Vontade de contacto coa Universidade de Vigo	95
3.	Tipo de vinculación	95
4.	Valoración das actividades que debería desenvolver a Universidade de Vigo	97
5.	Predisposición de colaboración coa Universidade de Vigo	97
4.11	ANÁLISE DAS RESPPOSTAS Á PREGUNTA ABERTA	98

## **5. CONCLUSIÓNS..... 101**

5.1	Perfil das persoas tituladas	101
5.2	Actividades desenvolvidas durante os anos de estudo universitarios	102
5.3	Orientación para o emprego	103
5.4	Formación complementaria	103
5.5	Situación laboral das persoas tituladas	104
5.6	Características do primeiro emprego	106
5.7	Características do emprego actual	107
5.8	Competencias profesionais adquiridas	109
5.9	Características dos estudos	113
5.10	Organización das persoas tituladas	113
5.11	Análise das respostas á pregunta aberta	114

## **BIBLIOGRAFÍA..... 117**

## **ANEXOS..... 119**

A1	Cuestionario aplicado	120
A2	Carta de presentación	128
A3	Distribución da mostra por titulacións	129
A4	Municipio de residencia durante os estudos	131
A5	Duración en anos dos estudos por titulacións	136
A6	Realización de prácticas en empresas/institucións durante os estudos	137
A7	Participación en programas de mobilidade internacional por titulacións	138
A8	Docencia recibida en lingua estranxeira por titulacións	139

A9 Distribución da realización de formación complementaria por titulacións	140
A10 Persoas tituladas que realizaron outra titulación universitaria por titulacións	141
A11 Persoas tituladas que realizaron outra titulación universitaria por titulacións II	143
A12 Persoas tituladas que realizaron cursos de doutoramento por titulacións	146
A13 Persoas tituladas que traballan no momento actual por titulacións	147
A14 Persoas tituladas que traballan e procuran emprego por titulacións	148
A15 Persoas tituladas que traballan e continúan a estudar por titulacións	149
A16 Persoas tituladas que traballan e preparan oposicións por titulacións	150
A17 Persoas tituladas sen emprego por titulacións	151
A18 Tempo de procura de emprego por titulacións	152
A19 Tempo investido en encontrar o primeiro traballo despois dos estudos	153
A20 Relación do emprego actual cos estudos por titulacións	154
A21 Evolución entre o primeiro emprego e o actual por titulacións	155
A22 Nivel tecnolóxico do equipamento e formación por titulacións	156
A23 Análise das respostas á pregunta aberta por titulacións	157

# **RAZÓNS PARA A REALIZACIÓN DESTE ESTUDO**

O Parlamento Galego, na súa sesión de 11 de xullo de 1989, aprobaba o texto definitivo da Lei de Ordenamento do Sistema Universitario Galego remitido polo Consello da Xunta. Consoante o seu articulado, creábase a Universidade de Vigo por segregación da de Santiago de Compostela. Co nomeamento do seu reitor e equipo de goberno o 14 de setembro de 1989, daba inicio a andaina desta institución universitaria, proceso que se complementaríase en xaneiro de 1990 coa publicación do decreto de segregación de centros e instalacións con todos os seus medios materiais e humanos.

Xa pasaron 23 anos e a Universidade de Vigo foise asentando e consolidando coa incorporación de novas titulacións. Ao longo deste período, fóronse graduando estudantes que se incorporaron ás súas tarefas profesionais. Quedaba, no entanto, unha materia pendente que non se levara a cabo e que se relacionaba coa opinión que as persoas tituladas tiñan da súa universidade. Por este motivo e co obxecto de coñecer estas opinións, realizouse este estudo, que tenta restituír esa ligazón que todo titulado/a ten coa súa universidade, transmitindo as súas ideas sobre as actividades levadas a cabo durante os anos de formación universitaria, a orientación para o emprego, a formación complementaria, a situación laboral, as características do primeiro emprego e do actual, as competencias profesionais adquiridas ou as características dos estudos.

Cabe subliñar que, se ben a Universidade de Vigo realiza periodicamente un seguimento dos seus titulados/as a través das enquisas realizadas desde a ACSUG, constatouse desde a Área de Emprego da Universidade que esta medida é insuficiente de cara a aproveitar a experiencia do antigo alumnado para mellorar a empregabilidade dos futuros titulados/as, así como para apoiar os/as que se encontran na situación de procura do primeiro emprego. Por todas estas razóns, decidiuse levar a cabo o presente estudo.

Neste traballo tivéronse en conta xuntamente as promocións que concluíron os seus estudos hai seis anos así como as que os terminaron hai cinco, por crer que é tempo suficiente para que a persoa titulada se insira no mundo laboral, en calquera dos seus ámbitos, e poida proporcionar as súas vivencias profesionais. A partir destes datos, a Universidade de Vigo poderá ter un documento valioso para reflexionar e pór en práctica as conclusións ás que poidan ter dado lugar as entrevistas. Só así esta institución académica estará en contacto cunha sociedade cada vez máis en mudanza e que lle exige respostas ás súas procuras. Así pois, estas formulacións identifícanse cunha fusión de vontades entre a Universidade e as persoas tituladas co fin de mitigar un baleiro social que estaba expectante.

**Luis Espada Recarey**





# 1

## INTRODUCCIÓN

### 1.1. ANTECEDENTES

No ano 2009 publicouse o *Estudo do grao de satisfacción do alumnado coa Universidade. Aplicación á Universidade de Vigo*, cuxo contido se centraba en admitir que a atomización da información é un grave problema que afecta a nosa Universidade. Xa que logo, débese avogar por compatibilizar a autenticidade de cada universidade co seu pluralismo docente, a difusión dos seus coñecementos e a actitude do seu alumnado, sen esquecer que esta institución académica se debe á sociedade e que esta lle exixirá, cada vez máis, que produza rendementos dos seus recursos, esforzos e dedicacións.

A realización dun estudo específico sobre o grao de satisfacción do alumnado coa súa universidade serviu para constatar as súas fortalezas e debilidades, as cales poderán utilizarse para ratificar ou rectificar as directrices que marcan as liñas de actuación desta institución académica.

Con este obxectivo, levouse a cabo unha enquisa entre o alumnado da Universidade de Vigo matriculado no curso 2008-2009. Dita enquisa tentaba cubrir unha ampla gama temática relacionada coa opinión que este colectivo tiña sobre as características dos métodos de ensino-aprendizaxe utilizados, formas de avaliación dos seus coñecementos adquiridos, infraestruturas, equipamentos docentes, servizos sociais, bolsas de estudos, actividades culturais e deportivas etc.

O modelo de cuestionario utilizado foi o empregado na Universidade Politécnica de Madrid, adaptado ás peculiaridades da Universidade de Vigo. Desde o punto de vista metodolóxico, os resultados obtidos estrutúranse, alén de globalmente, por ámbitos de coñecemento e por campus. Estes resultados serven para modelar as tendencias observadas en cada un dos parámetros analizados, que se centran no coñecemento do grao de satisfacción sobre o proceso formativo, ademais doutros aspectos avaliados, entre eles os servizos e instalacións da institución universitaria, mobilidade, prácticas en empresas, e contratos pre- e posdoutorais.

Posteriormente, no 2010, completouse este traballo coa monografía titulada *Estudo sobre a transición do alumnado da Universidade de Vigo ao traballo*. Este estudo está dirixido a recoller informacións sobre a relación entre o estudo e o traballo do estudantado de último curso das titulacións pertencentes aos centros propios da Universidade de Vigo, así como a súa visión e as expectativas sobre o mundo profesional nun momento de crise como o actual que incita á procura de emprego.

Así pois, aplicouse unha enquisa autoadministrada cuxos resultados foron analizados en detalle. A través desta ferramenta foron examinados os distintos comportamentos do estudantado no inicio da súa vida laboral segundo o ámbito académico, o campus e a titulación.

O obxectivo deste estudo residía en comprender o comportamento do estudantado universitario na transición cara á vida laboral activa en función dos seguintes parámetros:

- O perfil do estudantado.
- O acceso á carreira universitaria en función do futuro mercado laboral.
- As características da ocupación e a súa afinidade cos estudos universitarios.
- As expectativas de integración na vida laboral.

O estudo demostrou que, no momento de escoller titulación, un 18,6% do estudantado foi influído polos seus amigos/as ou coñecidos/as e un 14,5% o fixo por consello de profesionais. Tamén é notábel a influencia exercida polos proxenitores (13,3%). Os medios de comunicación social tiveron menor importancia (8,4%).

Á hora de escoller a súa titulación, a vocación foi o factor motivador co que o alumnado entrevistado máis se identificou (73,1%), seguido dos aspectos de carácter sociolaboral, boa remuneración da profesión (64,4%), boa procura laboral da profesión á que os estudos dan acceso (64,1%) e as posibilidades de ascender social e profesionalmente (64%).

Case a metade do estudantado entrevistado (47,4%) considerou que a mellor maneira de complementar a súa formación universitaria sería coa realización de cursos de mestrado ou posgrao, o 13,6% con cursos de actualización, o 12,9% con outra carreira afín á realizada e o 8,8% cun doutoramento. Case nunha quinta parte das entrevistas (17,3%) non considerou necesario realizar calquera tipo formación complementaria aos estudos universitarios.

O 22,6% dos entrevistados/as manifestaron ter traballado antes do seu ingreso no ensino superior. A proporción das persoas que o fixeron algunha vez durante a realización dos estudos foi do 25,2%.

## 1.2 ESTRUTURA DO INFORME

O contido deste informe sobre a inserción laboral das persoas tituladas da Universidade de Vigo está estruturado da seguinte maneira.

En primeiro lugar, a introdución ten por fin xustificar a necesidade deste estudo e céntrase nunha idea forza: coñecermos a experiencia profesional e académica dos titulados/as da Universidade de Vigo como primeiro paso para a implantación dun observatorio ocupacional. Igualmente, tamén se considerou necesario analizar a posibilidade de crear algún tipo de vinculación do colectivo de persoas tituladas coa Universidade de Vigo.

O segundo apartado, "Obxectivos do estudo" apunta os obxectivos desta enquisa, diferenciando o obxectivo principal e os obxectivos específicos.

O terceiro apartado, "Características técnicas do estudo", contén informacións sobre a metodoloxía seguida cunha pomenorizada descrición dos procedementos aplicados, os apartados en que está estruturado o cuestionario, a descrición da poboación e a elaboración da mostra e, finalmente, a ficha técnica.

O apartado cuarto, "Análise dos resultados da enquisa", constitúe o eixo principal do estudo. Esta epígrafe, a máis extensa do informe, inclúe os resultados do estudo a través dunha grande cantidade de cadros e comentarios completados cos anexos.

Finalmente, realizouse un resumo executivo coas principais conclusións do estudo.



# 2

## **OBXECTIVOS DO ESTUDO**

### **2.1 OBXECTIVO PRINCIPAL**

Estudar a inserción laboral das persoas tituladas da Universidade de Vigo nas promocións de 2006 e 2007 coa intención de contar con información que permita a retroalimentación (feedback) desde o mundo profesional.

### **2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Obter informacións das persoas tituladas da Universidade de Vigo naqueles aspectos da súa experiencia inserción profesional.
- Analizar a relación existente entre a súa experiencia profesional e a formación académica recibida.
- Desenvolver o primeiro paso para a implantación dun observatorio ocupacional como unidade de seguimento das características das persoas tituladas que se colocan no mercado de traballo (emprego encontrado, grao de afinidade co traballo, tempo que demoraron en encontrar o primeiro emprego,...).
- Analizar a posibilidade de crear algún tipo de vinculación do colectivo de titulados/as coa Universidade de Vigo (asociación, foro, comunidade virtual, lista de distribución,...).

Estas perspectivas conforman as liñas estratéxicas relacionadas coa orientación e información de emprego recollidas no Plan estratéxico de emprego da Área de Emprego da Universidade de Vigo.



# 3

## **CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO ESTUDO**

### **3.1 METODOLOXÍA**

A constancia foi a ferramenta utilizada para avanzar nas diferentes fases deste estudo, desde o deseño e elaboración do cuestionario até a análise dos datos e a redacción do informe. A seguir, descríbense cada un dos procedementos seguidos.

#### **Deseño e elaboración do cuestionario**

Durante os meses de novembro e decembro de 2011 deseñouse un cuestionario a partir dunha ampla análise da bibliografía existente sobre este tema e dos propios obxectivos que se formularan para este estudo en coordinación coa Área de Emprego da Universidade de Vigo.

Neste sentido, tivéronse en conta as enquisas semellantes aplicadas noutras universidades ou institucións académicas<sup>1</sup>, entre elas, moi especialmente, a experiencia do Observatorio Ocupacional da Universitat Jaume I de Castellò. Finalmente, baixo estas consideracións, o cuestionario (ver anexo A1) foi elaborado en xaneiro de 2012.

#### **Definición da poboación**

Este estudo aborda todas as titulacións oficiais da Universidade de Vigo con titulados/as no mercado de traballo das promocións de 2006 e 2007, isto é, seis e cinco anos despois da súa graduación. A razón para centrar o estudo nestas dúas promocións é que, transcorrido ese tempo, as persoas tituladas tenden a reflexionar sobre a súa experiencia académica e as súas expectativas futuras no mercado laboral. Desta maneira garántese que as persoas tomaron suficiente perspectiva dos seus estudos e posibilidades no mercado laboral sen esquecer as súas experiencias despois da súa pasaxe pola universidade.

---

1) Modelo de encuesta para egresados da Universidad Católica de Ávila ou o Cuestionario seguimiento de egresados (versión Chile) elaborado polo Centro de Gestión de la Calidad y del Cambio.



A lista cos enderezos de contacto dos titulados/as foi elaborada a partir da aplicación informática de consulta da base de datos facilitada pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade. Estes enderezos de contacto foron organizados nunha base de datos dixitalizada e depurada.

## **Envíos dos cuestionarios**

Nunha primeira fase, os cuestionarios foron enviados por correo electrónico. Logo, nunha segunda fase, comprendida entre xuño e setembro de 2012, os cuestionarios foron remitidos por correo postal. En ambos os casos, o cuestionario foi enviado xunto cunha carta de presentación (ver anexo A2) asinada polo director da investigación, o profesor emérito Luis Espada Recarey, na que se expuñan os obxectivos deste estudo.

### *Por correo electrónico*

O cuestionario, acompañado por unha carta de presentación, inseriuse en anexo ás mensaxes de correo electrónico enviadas. Unha vez cuberto, o cuestionario podía ser enviado tamén en anexo por correo electrónico.

Para que a taxa de resposta fose a máis elevada posíbel, enviáronse periodicamente mensaxes por correo electrónico a fin de lembrar ás persoas inquiridas a importancia da súa participación neste estudo. Desta forma, ao estudantado que non respondía á mensaxe nun prazo dado, fílle reiterado o correo até en seis ocasións os días 10 e 20 de febreiro, 1 e 30 de marzo, 13 de abril e 5 de xuño. Esta fase foi realizada entre febreiro e xuño de 2012. No total, recibíronse 634 respostas por este medio.

### *Por correo postal*

Dos 4.014 correos electrónicos dispoñíbeis aos que se enviou a enquisa electrónica, 526 viñeron de volta por estaren erróneos ou desactualizados. Por este motivo, foi preciso enviar o cuestionario por correo postal a estas persoas no mes de maio de 2012.

Para o caso das 2.718 persoas das que non se dispuña de e-mail de contacto, enviouse unha carta por correo postal aos seus enderezos ou ao dos seus familiares en xuño de 2012.

Neste caso, incluíase un sobre con taxa de franqueo paga para facilitar a devolución do cuestionario cumprimentado.

Despois de deixar pasar dous ou tres meses, no mes de setembro de 2012 realizouse un segundo envío ás persoas que non responderan. No total, foron enviadas 3.244 cartas nas dúas ocasións referidas. Neste caso, 477 cartas viñeron de volta por teren enderezos postais desactualizados ou incorrectos ou teren un destinatario ausente ou descoñecido. Tendo en conta estes condicionantes, a poboación real dos titulados/as ficou integrada por 5.701 elementos e recibíronse 524 enquisas por esta vía.

## **Recollida dos datos e procesamento**

Os cuestionarios recibidos e correctamente cubertos foron introducidos (dixitados) nunha base de datos. O procesamento dos datos comportou dúas operacións: codificación e depuración. A primeira operación ten por obxecto traducir as respostas en indicacións cifradas que faciliten as clasificacións e o tratamento informático (por exemplo no caso das escalas de valoración de 1 a 5). A segunda refírese á necesaria revisión en detalle dos resultados recollidos, para o que foron aplicados filtros en cada variábel e revisada a concordancia das respostas. Este procedemento, así como a redacción do informe de resultados, desenvolveuse entre os meses de novembro e decembro de 2012.

## **Análise de datos e redacción do informe de resultados**

A técnica do cuestionario ten como método complementario o tratamento estatístico dos datos. Para iso recorreuse ao uso do software estatístico SPSS 15,5 para Windows que permitiu analizar a distribución de frecuencias de variábeis cualitativas e as relacións de significancia estatística. Este procedemento tivo lugar entre decembro de 2012 e xaneiro de 2013.

## **3.2 ESTRUCTURA DO CUESTIONARIO**

Como se indicou anteriormente, elaborouse un cuestionario de 42 preguntas estruturado nos seguintes apartados:

### **Datos sociobiográficos**

Este apartado recompila una serie de datos biográficos das persoas tituladas para a súa mellor contextualización e definición de perfil: aspectos relacionados co local de residencia, titulación/s cursada/s, xénero, tempo investido en acabar a carreira, ... Complétase coas informacións fornecidas pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade. Os ítems abranguidos neste apartado son os P1 e P2 do cuestionario aplicado.

### **Actividades durante os anos de estudo universitario**

Neste apartado inclúense variábeis que permiten obter informacións sobre as actividades que as persoas tituladas desenvolveron durante a súa etapa formativa na Universidade de Vigo, tales como as prácticas preprofesionais en empresas ou institucións, as estadias no estranxeiro ou a realización de prácticas preprofesionais no estranxeiro. Tamén se fai unha valoración das competencias lingüísticas desenvolvidas polos titulados/as, consideradas chave, como o dominio do galego e doutras linguas. Preguntouse igualmente pola docencia recibida en linguas estranxeiras. Este apartado abrangue as preguntas P25, P26 (apartados 8-12), P27-P29.

## **Orientación para o emprego**

Inclúe as preguntas P30-P32 e pretende coñecer o nivel de uso, coñecemento, aceptación e a efectividade e eficiencia das iniciativas de empregabilidade de matching ou emparellamento desenvolvidas pola Universidade de Vigo e postas á disposición do seu alumnado. Analízanse aspectos como a empregabilidade de feedback ou realimentación.

## **Formación complementaria**

Este apartado, que abrangue as preguntas P33-P36, pescuda a realización deste tipo de formación unha vez superados os estudos da titulación. Ademais, analiza aspectos como o tipo de formación, o seu contido ou o motivo para realizala.

## **Situación laboral das persoas tituladas**

Este apartado recompila as informacións sobre a situación de actividade ou inactividade e de emprego ou desemprego (preguntas P3, P10, P11 e P13). Dunha maneira máis concreta, este apartado inclúe as informacións máis relevantes sobre as causas da situación de desemprego das persoas que no momento de realizar a enquisa non traballaban (P12). Tamén indaga sobre as técnicas de procura de emprego desenvolvidas para conseguir o primeiro emprego (P15) ou o tempo investido en enconralo (P14)

## **Características do primeiro emprego**

Este apartado ofrece datos sobre o primeiro emprego tales como a súa relación cos estudos realizados, o tipo de contrato, a xornada laboral, a categoría profesional, ... En definitiva, afecta as preguntas P15-P20.

## **Características do emprego actual**

Este apartado recolle unha serie de preguntas relativas ao emprego actual como a relación cos estudos, a sobrecualificación, o tipo de contrato, a xornada laboral, o tempo de permanencia, ... abranguendo as preguntas P4-P9 do cuestionario. Finalmente, realízase unha análise da evolución entre o primeiro emprego e o emprego actual.

## **Competencias profesionais adquiridas**

Este apartado, desenvolvido a partir das respostas á pregunta P26, tenta determinar o desaxuste existente entre as habilidades adquiridas durante a formación universitaria, o actual nivel de competencias das persoas tituladas e aquelas demandadas no traballo actual.

## Características dos estudos

As preguntas P21-24 teñen por fin coñecer a aplicabilidade profesional da formación académica adquirida a través dos planos de estudo. Formuladas en modo aberto, solicitouse da persoa inquirida que indicara o complemento académico necesario para mellorar os programas da titulación cursada na Universidade de Vigo.

## Organización das persoas tituladas

Este apartado, desenvolvido a partir das preguntas P37-P42, realiza unha aproximación dos vínculos que deberían establecerse entre a Universidade de Vigo e as persoas tituladas co obxectivo de aproveitar a experiencia do antigo alumnado.

## Pregunta aberta

Deuse a posibilidade de que as persoas preguntadas puidesen deixar os seus comentarios sobre os aspectos relacionados coa enquisa.

## 3.3 POBOACIÓN E MOSTRA

Os cadros que se presentan a continuación mostran diferentes datos sobre a configuración da poboación obxecto deste estudo e a mostra finalmente recollida.

O seguinte cadro presenta a poboación total obxecto de estudo, separada por titulacións e xénero.

Titulación	Homes	Mulleres	Total
Diplomatura en Ciencias Empresariais	38,3	61,7	405
Diplomatura en Educación Social	13,5	86,5	133
Diplomatura en Enfermería	12,9	87,1	395
Diplomatura en Fisioterapia	11,2	88,8	98
Diplomatura en Relacións Laborais	22,0	78,0	100
Diplomatura en Traballo Social	9,8	90,2	102
Diplomatura en Turismo	19,2	80,8	73
Diplomatura en Xestión e Administración Pública	25,9	74,1	54
Enxeñaría de Minas	74,2	25,8	124
Enxeñaría Industrial	68,6	31,4	468
Enxeñaría de Telecomunicación	70,0	30,0	277
Enxeñaría Informática	53,0	47,0	66
Enxeñaría Técnica Agrícola	37,8	62,2	119
Enxeñaría Técnica en Telecomunicación	55,1	44,9	49

Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	71,4	28,6	196
Enxeñaría Técnica Forestal	51,3	48,8	80
Enxeñaría Técnica Industrial	72,0	28,0	400
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	41,7	58,3	372
Licenciatura en Belas Artes	25,5	74,5	200
Licenciatura en Bioloxía	24,0	76,0	125
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	25,6	74,4	43
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	54,6	45,4	119
Licenciatura en Ciencias do Mar	20,0	80,0	115
Licenciatura en Química	25,0	75,0	108
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	14,3	85,7	70
Licenciatura en Dereito Económico	31,8	68,2	129
Licenciatura en Dereito	31,0	69,0	158
Licenciatura en Economía	38,4	61,6	99
Licenciatura en Filoloxía Galega	52,9	47,1	17
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	14,3	85,7	28
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	17,6	82,4	51
Licenciatura en Física	45,7	54,3	35
Licenciatura en Historia	38,2	61,8	34
Licenciatura en Psicopedagogía	11,4	88,6	105
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	18,3	81,7	180
Licenciatura en Tradución e Interpretación	15,8	84,2	253
Diplomatura en Maxisterio	20,9	79,1	966
Mestrado Universitario en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria	40,0	60,0	10
Mestrado Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	46,2	53,8	39
Mestrado Universitario en Enerxía e Sustentabilidade	76,7	23,3	43
Mestrado Universitario en Enxeñaría Matemática	100	0,0	7
Mestrado Universitario en Estudos de Xénero	8,3	91,7	12
Mestrado Universitario en Física Aplicada	40,5	59,5	42
Mestrado Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser	66,7	33,3	15
Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais	54,3	45,7	35
Mestrado Universitario en Química Avanzada	22,2	77,8	9
Graduado Superior Sénior	36,4	63,6	11
Graduado Universitario en Ciencias Policiais	65,5	34,5	29
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	6,3	93,8	16
Graduado Universitario Sénior	33,3	66,7	63

No anexo A3 pode consultarse a distribución xeral da mostra recollida para este estudo por titulacións.

A continuación preséntase a distribución da mostra estudada por titulacións e xénero. A diferenza que aparece entre o valor total do cadro e os cuestionarios recollidos é debida a que no cadro non aparecen aquelas persoas anónimas que non indicaron o seu xénero.

Titulación	Homes	Mulleres	Total
Diplomatura en Ciencias Empresariais	24,5	75,5	53
Diplomatura en Educación Social	16,0	84,0	25
Diplomatura en Enfermería	10,2	89,8	59
Diplomatura en Fisioterapia	15,0	85,0	20
Diplomatura en Relacións Laborais	13,3	86,7	15
Diplomatura en Traballo Social	0,0	100,0	15
Diplomatura en Turismo	13,3	86,7	15
Diplomatura en Xestión e Administración Pública	16,7	83,3	12
Enxeñaría de Minas	74,1	25,9	27
Enxeñaría Industrial	69,7	30,3	109
Enxeñaría de Telecomunicación	68,9	31,1	45
Enxeñaría Informática	46,7	53,3	15
Enxeñaría Técnica Agrícola	41,2	58,8	17
Enxeñaría Técnica en Telecomunicación	50,0	50,0	8
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	76,5	23,5	17
Enxeñaría Técnica Forestal	53,3	46,7	13
Enxeñaría Técnica Industrial	61,2	38,8	67
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	40,3	57,9	72
Licenciatura en Belas Artes	23,3	67,7	30
Licenciatura en Bioloxía	21,9	78,1	32
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	12,5	87,5	8
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	66,7	33,3	18
Licenciatura en Ciencias do Mar	23,3	76,7	43
Licenciatura en Química	27,6	72,4	29
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	25,0	75,0	12
Licenciatura en Dereito Económico	11,8	88,2	17
Licenciatura en Dereito	21,7	78,3	23
Licenciatura en Economía	46,7	53,3	15
Licenciatura en Filoloxía Galega	100,0	0,0	2
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	0,0	100,0	8
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	30,8	69,2	13
Licenciatura en Física	33,3	66,7	6
Licenciatura en Historia	33,3	66,7	6
Licenciatura en Psicopedagogía	16,7	83,3	6
Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	17,5	82,5	40
Licenciatura en Tradución e Interpretación	16,4	83,6	61
Diplomatura en Maxisterio	18,7	81,3	123

Mestrado Universitario en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente	50,0	50,0	2
Mestrado Universitario en Dirección e Planeamento do Turismo	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Enerxía e Sustentabilidade	100,0	0,0	2
Mestrado Universitario en Estudos de Xénero	0,0	100,0	1
Mestrado Universitario en Física Aplicada	50,0	50,0	2
Mestrado Universitario en Prevención de Riscos Laborais	50,0	50,0	2
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	50,0	50,0	2
Graduado Universitario Sénior	100,0	0,0	1
Graduado Universitario en Ciencias Policiais	100,0	0,0	3
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	0,0	100,0	3

### 3.4 FICHA TÉCNICA

Ámbito: Universidade de Vigo.

Poboación: Persoas tituladas que finalizaron os estudos universitarios na Universidade de Vigo e obtiveron o título nos cursos académicos 2006 e 2007.

Mostra recollida: 1.158 cuestionarios.

Estratificación: Á hora de realizar as análises tivéronse en conta as seguintes variábeis de segmentación:

- Xénero
- Ámbitos académicos (ver cadro seguinte).

Titulacións que participan no estudo por ámbitos<sup>2</sup>

Arte e humanidades	Ciclo longo	Licenciatura en Belas Artes Licenciatura en Filoloxía Galega Licenciatura en Filoloxía Hispánica Licenciatura en Filoloxía Inglesa Licenciatura en Historia Licenciatura en Tradución e Interpretación
--------------------	-------------	---

<sup>2</sup> Clasificación segundo os criterios do Ministerio de Educación e Cultura (MEC).

Científico	Ciclo longo	Licenciatura en Bioloxía Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos Licenciatura en Ciencias do Mar Licenciatura en Química Licenciatura en Física
Ciencias da saúde	Ciclo curto	Diplomatura en Enfermaría Diplomatura en Fisioterapia
Tecnolóxico	Ciclo curto	Enxeñaría Técnica Industrial Enxeñaría Técnica Forestal Enxeñaría Técnica Agrícola Enxeñaría Técnica de Telecomunicación Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión
	Ciclo longo	Enxeñaría de Minas Enxeñaría en Informática Enxeñaría Industrial Enxeñaría de Telecomunicación
Xurídico-social	Ciclo curto	Diplomatura en Ciencias Empresariais Diplomatura en Educación Social Diplomatura en Maxisterio Diplomatura en Relacións Laborais Diplomatura en Traballo Social Diplomatura en Turismo Diplomatura en Xestión e Administración Pública
	Ciclo longo	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte Licenciatura en Comunicación Audiovisual Licenciatura en Dereito Licenciatura en Dereito Económico Licenciatura en Economía Licenciatura en Psicopedagogía Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas

Procedemento: Envío por correo electrónico e postal.

Erro: Para un nivel de confianza do 95%, e  $p=q$ , o erro real é de  $\pm 2,57\%$  para o conxunto da mostra e no suposto de mostraxe aleatoria simple<sup>3</sup>.

Datas de realización: de febreiro a setembro de 2012.

Fórmula de cálculo do erro mostral:

3) Por ámbitos académicos o erro mostral é de: arte e humanidades ( $\pm 7,92\%$ ), ciencias ( $\pm 7,77\%$ ), ciencias da saúde ( $\pm 9,61\%$ ), tecnolóxico ( $\pm 4,90\%$ ) e xurídico-social ( $\pm 4,06\%$ ).




$$e = \alpha_c * \sqrt{\frac{0,5^2}{n} * \frac{N-n}{N-1}}$$

Onde:

N = número de elementos da poboación real

n = número de elementos da mostra



## ANÁLISE DOS RESULTADOS DA ENQUISA

### 4.1 PERFIL DAS PERSOAS TITULADAS

#### 1. Xénero

A mostra está composta por un 65,0% de mulleres e un 35,0% de homes. Comparado coa proporción entre homes e mulleres existente no total da poboación (62,9% de mulleres contra 37,1% de homes), compróbase que a distribución por xénero na mostra axústase moito á distribución real na poboación.

Na distribución do xénero nas diferentes ramas de coñecemento (ver cadro seguinte) encontráronse diferenzas estatisticamente significativas. Desta maneira pódese ver que as titulacións do ámbito de ciencias da saúde (88,6%), arte e humanidades (79,5%) e científico (76,3%) son maioritariamente femininas fronte aos estudos do ámbito tecnolóxico que contan con maior presenza de homes (65,1%).

	Mostra	
	Mulleres	Homes
Arte e humanidades	79,5	20,5
Científico	76,3	23,7
Ciencias da saúde	88,6	11,4
Tecnolóxico	34,9	65,1
Xurídico-social	75,2	24,8

A distribución da mostra recollida por titulacións e xénero preséntase no segundo cadro do apartado 3.3 "Poboación e mostra" (páx. 23-24).

## 2. Residencia durante os estudos

Este apartado proporciona diferentes informacións sobre o lugar de residencia do estudantado durante os estudos (non necesariamente familiar). Cabe referir que non se preguntou pola morada no momento de realizar a enquisa, o que impide coñecer a fondo a mobilidade de traballo dos titulados/as. Ademais, a determinación deste aspecto non estaba entre os obxectivos deste estudo.

O seguinte cadro presenta a porcentaxe de persoas tituladas agrupadas polas provincias nas que se localizaba a súa residencia no momento en que estaban a cursar os seus estudos na Universidade de Vigo<sup>4</sup>.

Provincia	%
Pontevedra	56,0
Ourense	20,1
Coruña, A	10,2
Lugo	4,9
Asturias	1,0
León	0,7
Madrid	0,4
Bizcaia	0,3
Zamora	0,3
Cantabria	0,2
Gipuzkoa	0,2
Valencia	0,2
Badajoz	0,1
Barcelona	0,1
Castellón	0,1
Córdoba	0,1
Las Palmas de Gran Canaria	0,1
Murcia	0,1
Salamanca	0,1
Sevilla	0,1
Teruel	0,1
Zaragoza	0,1
Ns/Nr	4,7

Como se pode comprobar, máis de nove de cada dez persoas tituladas (91,2%) que responderon á enquisa eran orixinarias das provincias galegas. Máis de tres cuartas partes (76,1%) residían nas provincias nas que se emprazan os tres campus da Universidade de Vigo (Ourense, Pontevedra e Vigo).

<sup>4</sup> Estes datos foron facilitados pola Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade da Universidade de Vigo.

Por comunidades autónomas a distribución é a seguinte: Castilla y León (1,1%), Asturias (1,0%), País Vasco (0,5%), Madrid (0,4%), Comunidade Valenciana (0,2%), Andalucía, Aragón e Cantabria (0,2%), Canarias, Cataluña, Extremadura e Región de Murcia (0,1%).

No anexo A4 móstrase a distribución de frecuencias das persoas tituladas inquiridas en función do concello onde residían durante os estudos. Como se pode comprobar, os principais municipios de residencia dos titulados/as durante os seus estudos foron: Vigo (25,6%), Ourense (10,9%), Pontevedra (5,9%), A Coruña (2,5%), Redondela (1,8%), Ponteareas (1,6%), Marín e Santiago de Compostela (1,5%). Estes municipios concentran máis da metade das persoas interrogadas (51,3%).

### 3. Persoas tituladas que traballan fóra de Galicia

As persoas tituladas que na actualidade traballan fóra de Galicia representan o 5,9% das persoas inquiridas. Neste colectivo existen dous grupos diferenciados: aqueles que traballan noutros territorios do Estado (72,5%) e os que o fan en países estranxeiros (27,5%).

Os territorios españois nos que na actualidade traballan os titulados/as que realizaron os seus estudos na Universidade de Vigo e que responderon a esta enquisa son:

Comunidade Autónoma	%
Madrid	29,2
Cataluña	14,6
Asturias	14,6
Castilla y León	10,4
Comunidade Valenciana	8,3
Castilla-La Mancha	6,3
Andalucía	4,2
Aragón	4,2
Illas Canarias	4,2
País Vasco	2,1
Cantabria	2,1

Compróbase que existe unha dispersión xeográfica semellante a cando se facía referencia á residencia durante os estudos. Isto pode ser interpretado de dúas maneiras. En primeiro lugar, que determinadas titulacións da Universidade de Vigo captan alumnado doutros territorios (especialmente Ciencias do Mar ou Enxeñaría de Minas). Por outro lado, no sentido inverso, é un indicador tanto da maior mobilidade xeográfica que supón ter unha titulación universitaria (que é maior que noutros niveis educativos) como dunha consecuencia do movemento emigratorio derivado do ciclo económico de crise en termos de desemprego dos últimos anos.

Os países estranxeiros nos que traballan os titulados/as inquiridos son:

País	%
Alemaña	20,0
Francia	15,0
Reino Unido	15,0
Portugal	10,0
Italia	10,0
Irlanda	10,0
Suíza	10,0
India	10,0
Singapur	10,0

É posíbel que o número real de persoas que traballan fóra de Galicia, ben en territorios españois, ben no estranxeiro, sexa maior dada a dificultade de contactar con elas para a realización desta enquisa.

#### 4. Ámbitos de coñecemento

A mostra que respondeu este cuestionario distribúese por ámbitos de coñecemento do seguinte modo.

Os estudos con maior representación son as titulacións do ámbito xurídico-social co 42,9% das respostas. En segundo lugar, cunha porcentaxe menor, mais tamén importante, están as respostas dos titulados/as do ámbito tecnolóxico (28,7%). A continuación, aparecen as titulacións do ámbito de arte e humanidades e científico, con porcentaxes de resposta de 10,6% e 10,4%, respectivamente. Finalmente, cunha porcentaxe moi reducida, xa que se trata de dúas titulacións, áchanse os estudos do ámbito das ciencias da saúde (7,5%).

Esta distribución representa de forma bastante aproximada a distribución real da poboación entre estes mesmos ámbitos académicos.

	Distribución da poboación	Distribución da mostra
Arte e humanidades	8,8	10,6
Científico	7,2	10,4
Ciencia da saúde	7,3	7,5
Tecnolóxico	28,1	28,7
Xurídico-social	48,3	42,9

Como se pode observar, a menor proporción que na mostra posúen as titulacións do ámbito xurídico-social está “compensada” pola maior proporción das titulacións científicas e do ámbito de arte e humanidades.

## 5. Duración dos estudos

A duración media dos estudos en anos é de 5,38 e unha desviación típica de 2,146.

Ao comparar esta variábel por xénero aparecen diferenzas significativas, no sentido de que os homes (6,07) demoran máis que as mulleres (4,98) en finalizar os seus estudos.

Relativamente ás diferenzas por ámbitos de ensino, cabe ter en conta a diferente duración das titulacións incluídas en cada unha destas categorías. Así pois, todas as titulacións incluídas dentro do ámbito de ciencias da saúde son de ciclo curto (diplomaturas), mentres que a totalidade das titulacións de arte e humanidades son de ciclo longo (licenciaturas). Os ámbitos tecnolóxico e xurídico-social inclúen titulacións de ciclos longos e curtos.

Tendo en conta estes datos, as persoas tituladas do ámbito das ciencias da saúde son as que acabaron os seus estudos máis rápido (3,17 anos). Aquelas dos ámbitos tecnolóxico (6,78 anos) e científico (6,25) son as que máis tardaron. Finalmente, as persoas tituladas do ámbito de arte e humanidades (con titulacións de ciclo longo) tardaron máis (5,58 anos) que as do ámbito xurídico-social (4,57 anos).

O anexo A5 mostra a distribución dos anos de estudo nas diferentes titulacións.

## 4.2 ACTIVIDADES DURANTE OS ANOS DE ESTUDO UNIVERSITARIOS

A continuación, preséntase a información recollida nesta enquisa referida á realización de prácticas en empresas, institucións ou similares durante os estudos, a participación en programas de mobilidade internacional, a realización de prácticas en empresas no estranxeiro, a docencia recibida en lingua estranxeira e as competencias lingüísticas desenvolvidas en galego e en linguas estranxeiras.

### 1. Realización de prácticas en empresas/institucións

En total, o 55,5% das persoas inquiridas sinalaron a realización de prácticas en empresas/institucións ou similares durante os seus estudos na Universidade de Vigo (o 44,7% de homes contra o 61,5% de mulleres).

Por ámbitos de coñecemento, existen grandes diferenzas, sendo superior entre as persoas tituladas dos ámbitos das ciencias da saúde (91,9%), xurídico-social (67,2%) e científico (59,8%) que nos ámbitos de arte e humanidades (18,0%) e tecnolóxico (41,4%).

O anexo A6 reflicte a distribución de frecuencias de realización de prácticas en empresas ou institucións por titulacións. Tal como se pode comprobar, existen grandes diferenzas. Realizaron

prácticas en empresas durante os seus estudos máis de oito de cada dez estudantes das seguintes titulacións: Enxeñaría de Minas (81,5%), Fisioterapia (85,7%), Turismo (86,7%), Ciencias Empresariais (88,9%), Traballo Social (93,3%), Enfermaría (93,8%) e Educación Social (96,3%). Ao contrario, realizou prácticas menos dun terzo do estudiantado de Filoloxía Inglesa (7,7%), Tradución e Interpretación (16,4%), Física e Historia (16,7% ambas), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (17,6%), Enxeñaría de Telecomunicación (27,7%) e Comunicación Audiovisual, Economía e Química (33,3%).

## **2. Participación en programas de mobilidade internacional**

Neste apartado móstrase a participación das persoas tituladas da Universidade de Vigo en programas de mobilidade internacional. A oferta dos distintos programas de intercambio de formación de estudantes na Universidade de Vigo está formada por: Programa Erasmus, bolsas de intercambio propias (programa Convenio bilateral), programa ISEP (programa de mobilidade con universidades dos EUA), lectorados e bolsas do MAEC-AECID, programa Vulcanus e bolsas FARO GLOBAL (prácticas formativas) e ARGO (formación complementaria).

En primeiro lugar, o 17,2% das persoas tituladas da Universidade de Vigo participaron nestes programas de mobilidade internacional, sendo levemente superior a porcentaxe de homes (20,3%) que de mulleres (16,3%).

Por rama de coñecemento, as titulacións con maior porcentaxe de participación son as de arte e humanidades (45,9%). A maior distancia sitúanse os titulados/as do ámbito tecnolóxico (21,5%), científico (14,2%) e xurídico-social (10,5%). Só un 2,3% dos titulados/as do ámbito das ciencias da saúde participaron nestes programas do 2,3%.

O anexo A7 reflicte as grandes diferenzas existentes na proporción de participación dos titulados/as nos programas de mobilidade internacional en función da titulación cursada. Presentan unha maior participación neste tipo de programas os titulados/as de Filoloxía Inglesa (61,5%) e de Tradución e Interpretación (57,4%). Seguidamente, áchanse os titulados/as de Comunicación Audiovisual (41,7%), Enxeñaría de Telecomunicación (34,0%), Enxeñaría de Minas e Turismo (33,3%). Polo contrario, non participou ningunha persoa titulada de Ciencias de Actividade Física e do Deporte, Enxeñaría Técnica Forestal, Física, Fisioterapia, Historia, Psicopedagogía, Relacións Laborais, Traballo Social e Xestión e Administración Pública. As porcentaxes máis baixas de participación situáronse en Maxisterio (2,3%), Enfermaría (3,1%), Dereito (3,8%), Economía (6,7%) e Bioloxía (9,4%).

## **3. Realización de prácticas en empresas no estranxeiro**

En relación coa posibilidade de realizar prácticas en empresas do estranxeiro, un 8,1% considerou que a Universidade de Vigo facilitou esta opción contra o 55,0% que opinou o contrario. Un 36,9% non respondeu a esta cuestión.

Por xénero, a proporción de mulleres que consideran que se facilitaba a realización deste tipo de prácticas (8,3%) é levemente superior á expresada polos homes (6,9%).

Por ámbitos académicos, a maior proporción deuse nas titulacións pertencentes á rama de ciencias da saúde (14,0%) e xurídico-social (9,3%) contra as pertencentes ao ámbito de arte e humanidades (4,9%), científico (5,8%) e tecnolóxico (6,6%).

## 4. Competencias lingüísticas desenvolvidas

### 4.1 Coñecementos de galego

A seguir, móstranse os resultados relacionados co nivel de coñecemento da lingua galega que manifestaron ter as persoas inquiridas. As competencias valoráronse nunha escala de cinco puntos que vai de 1 (nada/ningún coñecemento) a 5 (moito/coñecemento excelente).

O grao de coñecemento do galego por frecuencias foi de ningún coñecemento no 3,9% dos casos, algún coñecemento no 4,7%, medio no 13,0%, bo no 29,5% e excelente no 49,0%. Isto supón que o 96,1% dos inquiridos ten polo menos algún coñecemento de galego.

Comparando por xénero, non se encontraron diferenzas estatisticamente significativas ( $p=0,202$ ), tal como se pode comprobar no seguinte cadro:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	4,0	5,1	11,7	34,9	44,3
Muller	4,1	4,5	13,3	26,7	51,4

Ao analizar a media dos coñecementos do galego agrupando os resultados por ramas de coñecemento, non se encontraron diferenzas estatisticamente significativas.

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	3,5	3,5	9,6	30,7	52,6
Científico	2,8	7,5	19,6	20,6	49,5
Ciencias da saúde	9,9	1,2	8,6	28,4	51,9
Tecnolóxico	3,7	5,1	13,9	31,5	45,8
Xurídico-social	3,3	4,7	12,4	30,2	49,4

Ao analizar a contribución da formación recibida na Universidade de Vigo no coñecemento do galego, un terzo das persoas interrogadas (33,4%), respondeu que foi nula, o 18,0% que contribuíu pouco, 20,5% algo, 13,8% bastante e para o 14,4% moito.

Por xénero, existen diferenzas estatisticamente significativas, tal como se pode comprobar na seguinte gráfica:



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Home	40,1	19,3	19,6	12,0	9,0
Muller	29,8	17,1	21,2	14,5	17,4

En xeral, as mulleres achan que a contribución da súa formación universitaria en lingua galega<sup>5</sup> é superior á dos homes (53,1% contra 40,6%).

Por ámbitos, a contribución das titulacións da Universidade de Vigo no coñecemento do galego seguiu a seguinte distribución:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	14,8	10,4	14,8	21,7	38,3
Científico	37,7	19,3	20,2	14,9	7,9
Ciencias da Saúde	42,7	11,0	13,4	15,9	17,1
Tecnolóxico	47,2	21,2	16,0	9,4	6,2
Xurídico-social	26,0	18,6	26,3	14,0	15,1

Como se pode comprobar, existen diferenzas estatisticamente significativas na valoración da contribución da formación recibida na Universidade de Vigo que os titulados/as realizan en función da rama de coñecemento na que se encadra a súa titulación. O nivel de contribución das carreiras dos ámbitos tecnolóxico (31,6%), científico (43,0%) e ciencias da saúde (46,4%) é menor que as das ramas de arte e humanidades (74,8%) e xurídico-social (55,4%),

## 4.2 Docencia recibida en lingua estranxeira

Os titulados/as foron preguntados sobre a docencia recibida en lingua estranxeira durante os seus estudos na Universidade de Vigo. No total, recibiron docencia en lingua estranxeira case un terzo das persoas interrogadas (32,2%).

Existen diferenzas estatisticamente significativas por ramas de coñecemento. Así, o nivel de docencia en lingua estranxeira dos titulados/as dos ámbitos de arte e humanidades é superior ao resto de agrupacións de titulacións (66,4%). As titulacións do ámbito xurídico-social e tecnolóxico presentan niveis do 38,9% e 23,6%, respectivamente. Finalmente, as titulacións científicas e das ciencias da saúde presentan os niveis máis baixos cunhas porcentaxes de 10,0% e 10,5% respectivamente.

O anexo A8 mostra a distribución deste ítem nas titulacións analizadas.

## 4.3 Coñecementos de linguas estranxeiras

A continuación, analízanse os resultados recollidos para inglés, alemán e francés. Como no apartado 1 desta epígrafe, os coñecementos destas linguas foron valorados nunha escala

<sup>5</sup> Suma das respostas algo, bastante e moito.

de cinco puntos que vai desde o 1 (nada/ningún coñecemento) até 5 (moito/ coñecemento excelente).

### 4.3.1 Coñecementos de inglés

Posúen coñecementos de inglés o 93,9% das persoas inquiridas. O 6,1% carece de calquera coñecemento desta lingua de uso global, o 16,3% ten algún coñecemento, o 37,1% un coñecemento medio, o 26,5% bo e o 14,0% excelente.

O seguinte cadro mostra o nivel de coñecemento do inglés por xénero:

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	5,6	16,1	37,3	26,8	14,1
Muller	6,4	15,5	37,1	26,5	14,5

De seguido, preséntanse as diferenzas de coñecementos da lingua inglesa por ámbitos. Neste caso, tamén se encontraron diferenzas estatisticamente significativas (suma de coñecemento bo e excelente). Por un lado, as titulacións do ámbito de arte e humanidades (68,4%) presentan uns niveis de inglés superiores ao tecnolóxico (48,7%) e científico (48,1%). Finalmente, os titulados/as da rama de ciencias da saúde (25,9%) e xurídico-social (28,9%) presentan uns niveis de coñecementos de inglés inferiores aos dos outras ámbitos.

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	2,9	9,0	19,8	33,3	35,1
Científico	1,8	6,4	43,6	33,6	14,5
Ciencias da Saúde	8,6	14,8	50,6	18,5	7,4
Tecnolóxico	3,0	13,3	35,0	33,7	15,0
Xurídico-social	9,6	22,8	38,7	19,7	9,2

En relación coa contribución dos estudos universitarios á melloría dos coñecementos de inglés, a maioría (54,7%) respondeu que foi nulo, o 16,3% que foi pouco, o 37,1% que contribuíu en algo, o 26,5% bastante e o 14,0% moito.

O seguinte cadro mostra a contribución da carreira universitaria na mellora do nivel de coñecemento de inglés por xénero ( $p < 0,05$ ):

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Home	57,5	24,4	13,2	3,3	1,6
Muller	52,4	23,7	12,9	5,8	5,2

Por ámbitos de coñecemento, existen diferenzas estatisticamente significativas. Como se pode comprobar no seguinte cadro, as titulacións de arte e humanidades son as que máis contribuíron á mellora dos coñecementos de inglés (41,1%) contra o 8,7% do ámbito científico, o 5,5% do xurídico-social, o 3,2% do tecnolóxico e o 1,2% do das ciencias da saúde.

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	21,4	17,0	20,5	17,0	24,1
Científico	43,5	27,0	20,9	7,0	1,7
Ciencias da saúde	75,9	18,1	4,8	1,2	0,0
Tecnolóxico	59,9	26,9	9,9	2,2	1,0
Xurídico-social	58,3	24,3	11,8	3,5	2,0

#### 4.3.2 Coñecementos de francés

Tal como se pode comprobar, o nivel de coñecemento global de francés é baixo. Posúen algún coñecemento de francés o 22,3% das persoas inquiridas (5,9% excelente, 6,6% bastante e 9,8% medio). A maioría (59,4%) non ten ningún coñecemento e un 18,4% referiu ter algún coñecemento.

Por xénero, encontráronse diferenzas estatisticamente significativas, sendo maior a porcentaxe de mulleres con algún coñecemento do francés (44,6%) que de homes (34,1%).

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	65,9	17,6	7,6	5,6	3,2
Muller	55,4	18,6	11,1	7,5	7,5

O seguinte cadro presenta o nivel de coñecemento de francés por ámbitos. Neste caso tamén se encontraron relacións de significancia estatística. As persoas tituladas do ámbito de arte e humanidades (66,4%) teñen un nivel de coñecementos de francés superior aos do ámbito tecnolóxico (34,0%), científico (35,8%), xurídico-social (38,9%) e ciencias da saúde (44,4%).

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	33,6	15,5	10,0	17,3	23,6
Científico	64,2	14,2	9,4	4,7	7,5
Ciencias da saúde	55,6	24,7	12,3	6,2	1,2
Tecnolóxico	66,0	17,5	7,4	5,6	3,5
Xurídico-social	61,1	19,5	11,0	5,0	3,4

No tocante á contribución da formación universitaria á mellora dos coñecementos de francés, o 86,6% respondeu que foi nula. Un 5,6% recoñeceu que foi pouca, un 3,0% que contribuíu en algo, un 2,6% bastante e un 2,2% moito.

Por ámbitos, existen diferenzas de significancia estatística. Cabe destacar, tal como se mostra no seguinte cadro, que a metade dos titulados/as da rama de arte e humanidades recoñeceu que o seu paso pola Universidade de Vigo contribuíu nalgún grao na melloría dos seus coñecementos de francés. No resto de ámbitos, predomina a contribución nula en porcentaxes que van do 86,0% no ámbito xurídico-social ao 97,7% no tecnolóxico.

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	50,0	9,8	14,3	13,4	12,5
Científico	89,5	6,1	1,8	1,8	0,9
Ciencias da Saúde	95,1	3,7	0,0	1,2	0,0
Tecnolóxico	97,7	1,0	1,0	0,0	0,3
Xurídico-social	86,0	7,9	2,5	2,0	1,6

### 4.3.3 Coñecementos de alemán

A última lingua estranxeira analizada de maneira separada foi o alemán. O nivel de coñecemento desta lingua é moi baixo (13,7%). O 7,5% manifestou posuír algún coñecemento, o 3,2% un coñecemento medio, o 1,4% bo e o 1,7% cualificouno de excelente.

A seguir, preséntase o grao de coñecemento de alemán por xénero, non existindo diferenzas estatisticamente significativas.

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Home	86,6	8,3	2,1	1,2	1,8
Muller	85,4	7,4	3,9	1,6	1,7

De seguido, móstrase o nivel de coñecemento de alemán en función dos ámbitos. Neste caso encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ( $p < 0,05$ ). O nivel de coñecemento das persoas tituladas de arte e humanidades (25,5%) é superior ao resto de agrupacións de titulacións (o 15,8% do ámbito tecnolóxico, o 14,0% do científico, o 10,8% do xurídico-social e o 6,2% no de ciencias da saúde).

	Ningún	Algún	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	74,5	15,1	3,8	5,7	0,9
Científico	86,0	5,6	2,8	1,9	3,7
Ciencias da saúde	93,8	2,5	2,5	0,0	1,2
Tecnolóxico	84,2	9,4	3,8	1,4	1,0
Xurídico-social	89,2	5,6	2,8	0,5	1,9

No tocante á contribución da formación universitaria na mellora dos coñecementos de alemán, esta afectou ao 9,5% das persoas inquiridas (4,6% un pouco, 1,8% algo, 1,3% bastante e 0,7% moito) contra o 91,5%.

A contribución das titulacións á mellora dos coñecementos de alemán por ámbitos académicos tamén presenta diferenzas estatisticamente significativas, sendo superior, igualmente, entre os titulados/as da rama de arte e humanidades (22,9%) contra os das ciencias da saúde (3,7%), do ámbito tecnolóxico (4,7%), do xurídico-social (9,2%) e do científico (9,7%).

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Arte e humanidades	77,1	12,4	5,7	3,8	1,0
Científico	90,3	4,4	3,5	0,9	0,9
Ciencias da saúde	96,3	2,4	0,0	0,0	1,2
Tecnolóxico	95,3	2,7	0,7	1,0	0,3
Xurídico-social	91,8	4,5	1,6	1,4	0,7

#### 4.3.4 Coñecementos doutras linguas

Até un 13,9% das persoas inquiridas referiron ter coñecemento doutra/s lingua/s. O seguinte cadro mostra as diferentes linguas citadas así como a súa distribución porcentual:

LINGUA	%
Portugués	50,5
Catalán	28,6
Italiano	24,4
Chinés	4,4
Vasco	2,5
Polaco	1,9
Xaponés	1,9
Árabe	1,9
Neerlandés	1,3
Ruso	1,3
Sueco	0,6
Romanés	0,6
Noruegués	0,6
Checo	0,6

A continuación, analízase pormenorizadamente a situación do portugués, italiano<sup>6</sup> e catalán.

##### *Coñecementos de portugués*

O nivel de coñecemento do portugués é moi alto entre as persoas que declararon coñecer esta lingua, xa que tan só o 5,3% declarou non ter ningún coñecemento desta lingua. O grao de coñecemento é excelente no 14,9% dos casos, bo no 17,6%, medio no 39,2% e, finalmente, algún no 23,0%.

A contribución dos estudos universitarios na mellora de coñecementos desta lingua, moi próxima á galega, cífrase no 48,6% (12,9% moito, 5,7% bastante, 12,9% algo e 10,0% pouco).

6) O peso específico destas dúas linguas está asociado ao feito de que as universidades de Italia e Portugal son os principais destinos do alumnado da Universidade de Vigo que participou en programas de mobilidade internacional (17,9% e 8,6%, respectivamente), tal como refire o estudo A experiencia académica do alumnado da Universidade de Vigo en programas de mobilidade internacional (2010) (cf. Bibliografía).

O 51,4% referiu que a contribución da carreira no coñecemento do portugués foi nula.

#### *Coñecementos de italiano*

O grao de coñecemento desta lingua é excelente e bo para a maioría de persoas entrevistadas (29,4% en ambos os casos), medio para o 23,5% e algún para o 2,9%. Un 14,7% referiu non ter ningún coñecemento.

A contribución da titulación na mellora dos coñecementos de italiano é do 61,8% (8,8% moito, 11,8% bastante, 14,7% algo e 2,9% pouco). No 38,2% restante, a contribución da Universidade de Vigo foi nula.

#### *Coñecementos de catalán*

O 90,9% das persoas que declararon ter coñecementos desta lingua presentan algún grao de dominio (18,2% excelente, 9,1% bo, 22,7% medio e 40,9% algún).

A contribución da formación universitaria no coñecemento do catalán foi do 18,1% para as persoas interrogadas (9,1% moito, 4,5% bastante e 4,5% algo).

### **4.3 ORIENTACIÓN PARA O EMPREGO**

A Universidade de Vigo leva desenvolvendo desde hai anos diferentes iniciativas de formación e información sobre o mercado de traballo, tales como o Foro Tecnolóxico de Emprego ou o Forumemprego Universitario.

Na enquisa aplicada neste estudo non só se preguntou pola participación neste tipo de iniciativas, senón tamén se valorou o grao de implicación nestas actividades, diferenciando a participación da persoa titulada en calidade de organizadora ou de asistente.

#### **1. Participación nos foros empresariais de procura de emprego**

En total, a maioría dos titulados/as (62,2%) recoñeceu non ter participado neste tipo de iniciativas. Unha terceira parte (33,0%) manifestou ter participado como asistente e un 2,4% na organización. O 2,4% das persoas inquiridas non responderon a esta pregunta.

Por xénero, os homes presentan, en xeral, unha maior participación que as mulleres, tanto como asistentes (37,3% contra 30,8%) como en calidade de organizadores (3,9% contra 1,5%).

Por ámbitos de coñecemento, existen grandes diferenzas no grao de participación, sendo maior entre os titulados/as dos ámbitos tecnolóxico (o 46,2% como asistente e o 5,7% como organizador), científico (o 37,5% como asistente e o 1,7% como organizador) e xurídico-social (o 33% como asistente e o 1,4% como organizador). O menor nivel de participación, como asistentes, rexistrouse entre os titulados/as de arte e humanidades (13,9%) e de ciencias da saúde (0,8%). Nestes dous ámbitos ningún entrevistado manifestou ter participado como organizador.

## 2. Valoración das iniciativas de procura de emprego

Entre as persoas que participaron nalgún dos foros empresariais de procura de emprego, a opinión predominante é que a experiencia resultou moi útil (47,6%). Un 46,9% valorou estas iniciativas como pouco útiles para a súa inserción no mercado de traballo e un 5,5% como nada útil.

Por xéneros, achán que se trata de iniciativas moi útiles para a inserción laboral o 50,9% de homes e o 47,3% de mulleres; son pouco útiles para o 45,3% de homes e o 47,7% de mulleres e, finalmente, nada útiles para o 3,7% de homes e o 4,9% de mulleres.

Tal como se reflicte no seguinte cadro, conséntanse diferenzas significativas entre os ámbitos de coñecemento en relación coa valoración das iniciativas levadas a cabo pola Universidade de Vigo para formar e informar sobre a procura de emprego. A valoración predominante nos ámbitos científico (66,7%), de arte e humanidades (57,2%) e xurídico-social (49,4%) é que se trata de iniciativas pouco útiles para a inserción laboral. Polo contrario, para a maioría das persoas tituladas da rama tecnolóxica (60,0%), estas iniciativas resultaron moi útiles contra o 27,1% da rama científica, o 33,3% da de arte e humanidades e o 44,3% da xurídico-social.

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico social
Moi útil	33,3	27,1	20,0	60,0	44,3
Pouco útil	57,2	66,7	60,0	36,5	49,4
Nada útil	9,5	6,3	20,0	3,5	6,3

## 3. Participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego

Neste estudo pescudouse sobre o tipo de actividade principal que motivou a participación ou uso dos servizos da Oficina de Emprego da Universidade de Vigo.

A primeira conclusión que se pode tirar deste pregunta é que a maioría das persoas interrogadas (58,1%) nunca utilizaron os servizos da Oficina de Emprego durante a súa estancia na Universidade de Vigo. Un 9,5% non respondeu a este ítem. En consecuencia, case un terzo (32,4%) das persoas tituladas recorreron aos servizos ofrecidos pola Oficina de

Emprego durante a realización dos seus estudos.

A busca de información sobre ofertas de emprego (45,1%) foi o motivo principal polo que os titulados/as inquiridos participaron nalgunha das actividades organizadas pola Oficina de Emprego durante os seus estudos, seguido do asesoramento en materia de prácticas preprofesionais (30,0%) e a participación en talleres, seminarios, charlas-conferencias... (20,9%). Pedir información sobre emprendemento motivou o 4,0% dos casos.

Por xénero, a participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego foi maior entre os homes (36,7%) que as mulleres (30,5%). Manifestaron non ter utilizado nunca os seus servizos o 59,2% de mulleres e o 55,8% de homes. O seguinte cadro reflicte os principais motivos que motivaron a homes e mulleres a utilizar os servizos da Oficina de Emprego.

	Homes	Mulleres
Información sobre ofertas de emprego	48,5	41,6
Prácticas preprofesionais	31,5	30,3
Talleres, seminarios, charlas-conferencias	16,8	23,1
Asesoramento para o emprendemento	2,8	5,0

Por ámbitos, a maior participación en actividades organizadas pola Oficina de Emprego prodúcese no científico (48,3%) e o tecnolóxico (46,3%) contra o rexistrado nas titulacións pertencentes á rama das ciencias da saúde (4,7%), arte e humanidades (23,7%) e xurídico-social (29,8%).

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico social
Información sobre ofertas de emprego	55,2	35,7	75,0	47,1	44,9
Prácticas preprofesionais	10,3	42,8	0,0	30,9	29,3
Talleres, seminarios, charlas-conferencias	20,7	21,4	25,0	19,1	22,4
Asesoramento para o emprendemento	13,8	3,6	0,0	2,9	3,4
Nunca a utilizou	69,7	36,7	88,4	52,6	59,1
NS/NR	6,6	15,0	7,0	6,3	11,1

Como se pode comprobar no cadro anterior, o servizo de información sobre ofertas de emprego foi o principal motivo de uso da Oficina de Emprego por parte dos titulados/as de arte e humanidades (55,2%), do ámbito tecnolóxico (47,1%) e xurídico-social (44,9%). O servizo de información sobre as prácticas preprofesionais foi o principal motivo entre as persoas tituladas da rama científica (42,8%), seguido da tecnolóxica (30,9%) e do ámbito xurídico-social (29,3%). Unha proporción notábel de titulados/as de arte e humanidades (13,8%) pediron asesoramento sobre emprendemento.



## 4.4 FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Este apartado analiza os principais resultados sobre o estudo da formación posterior á obtención do título universitario que o mercado de traballo lles exige cada vez máis ás persoas tituladas para demostrar a súa especialización, teórica e práctica.

### 1. Realización da formación complementaria

O 72,9% dos inquiridos/as realizaron algún tipo de formación complementaria unha vez acabados os estudos, sendo maior a proporción de mulleres (75,4%) que de homes (68,6%).

Ao comparar a realización de formación complementaria entre ámbitos académicos, compróbase que foi maior entre os titulados/as da rama científica (88,0%) e de arte e humanidades (81,1%) que nos ámbitos xurídico-social (69,6%), de ciencias da saúde (69,8%) e tecnolóxica (71,3%).

Por titulacións, realizaron algunha formación complementaria a totalidade dos titulados/as inquiridos das licenciaturas de Filoloxía Hispánica e Física. Sitúanse a continuación os titulados/as de Economía (93,3%), Comunicación Audiovisual (91,7%), Ciencias do Mar (88,4%) e Bioloxía e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (87,5%). As menores porcentaxes rexístranse entre os enxeñeiros/as informáticos (37,5%) e os licenciados/as en Filoloxía Galega e Psicopedagogía (50,0%), Dereito Económico (52,6%) e Traballo Social (60,0%). O anexo A9 mostra as porcentaxes desta variábel por titulacións.

### 2. Tipo de formación complementaria

Neste apartado analízanse as modalidades de formación complementaria escollidas polos titulados/as da Universidade de Vigo. As porcentaxes non necesariamente suman o 100% xa que esta pregunta era de resposta múltipla.

Como se pode comprobar no seguinte cadro (resultados expresados en %), o tipo de formación máis estendida foron os mestrados (48,9%) seguidos, cun 39,6%, dos cursos de especialización. En terceiro lugar sitúanse os cursos de formación continuada dirixidos a persoas traballadoras (28,2%).

	Total	Homes	Mulleres
Outra titulación universitaria	19,7	17,2	21,1
Estudios de doutoramento	11,3	15,0	10,1
Mestrados	48,9	49,8	49,4
Cursos de especialización	39,6	43,1	38,0

Cursos de formación continuada (dirixidos a persoas traballadoras)	28,2	24,3	24,8
Cursos de formación superior (non se exige titulación académica)	5,4	4,1	5,7
Cursos de formación profesional ocupacional (dirixidos a desempregados/as)	9,5	7,5	10,5
Cursos de formación profesional	8,1	7,5	8,1

Por xénero, destaca a maior proporción de mulleres que realizaron outra titulación universitaria así como a maior porcentaxe de homes que seguiron cursos de doutoramento e de especialización.

De seguido, preséntase a distribución porcentual desta variábel por ámbitos de coñecemento:

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico social
Outra titulación universitaria	15,2	8,8	11,7	14,0	29,7
Estudos de doutoramento	20,2	28,4	0,0	9,7	5,8
Mestrados	47,5	76,5	25,0	55,5	40,7
Cursos de especialización	48,5	27,5	35,0	44,9	37,8
Cursos de formación continuada (dirixidos a traballadores)	24,2	14,7	75,0	27,5	25,6
Cursos de formación superior (non se exige titulación académica)	4,0	9,8	3,3	3,8	5,8
Cursos de formación profesional ocupacional (dirixidos a desempregados/as)	12,1	6,9	0,0	11,0	10,2
Cursos de formación profesional	13,1	3,9	3,3	7,2	9,3

Como se pode observar no cadro anterior, a realización de mestrados é a tipoloxía de formación complementaria máis elixida polas persoas tituladas do ámbito científico (76,5%), tecnolóxico (55,5%) e xurídico-social (40,7%). Os cursos de especialización foron a primeira opción nas titulacións da rama de arte e humanidades (48,5%) e tecnolóxica (44,9%). Os cursos de formación continuada foron a opción máis escollida polos titulados/as de ciencias da saúde (75,0%) e por aproximadamente unha cuarta parte dos da rama tecnolóxica, xurídico-social e arte e humanidades. É significativa a maior proporción de titulados/as do ámbito xurídico-social que realizaron outra titulación universitaria (29,7%).

Pola súa importancia cualitativa, no anexo A10 aparece tabulada, por titulacións, a proporción de persoas inquiridas que realizaron outra titulación. O anexo A11 reflicte as titulacións cursadas en segundo lugar.

De resto, polo seu interese, o anexo A12 mostra tamén por titulacións, a proporción de persoas entrevistadas que cursaron cursos de doutoramento.

### 3. Contidos da formación complementaria

A enquisa inclúe unha pregunta cunhas opcións xenéricas (de resposta múltipla) sobre o tipo de contidos da formación complementaria, que permiten extraer unha información xeral moi interesante.

Deste xeito, o 62,5% dos contidos da formación complementaria realizada polas persoas tituladas despois da carreira está relacionada con contidos específicos da súa titulación. Os idiomas supuxeron o 54,6% e a informática o 47,3%. Un 21,4% da formación está relacionada con outros contidos.

Existen diferenzas considerábeis nas respostas dadas por homes e mulleres, tal como se pode ver no seguinte cadro (resultados expresados en %):

	Homes	Mulleres
Contidos de informática	56,2	43,7
Contidos de idiomas	51,3	56,3
Contidos específicos da titulación	58,4	65,5
Outros contidos	21,0	20,9

Por ámbitos, cabe destacar, en primeiro lugar, a maior proporción de persoas cunha titulación da rama tecnolóxica que elixiron unha formación complementaria relacionada con idiomas (61,9%) e con informática (54,7%). Con respecto aos contidos específicos da titulación, as porcentaxes máis altas rexístranse entre os titulados/as de ciencias da saúde (90,0%) e do ámbito xurídico-social (67,4%). Finalmente, os titulados/as da rama de arte e humanidades presentan a maior proporción de formación complementaria noutros contidos (33,3%).

	Arte e humanidades	Científica	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Contidos de informática	45,5	38,2	25,0	54,7	49,4
Contidos de idiomas	51,5	59,8	33,3	61,9	52,6
Contidos específicos da titulación	53,5	59,8	90,0	53,4	67,4
Outros contidos	33,3	16,7	11,7	25,8	18,0

#### 4. Motivación da formación complementaria

No cuestionario tamén se preguntou pola principal motivación que levou aos titulados/as da Universidade de Vigo a completar os seus estudos con máis formacións.

O seguinte cadro (resultados expresados en %) mostra que as dúas motivacións con maior proporción foron prepararse para outros traballos (mellora da empregabilidade) e impulsar a profesión (promover categoría), cun 46,5% e 21,3% respectivamente. Ampliar coñecementos á marxe de aspectos laborais foi a terceira das motivacións máis expresadas (19,4%).

	Total	Homes	Mulleres
Prepararse para outros traballos, mellorar a miña empregabilidade	46,5	48,1	45,6
Ampliar coñecementos, sen considerar aspectos laborais	19,4	20,4	19,5
Impulsar a profesión, unha forma de promover	21,3	21,8	20,7
Pórse ao día_	4,5	3,1	4,9
Encontrar un primeiro emprego	3,8	4,2	3,8
Outros	4,5	2,4	5,5

Por xéneros, sen existir diferenzas significativas, cabe sinalar a maior proporción de homes no parámetro de “mellorar da empregabilidade”, así como a maior proporción de mulleres que optaron pola motivación de “pórse ao día”.

Entre as outras motivacións sinaladas polos titulados/as para realizar este tipo de formación cabe destacar a preparación de concursos/oposicións pola puntuación de determinados cursos, ser un requisito para cursar o doutoramento ou para obter unha bolsa.

Por ámbitos de coñecemento, O seguinte cadro mostra a distribución das respostas obtidas (resultados expresados en %):

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Prepararse para outros traballos, mellorar a empregabilidade	60,2	49,0	23,8	48,2	44,4
Ampliar coñecementos, sen considerar aspectos laborais	15,5	19,2	31,7	19,3	18,5
Impulsar a miña profesión, unha forma de promover	15,5	16,3	22,2	24,1	22,2
Pórse ao día_	2,9	1,9	14,3	2,0	5,6

Encontrar un primeiro emprego	1,0	7,7	0,0	3,6	4,2
-------------------------------	-----	-----	-----	-----	-----

## 4.5 SITUACIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS

Neste apartado preséntase información sobre a situación laboral dos titulados/as da Universidade de Vigo como o estado de emprego, o desemprego ou as técnicas aplicadas para a procura do primeiro emprego.

### 1. Situación laboral

No momento da realización da enquisa o 71,7% das persoas tituladas traballaban por conta allea. A seguinte situación máis frecuente era a de desempregado/a na procura de traballo (19,9%). Un 5,2% das persoas interrogadas eran empresarios/as ou autónomos/as.

	%
Traballa por conta allea	71,1
Desempregado/a na procura de traballo	19,9
Traballa como empresario/a ou autónomo/a	5,2
Continúa a estudar sen procurar emprego	2,0
Prepara oposicións sen procurar emprego	0,5
Ao coidado da familia	0,2
Outro: desempregado/a e non procura traballo	1,1

### 2. Situación de emprego

De acordo con esta distribución, a porcentaxe total dos titulados/as que traballaban no momento de realizar a enquisa é do 76,3%. Dentro deste colectivo predominan os que o traballan por conta allea (93,2%) contra os que o fan por conta propia (6,8%).

Por xénero, a taxa de actividade dos homes (80,2%) supera á das mulleres (75,0%). Por ámbitos de coñecemento, as titulacións tecnolóxicas presentan unha maior actividade (85,8%) que as de ciencias da saúde (75,6%) e as da rama xurídico-social (74,5%). As titulacións científicas e de arte e humanidades presentan unha situación de emprego do 70,8% e 68,0% respectivamente.

Por titulacións (anexo A13), traballan a totalidade das persoas diplomadas en Fisioterapia, os enxeñeiros/as de Telecomunicación e os enxeñeiros/as informáticos. Seguidamente, cunha taxa de ocupación superior ao 85%, encóntranse os licenciados/as en Filoloxía Inglesa (92,3%), Comunicación Audiovisual (91,7%) e Ciencias da Actividade Física e do Deporte (89,5%), os diplomados/as en Relacións Laborais e os enxeñeiros/as técnicos en Informática de Xestión

(88,2%), os licenciados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (87,5%) e os enxeñeiros/as industriais (87,2%). Ao contrario, as taxas de ocupación máis baixas rexístranse entre os licenciados/as en Historia (33,3%), os enxeñeiros/as técnicos forestais (46,7%), os licenciados/as en Filoloxía Hispánica (50,0%), Bioloxía (53,1%), Belas Artes (53,3%) e Dereito (53,8%).

Entre as persoas tituladas en situación de emprego foron identificados os seguintes grupos:

- Traballan e procuran emprego: 10,0%.
- Traballan e continúan a estudar: 8,1%.
- Traballan e preparan oposicións: 5,0%.
- Traballan, procuran emprego e continúan a estudar: 1,7%.
- Traballan, procuran emprego e preparan oposicións: 1,7%.

#### *Persoas tituladas que traballan e procuran emprego*

Este grupo está formado maioritariamente por mulleres (68,2%) contra un 31,8% de homes. Por ámbitos académicos, neste colectivo predominan os titulados/a do ámbito xurídico-social (50,0%) e de arte e humanidades (20,5%) contra o científico (4,5%), o tecnolóxico (5,7%) e o de ciencias da saúde (8,0%).

Por ramas de coñecemento, nesta situación encóntrase o 21,7% dos titulados/as que traballan pertencentes ao ámbito de arte e humanidades, o 12,0% do xurídico-social, o 10,8% de ciencias da saúde, o 5,3% ao tecnolóxico e o 4,7% ao científico.

Por titulacións (anexo A14), destacan pola súa elevada proporción, os licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (23,5%), os diplomados/as en Turismo (22,2%), os licenciados/as en Publicidade e Relacións Públicas (18,5%), os enxeñeiros/as de Minas (18,2%), os licenciados/as en Tradución e Interpretación (17,0%), os enxeñeiros/as técnicos agrícolas (15,4%) e os diplomados/as en Educación Social (15,0%).

#### *Persoas tituladas que traballan e continúan a estudar*

As mulleres representan o 68,6% deste colectivo contra o 31,4% de homes. Por ámbitos académicos, predominan nos ámbitos xurídico-social (40,8%), tecnolóxico (25,4%), arte e humanidades e científico (12,7% en ambos os casos) e ciencias da saúde (8,5%).

Por ramas de coñecemento, nesta situación áchanse os 10,8% das persoas tituladas que traballan dos ámbitos de arte e humanidades, o 10,6% do científico, o 9,2% de ciencias da saúde, o 7,9% do xurídico-social e o 6,3% do tecnolóxico.

Destacan pola súa elevada proporción (anexo A15) os enxeñeiros/as técnicos agrícolas (23,1%), diplomados/as en Xestión e Administración Pública (20,0%), diplomados/as en Maxisterio (14,4%), Fisioterapia, enxeñeiros/as técnicos forestais e licenciados/as en Ciencia

e Tecnoloxía dos Alimentos (14,3%), enxeñeiros/as de Minas (13,6%), licenciados/as en Tradución e Interpretación (12,8%), Belas Artes (12,5%), Bioloxía (11,8%) e Publicidade e Relacións Públicas (11,1%).

Entre os principais estudos que realizan os titulados/as ocupados que continúan a estudar, destacan: outra titulación ou especialidade (23,9%), idiomas (22,5%), mestrado (19,7%), cursos de doutoramento (11,3%), cursos de especialización (7,0%) ou formativos (4,2%).

### *Persoas tituladas que traballan e preparan oposicións*

Este grupo está constituído maioritariamente por mulleres (92,7%) e conformado, na súa maioría, por titulados/as pertencentes ao ámbito xurídico-social (43,2%) e de ciencias da saúde (40,9%) contra o tecnolóxico e científico (4,5% en ambos os casos) e de arte e humanidades (6,8%).

Por ámbitos académicos, encóntranse nesta situación o 27,7% dos titulados/as que traballan do ámbito das ciencias da saúde e, a maior distancia, o 5,1% do xurídico-social, o 3,6% de arte e humanidades, o 2,4% do científico e o 0,7% do tecnolóxico.

Pola elevada proporción de titulados/as que se encontran nesta circunstancia destacan os diplomados/as en Enfermaría (34,1%) e Fisioterapia (14,3%), así como os licenciados/as en Belas Artes (12,5%) e Ciencias da Actividade Física e do Deporte (11,8%). Máis información no anexo A16.

## **3. Situación de desemprego**

O desemprego, isto é, a situación das persoas que non traballan e que procuran emprego no momento da realización do estudo, afecta o 19,9% da mostra global estudada nesta enquisa (20,9% no caso das mulleres contra 17,2% no dos homes).

Por ramas de coñecemento, as proporcións de persoas tituladas desempregadas varían entre o 23,8% nas titulacións do ámbito de Arte e humanidades, o 23,3% do xurídico-social e de ciencias da saúde, o 21,7% do científico e o 11,5% do tecnolóxico.

Por titulacións (anexo A17), as maiores taxas de desemprego áchanse entre os licenciados/as en Belas Artes (46,7%), Dereito (42,3%), Bioloxía (40,6%), enxeñeiros/as técnicos/as forestais (40,0%), licenciados/as en Filoloxía Hispánica (37,5%) e Economía (33,3%). Ao contrario, os diplomados/as en Fisioterapia, enxeñeiros/as en Telecomunicación, Informática e os enxeñeiros/as técnicos en Telecomunicación non presentan taxas de desemprego. Con porcentaxes de desemprego inferiores ao 10% sitúanse os enxeñeiros/as industriais (9,2%), os licenciados/as en Comunicación Audiovisual (8,3%) e Filoloxía Inglesa (7,7%), así como os enxeñeiros/as técnicos en Informática de Xestión (5,9%).

En consecuencia, entre o colectivo específico de persoas desempregadas, as mulleres constitúen o 69,3% contra o 30,7% dos homes. Por ámbitos, a maioría pertencen ao xurídico-social (50,4%), seguido do tecnolóxico (16,7%), arte e humanidades (12,7%), científico (11,4%) e ciencias da saúde (8,8%).

Entre as persoas tituladas en situación de desemprego foron detectados os seguintes grupos:

- En situación de desemprego e estudando: 18,3%.
- En situación de desemprego e preparando oposicións: 18,7%.
- En situación de desemprego e ao coidado familiar: 7,4%.
- En situación de desemprego e beneficiario/a dunha bolsa/axuda: 3,5%.

Outras situacións: recibindo un subsidio de desemprego (3,9%), realizando traballos esporádicos (2,2%), vivindo dos aforros (0,9%), valorando a posibilidade de emprender (0,9%).

#### *Persoas tituladas desempregadas que continúan a estudar*

Este grupo está formado maioritariamente por mulleres (68,3%) así como por titulados/as pertencentes á rama xurídico-social (47,6%), tecnolóxica (19,0%), ciencias da saúde (14,3%), científica (11,9%) e arte e humanidades (7,1%).

Por ámbitos académicos, áchanse nesta situación o 30,0% dos titulados/as da rama de ciencias da saúde, o 21,1% da tecnolóxica, o 19,2% da científica, o 17,4% da xurídico-social e o 10,3% de arte e humanidades.

Á vez que procuran emprego, as persoas tituladas que se encontran nesta situación están cursando un mestrado (28,6%), estudando idiomas (23,8%), estudando outra titulación (14,3%) ou un doutoramento (9,5%).

#### *Persoas tituladas desempregadas que preparan oposicións*

Este colectivo está integrado maioritariamente por mulleres (65,8%). Na súa maioría está constituído por persoas tituladas do ámbito xurídico-social (72,1%) e de ciencias da saúde (18,6%) contra as de arte e humanidades e do científico (2,3% en ambos os casos) e do tecnolóxico (4,7%).

Por ramas de coñecemento, atópanse nesta situación o 40% dos titulados/as desempregados do ámbito de ciencias da saúde e o 26,9% do xurídico-social contra o 3,4% de arte e humanidades, o 3,8% do científico e o 5,3% do tecnolóxico.



#### 4. Persoas tituladas que procuran emprego

Unha análise máis pormenorizada dos datos obtidos permite determinar que, ao existir unha proporción de persoas que traballan e procuran emprego, a porcentaxe total das persoas entrevistadas que estaban a procurar emprego no momento da realización da enquisa ascende ao 27,6% (un 29,0% de mulleres contra un 24,2% de homes).

Por ámbitos, esta porcentaxe vai do 16,3% dos titulados/as da rama tecnolóxica ao 39,3% da de arte e humanidades. Nunha situación intermedia áchanse os titulados/as do ámbito científico (25,0%), o 31,4% de ciencias da saúde e o 32,3% do xurídico-social. Véxase a análise máis pormenorizada deste grupo na epígrafe “Persoas tituladas que traballan e procuran emprego” (páx. 47).

#### 5. Tempo de procura de emprego

O tempo medio de procura de emprego das persoas tituladas inquiridas que se achán nesta situación é de 14,70 meses (1,22 anos).

O seguinte cadro reflicte a distribución temporal da procura de emprego:

	%
0 – 3 meses	24,9
3- 6 meses	16,5
6 – 12 meses	23,6
1 – 2 anos	17,5
Máis de 2 anos	14,5

A teor dos datos pode concluírse que o 17,5% das persoas inquiridas áchanse en situación de desemprego de longa duración, isto é, que levan polo menos doce meses na procura de emprego. A proporción dos desempregados/as de moi longa duración (que levan polo menos 24 meses en situación de desemprego) é do 14,5%. Estes dous grupos suman case un terzo (32,0%) das persoas tituladas inquiridas en situación de desemprego.

Por xénero, o tempo de procura de emprego das mulleres (14,97 meses/1,25 anos) é superior ao manifestado polos homes (13,18 meses/1,10 anos).

Por ámbitos de coñecemento, existen diferenzas estatisticamente significativas. As persoas tituladas da rama científica e de arte e humanidades son as que levan máis tempo procurando emprego (19,21 meses/1,60 anos e 18,95 meses/1,58 anos, respectivamente). As persoas tituladas que menos tempo procuran emprego son as do ámbito de ciencias da saúde (9,81 meses/0,82 anos) e do tecnolóxico (10,31 meses/0,86 anos).

No anexo A18 pódese consultar a distribución do tempo de procura de emprego por titulacións.

## 6. Outras situacións: persoas desempregadas que non procuran emprego

Como se pode observar na epígrafe 1 deste apartado (páx. 46), até un 3,8% da mostra analizada encóntrase nunha situación por elas definida como de “non traballo” e de “non procura de traballo” no momento da realización da enquisa.

Dentro deste colectivo existen diferentes perfís: aquelas persoas tituladas que no momento actual continúan a estudar (2,0%), aquelas que se dedican en exclusivo á preparación das oposicións (0,5%), as que están ao coidado familiar (0,2%) e as que se achan noutra situación (1,1%).

## 7. Factores condicionantes de desemprego

Este apartado avalía as características que se poden destacar das persoas tituladas que están desempregadas no momento de realizar a enquisa. O ciclo da economía (4,30 nunha escala de 1 a 5) e a falta de contactos persoais (3,82) destacan como os principais atrancos identificados como causantes do feito de non teren emprego. Seguidamente, aparecen factores como a pouca experiencia laboral ou profesional previa (3,68), as escasas prácticas en empresas realizadas ao longo dos estudos universitarios (3,41) e a falta de coñecemento de idiomas (3,24).

Factores que dificultan a inserción laboral mediante escala de valoración de 1 (ningunha dificultade) a 5 (moita dificultade).

	Total
Ter unha titulación universitaria	2,18
Ter unha titulación específica	2,52
Ter estudado na Universidade de Vigo	1,56
O mal expediente académico	1,55
Falta de mestrados, cursos de posgrao ou outra formación complementaria	2,37
Pouca experiencia laboral ou profesional previa	3,68
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira	3,41
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro	2,80
A falta de coñecemento de idiomas	3,24
A falta de coñecementos de informática	2,22
Carecer de contactos persoais	3,82
O ciclo da economía	4,30
Non ter iniciativa nin asumir riscos	2,29
A falta persoal de esforzo	1,77
O descoñecemento de técnicas de procura de traballo	2,02
A mala sorte	2,52
Non participar en organizacións estudiantís ou de voluntariado	1,89

A continuación, analízanse estes factores por xénero.

	Homes	Mulleres
Ter unha titulación universitaria	2,20	2,21
Ter unha titulación específica	2,49	2,58
Ter estudado na Universidade de Vigo	1,67	1,47
O mal expediente académico	1,72	1,48
Falta de mestrados, cursos de posgrao ou outra formación complementaria	2,59	2,202
Pouca experiencia laboral ou profesional previa	3,59	3,66
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira	6,68	3,21
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro	3,03	2,67
A falta de coñecemento de idiomas	3,46	3,18
A falta de coñecementos de informática	2,22	2,18
Carecer de contactos persoais	3,97	3,74
O ciclo da economía	4,30	4,32
Non ter iniciativa nin asumir riscos	2,78	2,08
A falta persoal de esforzo	1,89	1,65
O descoñecemento de técnicas de procura de traballo	2,24	1,85
A mala sorte	2,29	2,54
Non participar en organizacións estudiantís ou de voluntariado	2,00	1,84

No seguinte cadro esta variábel é expresada a través de frecuencias:

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ter unha titulación universitaria	41,2	18,3	27,7	8,1	5,3
Ter unha titulación específica	31,7	18,7	23,9	17,3	8,5
Ter estudado na Universidade de Vigo	68,3	13,4	14,1	2,5	1,8
O mal expediente académico	65,4	18,4	13,4	1,4	1,4
Falta de mestrados, cursos de posgrao ou outra formación complementaria	36,6	19,9	21,6	14,3	7,7
Pouca experiencia laboral ou profesional previa	14,2	11,1	12,8	15,6	46,2
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira	21,2	9,7	12,5	19,8	36,8
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro	24,0	19,2	24,0	17,8	15,0
A falta de coñecemento de idiomas	17,2	12,8	23,1	22,1	24,8
A falta de coñecementos de informática	41,5	20,2	19,5	12,5	6,3
Carecer de contactos persoais	8,3	8,7	17,6	23,5	41,9
O ciclo da economía	2,8	5,3	10,6	21,6	59,7
Non ter iniciativa nin asumir riscos	39,9	20,6	26,5	7,6	5,6
A falta persoal de esforzo	57,6	23,0	8,8	6,4	4,2

O descoñecemento de técnicas de procura de traballo	44,6	23,5	20,7	7,4	3,9
A mala sorte	31,0	21,5	23,6	12,7	11,3
Non participar en organizacións estudiantís ou de voluntariado	47,3	26,2	19,0	5,4	2,2

En relación coas diferenzas por ramas de coñecemento, encóntranse diferenzas significativas nas seguintes causas: as poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira, a falta de coñecemento de idiomas, a falta de coñecementos de informática, o descoñecemento das técnicas de procura de emprego e a mala sorte.

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Ter unha titulación universitaria	2,23	2,63	1,85	2,24	2,12
Ter unha titulación específica	2,79	3,39	1,96	2,43	2,41
Ter estudado na Universidade de Vigo	1,68	1,74	1,50	1,59	1,49
O mal expediente académico	1,51	1,79	1,40	1,46	1,57
Falta de mestrados, cursos de posgrao ou outra formación complementaria	2,65	21,04	2,32	2,10	2,44
Pouca experiencia laboral ou profesional previa	3,90	4,07	3,00	3,58	3,70
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira	3,76	3,41	1,88	3,76	3,46
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro	2,55	2,86	2,72	3,06	2,80
A falta de coñecemento de idiomas	2,43	3,07	3,12	3,47	3,46
A falta de coñecementos de informática	2,45	1,71	1,88	2,18	2,33
Carecer de contactos persoais	3,98	3,96	3,58	3,69	3,84
O ciclo da economía	4,32	4,46	4,24	4,33	4,26
Non ter iniciativa nin asumir riscos	2,24	1,86	1,92	2,57	2,35
A falta persoal de esforzo	2,010	1,43	1,52	1,81	1,76
O descoñecemento de técnicas de procura de traballo	2,33	1,68	1,73	2,17	2,01
A mala sorte	2,34	3,00	2,88	1,92	2,62
Non participar en organizacións estudiantís ou de voluntariado	1,90	1,70	1,88	1,70	1,99

No caso das poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira, as titulacións do ámbito de ciencias da saúde outórganlle menos importancia que o resto. No tocante á falta de coñecementos de idiomas, son as persoas tituladas do ámbito de arte e humanidades as que lle confiren menor importancia. Con respecto á falta de coñecementos de informática ou ao descoñecemento de técnicas de procura de traballo, os titulados/as do ámbito científico e de ciencias da saúde considéranse en menor grao que o resto de ramas. Ao contrario, son estes titulados/as os que máis consideración lle prestaron a un aspecto externo como é a “mala sorte”.

## 8. Técnicas de procura do primeiro emprego

Unha cuestión relevante no seguimento das persoas tituladas universitarias é avaliar cales foron as técnicas de procura de emprego utilizadas. As seguintes gráficas mostran as técnicas de procura de emprego máis utilizadas polos titulados/as universitarios á hora de encontrar o primeiro emprego despois de completar os estudos.

As técnicas de procura do primeiro emprego máis usadas son a resposta a anuncios de traballo (25,4%) e os contactos persoais (18,8%). Con porcentaxes tamén relevantes, mencionáronse técnicas como contactar cun empresario/empregador por conta propia ou a autocandidatura (13,5%) e inscribirse en bolsas de traballo (8,5%).

	%
Responder a anuncios de traballo	25,4
Mediante contactos persoais	18,8
Contactar cun empresario/empregador pola miña conta	13,5
Anotándose en bolsas de traballo	8,5
Contactou coa empresa/institución na que realizou as prácticas durante os estudos	5,9
Preparando oposicións/concursos	5,7
Pola empresa/titulación onde traballou cando estudaba	4,9
Mediante unha axencia de emprego pública (INEM, outras)	3,2
Mediante unha ETT	2,9
Autoemprego/autónomo	1,1
Mediante unha empresa de emprego privada	1,0
Mediante unha empresa de selección de persoal	0,6
Colocar anuncios	0,5
Outras	7,6
Non responderon	4,1

A seguir, móstrase a proporción en que cada sexo referiu unha técnica de procura concreta. Tal como se pode comprobar no seguinte cadro, as diferenzas máis destacábeis áchanse na maior proporción de homes que recorreron a responder a anuncios de traballo ou a contactos

persoais. Alén diso, cabe destacar a maior proporción de mulleres que conseguiron o seu primeiro emprego a través de concursos/oposicións.

	Home	Muller
Responder a anuncios de traballo	28,4	24,3
Contactar cun empresario/empregador pola miña conta	13,5	12,9
Colocar anuncios	0,3	0,6
Mediante unha axencia de emprego pública (INEM, outras)	2,4	3,3
Mediante unha ETT	1,9	3,3
Mediante unha empresa de selección de persoal	0,8	0,6
Mediante unha empresa de emprego privada	0,5	1,3
Preparando oposicións/concursos	3,4	6,5
Anotándose en bolsas de traballo	7,7	8,5
Pola empresa/institución onde traballou cando estudaba	5,0	5,1
Mediante contactos persoais	22,3	17,5
Contactou coa empresa/institución na que realizou as prácticas durante os estudos	5,3	6,2
Autoemprego/autónomo	1,1	1,2
Non responderon	3,1	4,3

A distribución das respostas por ámbitos académicos mostra as seguintes porcentaxes:

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Responder a anuncios de traballo	34,5	20,9	7,0	34,3	21,4
Contactar cun empresario/empregador pola miña conta	13,4	18,3	17,5	9,6	14,3
Colocar anuncios	0,8	0,9	1,2	0,3	0,4
Mediante unha axencia de emprego pública (INEM, outras)	1,7	0,9	1,2	2,5	5,0
Mediante unha ETT	5,0	1,8	1,2	1,2	4,1
Mediante unha empresa de selección de persoal	0,0	0,9		1,5	0,2
Mediante unha empresa de emprego privada	1,7	0,0	1,2	0,3	1,5
Preparando oposicións/concursos	5,0	0,9	10,5	1,5	9,1
Anotándose en bolsas de traballo	6,7	7,8	32,6	7,4	5,4

Pola empresa/institución onde traballou cando estudaba	2,5	7,8	9,3	4,0	4,5
Mediante contactos persoais	16,0	19,1	12,8	21,0	19,0
Contactou coa empresa/institución na que realizou as prácticas durante os estudos	1,7	6,1	5,8	7,1	6,3
Autoemprego/autónomo	1,7	1,7	0,0	0,9	1,1
Non responderon	2,5	4,2	0,0	2,1	6,3

## 9. Tempo investido en encontrar o primeiro traballo despois dos estudos

O tempo transcorrido desde a finalización dos estudos universitarios até encontrar un primeiro traballo é amplamente utilizado como indicador da inserción laboral das persoas tituladas universitarias. O 59,1% dos titulados/as encontraron traballo nos primeiros tres meses após acabar os estudos. Antes do primeiro ano encontraron traballo o 84,2%. Un 9,9% tardou máis dun ano e un 6% máis de dous en encontrar este primeiro emprego.

	%	
0-3 meses	59,1	84,2
3 – 6 meses	13,6	
6 – 12 meses	11,5	
1 -2 anos	9,9	
Máis de 2 anos	6,0	
Non responderon	5,3	

O seguinte cadro mostra estes resultados comparados por xénero. Como se pode observar, as mulleres demoran máis en encontrar a primeira ocupación, posto que presentan maiores proporcións que os homes a partir dos seis meses de procura de emprego.

	Homes		Mulleres	
0-3 meses	65,1	88,9	56,1	81,5
3 – 6 meses	14,7		12,7	
6 – 12 meses	9,1		12,7	
1 -2 anos	6,2		11,9	
Máis de 2 anos	4,8		6,6	
Non responderon	4,1		5,5	

Existen diferenzas estatisticamente significativas ( $p < 0,05$ ) entre ámbitos de coñecemento, tal como se mostra a continuación:

	Arte e humanidades		Científico		Ciencias da saúde		Tecnolóxico		Xurídico-social	
0-3 meses	41,1	79,9	45,7	76,4	85,9	98,8	77,6	95,3	48,5	75,9
3 – 6 meses	19,0		16,4		8,2		12,1		13,4	
6 – 12 meses	19,8		14,3		4,7		5,6		14,0	
1 -2 anos	12,1		13,2		1,2		2,5		15,4	
Máis de 2 anos	7,8		8,8		0,0		2,2		8,8	
Non responderon	4,9		5,0		1,2		2,7		7,7	

Como se pode comprobar, nunha proporción moi elevada, as persoas tituladas da rama de ciencias da saúde (85,9%) e da tecnolóxica (77,6%) encontraron o seu primeiro emprego nos primeiros tres meses desde que saíron da Universidade de Vigo. Estar nunha situación de desemprego de longa duración antes de arranxar o primeiro emprego, isto é, durante un ano ou máis, dáse máis entre os titulados/as do ámbito xurídico-social (24,2%), científico (22,0%) e arte e humanidades (19,9%) contra o 1,2% de ciencias da saúde ou o 4,7% do tecnolóxico.

O anexo A19 mostra a distribución por titulacións, observándose grandes diferenzas. Consequiron encontrar o seu primeiro emprego ao cabo de tres meses de finalizar os estudos, o 93,8% dos enxeñeiros/as en Informática, o 90,5% dos diplomados/as en Fisioterapia, o 84,4% de Enfermaría, o 83,0% de enxeñeiros/as en Telecomunicación, o 81,3% de enxeñeiros/as técnicos en Informática de Xestión e o 80,8% de enxeñeiros/as industriais. Ao contrario, demoraron máis dun ano a maioría dos licenciados/as en Dereito (57,1%), o 45,5% dos licenciados/as en Comunicación Audiovisual, o 42,1% dos diplomados/as en Maxisterio e o 40% dos licenciados/as en Historia.

## 4.6 CARACTERÍSTICAS DO PRIMEIRO EMPREGO

Neste apartado considéranse as características definitorias do primeiro emprego conseguido polas persoas tituladas da Universidade de Vigo.

### 1. Relación do primeiro traballo cos estudos

A seguir analízase a avaliación que as persoas inquiridas fan da relación entre os estudos e o primeiro traballo desenvolvido. No 71,1% dos casos, os inquiridos/as traballaron no seu primeiro emprego nunha ocupación relacionada cos estudos realizados.

Ao comparar estes datos por xénero, encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ( $p < 0,05$ ). No caso dos homes (77,4%), o primeiro emprego estaba relacionado cos seus estudos nunha proporción superior á das mulleres (68,6%).



Tamén se encontraron diferenzas estatísticas significativas entre ámbitos de coñecemento. As persoas tituladas do ámbito tecnolóxico (86,4%) e de ciencias da saúde (86,0%) presentan unha maior relación entre os seus estudos e o primeiro traballo que as das ramas de arte e humanidades (49,2%), científica (62,5%) e xurídico-social (66,0%).

## 2. Tipo de contrato

Para coñecer a calidade do traballo desenvolvido polas persoas tituladas é interesante analizar o tipo de contrato que tiveron no seu primeiro emprego. O seguinte cadro mostra como no primeiro traballo predomina a contratación temporal, quer de tipo eventual (26,0%) ou de obra ou servizo (25,0%). Os contratos indefinidos apenas representan un 16,0% do total.

	%
Indefinido	16,0
Contrato eventual	26,0
Contrato por obra/servizo	25,0
Autoemprego/autónomo	2,3
Contrato en prácticas	13,3
Bolsas ou axudas	14,6
Sen contrato	3,0
Non responderon	4,0

Por xénero existen diferenzas estatisticamente significativas na contratación do primeiro emprego. Destaca a maior proporción nas mulleres na tipoloxía de traballo eventual (28,0%) e por obra/servizo (27,3%) que entre os homes (23,1% e 20,7%, respectivamente), así como a maior proporción entre os homes das bolsas ou axudas (19,4%) e dos contratos en prácticas (15,4%) que entre as mulleres (12,1% e 12,0%, respectivamente).

	Home	Muller
Indefinido	16,4	15,7
Contrato eventual	23,1	28
Contrato por obra/servizo	20,7	27,3
Autoemprego/autónomo	1,9	2,2
Contrato en prácticas	15,4	12
Bolsas ou axudas	19,4	12,1
Sen contrato	3,2	2,7
Non responderon	3,1	4,1

A continuación, móstrase o tipo de contrato agrupado por ámbito de coñecemento. Existen diferenzas estatisticamente significativas.

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Indefinido	12,8	10,2	8,2	13,0	21,7
Contrato eventual	29,9	24,6	68,2	13,4	26,2
Contrato por obra/servizo	25,6	29,7	15,3	20,8	28,3
Autoemprego/autónomo	4,3	3,4	0,0	2,2	1,9
Contrato en prácticas	9,4	6,8	5,9	22,0	11,2
Bolsas ou axudas	9,4	23,7	1,2	27,6	7,1
Sen contrato	8,5	1,7	1,2	0,9	3,6
Non responderon	4,1	1,7	1,2	2,7	5,7

### 3. Xornada de traballo

No tocante á xornada de traballo desenvolvida polas persoas tituladas da Universidade de Vigo no seu primeiro emprego, máis de tres cuartas partes (75,4%) traballaban a xornada completa contra o 24,6% que o facía a tempo parcial. Un 5,8% non respondeu a esta pregunta.

Ao comparar os datos entre homes e mulleres, encontráronse diferenzas estatisticamente significativas. Os homes traballan a xornada completa (83,7%) en maior proporción que as mulleres (70,8%)

As porcentaxes de traballo a xornada completa por ámbitos é superior no tecnolóxico (90,3%) e en ciencias da saúde (85,5%) que en artes e humanidades (53,2%), no xurídico-social (69,9%) e o científico (70,7%).

### 4. Categoría profesional

Outro indicador interesante para coñecer a calidade da inserción das persoas tituladas universitarias é a categoría de traballo do emprego que desenvolveron. Cabería esperar que os titulados/as universitarios traballasen como técnicos/as (medios ou superiores), mandos intermedios ou directivos/as. En efecto, estas categorías abarcan a maioría (58,8%) das persoas inquiridas. No seu primeiro traballo, predominan as situacións de técnico/a medio (32,6%), técnico/a superior (22,9%), operario/a (16,0%) e administrativo/a (19,3%). As categorías de mando intermedio e directivo representan o 3,3% e o 0,6%, respectivamente.

	%
Técnico/a medio (grupo B)	32,6
Administrativo/a (grupo D)	19,3
Técnico/a superior (grupo A)	22,9
Directivo/a	0,6
Operario/a	16,0

Mando intermedio	3,3
Bolseiro/a	4,0
Outro	1,2
Non responderon	5,4

Ao procurar diferenzas por xénero, existen diferenzas estatisticamente significativas. A proporción de categorías de traballo propias de titulados/as universitarios (mandos intermedios, técnicos/as medios, directivos/as e superiores) é maior entre os homes (68,7%) que as mulleres (55,6%). As mulleres presentan tamén en maior medida a categoría de operaria (17,7% contra 13% de homes), duplicándose no caso da categoría de administrativo/a (18,7% contra 9,8%).

	Home	Muller
Técnico/a medio (grupo B)	35,4	31,0
Administrativo/a (grupo D)	12,2	23,2
Técnico/a superior (grupo A)	27,4	20,8
Directivo/a	0,0	0,6
Operario/a	13,3	17,7
Mando intermedio	5,9	1,9
Bolseiro/a	5,3	3,2
Outro	0,5	1,6
Non responderon	3,3	6,1

Tamén se encontraron diferenzas estatisticamente significativas entre ramas de ensino, tal como se mostra no seguinte cadro:

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Técnico/a medio (grupo B)	19,8	24,4	62,8	37,5	29,3
Administrativo/a (grupo D)	24,1	10,9	2,6	7,6	31,4
Técnico/a superior (grupo A)	19,0	39,5	20,5	34,4	11,8
Directivo/a	0,9	1,7	0,0	0,6	0,4
Operario/a	26,7	16,8	12,8	6,0	20,5
Mando intermedio	5,2	1,7	0,0	5,7	2,2
Bolseiro/a	4,3	2,5	0,0	7,9	2,4
Outro	0,0	1,7	1,3	0,3	1,5
Non responderon	4,9	2,5	9,0	3,1	7,1

## 4.7 CARACTERÍSTICAS DO EMPREGO ACTUAL

As características do emprego actual, que implican ter alcanzado un certo nivel de estabilidade no desenvolvemento profesional, supoñen a consecución duns obxectivos a teor da formación e experiencias laborais previas.

### 1. Relación do emprego actual cos estudos

Neste caso, máis de tres cuartas partes (75,5%) afirmaron ter un emprego relacionado cos estudos cursados na Universidade de Vigo. Un 15,6% referiu que o seu traballo actual está pouco relacionado e un 8,9% que non ten ningunha relación coa súa formación universitaria.

	%
Están relacionados	75,5
Están pouco relacionados	15,6
Non teñen ningunha relación	8,9
Non responderon	23,4

Ao comparar por xénero, encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ( $p < 0,05$ ). Aínda que é semellante a proporción de mulleres (76,2%) e de homes (75,6%) que desenvolven empregos relacionados cos seus estudos, a proporción de mulleres que teñen un emprego non relacionado cos seus estudos (10,5%) duplica á dos homes (5,8%).

	Home	Muller
Están relacionados	75,6	76,2
Están pouco relacionados	18,6	13,3
Non, non teñen ningunha relación	5,8	10,5
Non responderon	19,8	25,2

No seguinte cadro preséntase a relación do emprego cos estudos por ámbito de coñecemento. Neste caso encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ( $p < 0,05$ ).

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Están relacionados	61,4	70,6	93,8	78,9	73,9
Están pouco relacionados	22,9	16,5	1,6	17,3	14,9
Non, non teñen ningunha relación	15,7	12,9	4,7	3,9	11,1
Non responderon	32,0	29,2	25,6	14,2	25,5

No anexo A20 figura a distribución de respostas por titulacións. En xeral, os traballos realizados polos titulados/as teñen relación cos estudos realizados. Os enxeñeiros/as técnicos forestais

(28,5%) e os licenciados/as en Belas Artes (43,8%) son os que presentan a proporción máis baixa de relación entre o seu emprego e os estudos.

## 2. Sobrecualificación

A sobrecualificación é unha variábel que indica a proporción de persoas tituladas que desenvolven un traballo con exixencias inferiores aos estudos desenvolvidos. Como se pode comprobar no seguinte cadro, o 29,2% das persoas áchanse nesta situación. Ao contrario, un 63,1% posúen un traballo adecuado á súa cualificación. Finalmente, un 7,7% consideran que as procuras do seu emprego superan a súa formación.

	%
Inferior ao nivel académico	29,2
Adecuado ao nivel académico	63,1
Superior ao nivel académico	7,7
Non responderon	23,7

Non se encontraron diferenzas estatisticamente significativas ao comparar a sobrecualificación por xénero.

	Home	Muller
Inferior ao nivel académico	27,6	29,2
Adecuado ao nivel académico	65,4	63,0
Superior ao nivel académico	7,1	7,8
Non responderon	19,8	25,6

O seguinte cadro mostra a comparación das porcentaxes de sobrecualificación entre ámbitos de coñecemento. Os contrastes estatísticos realizados mostran diferenzas significativas. Como se pode observar, as persoas tituladas da rama xurídico-social (37,8%) e de arte e humanidades (30,5%) son as que desenvolven en maior proporción traballos con exixencias inferiores aos estudos desenvolvidos. Ao contrario, os titulados/as da rama científica rexistran a maior infracualificación, ao manifestar que desenvolven traballos con exixencias superiores ao seu nivel académico (21,2%).

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Inferior ao nivel académico	30,5	18,8	10,9	24,6	37,8
Adecuado ao nivel académico	61,0	60,0	85,9	68,0	56,6
Superior ao nivel académico	8,5	21,2	3,2	7,4	5,5
Non responderon	32,8	29,2	25,6	14,2	25,9

### 3. Tipo de contrato

En relación co tipo de contrato que presentan os titulados/as no seu emprego actual, a maioría (52,4%) goza dun contrato indefinido, seguido dun contrato eventual (17,1%) e por obra ou servizo (13,5%). O resto de categorías analizadas presentan proporcións menores.

	%
Indefinido	52,4
Contrato eventual	17,1
Contrato por obra/servizo	13,5
Autoemprego/autónomo	7,0
Contrato en prácticas	3,6
Bolsas ou axudas	4,9
Sen contrato	1,2
Outro	0,1
Non responderon	23,7

Se ben non se encontraron relacións de significancia estatística por xénero ( $p=0,089$ ). As mulleres presentan unha maior proporción de temporalidade nos seus empregos que os homes ao rexistrar unha maior porcentaxe as tipoloxías de contrato eventual (19,0% contra 14,4%), por obra ou servizo (14,5% contra 11,5%), así como de precariedade ao ser superior o nivel de bolsas ou axudas (5,6% contra 4,2%), contrato en prácticas (4,1% contra 2,9%) ou sen contrato (1,9%).

	Home	Muller
Indefinido	59,0	48,5
Contrato eventual	14,4	19,0
Contrato por obra/servizo	11,5	14,5
Autoemprego/autónomo	7,7	6,5
Contrato en prácticas	2,9	4,1
Bolsas ou axudas	4,2	5,6
Sen contrato	0,0	1,9
Outro	0,3	0,0
Non responderon	19,8	25,6

Si que se encontraron diferenzas estatisticamente significativas entre as ramas académicas ( $p < 0,05$ ). Estas diferenzas son debidas fundamentalmente ás desiguais porcentaxes de incidencia do tipo de contrato indefinido, sendo superior entre os titulados/as do ámbito tecnolóxico (62,3%) e xurídico-social (56,7%) que no de ciencias da saúde (34,4%), científico (38,8%) e arte e humanidades (41,0%).

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Indefinido	41,0	38,8	34,4	62,3	53,7
Contrato eventual	12,0	9,4	46,9	10,2	20,3
Contrato por obra/servizo	15,7	17,6	9,4	15,1	11,5
Autoemprego/autónomo	16,9	4,7	1,6	6,0	7,1
Contrato en prácticas	3,6	7,1	3,1	2,8	3,6
Bolsas ou axudas	7,2	22,4	1,6	2,8	2,5
Sen contrato	3,6	0,0	3,1	0,8	1,4
Non responderon	32,0	29,2	25,6	14,2	26,1

#### 4. Xornada de traballo

A tipo de xornada maioritaria no emprego actual é a xornada completa (84,9%). O 15,1% restante traballa a media xornada. Un 25,5% non respondeu a esta pregunta.

Comparando a xornada de traballo por xénero, a proporción de homes que traballan a xornada completa (90,9%) supera á rexistrada entre as mulleres (81,4%).

	Home	Muller
Xornada completa	90,9	81,4
Tempo parcial	9,1	19,6
Non responderon	20,6	27,8

No seguinte cadro preséntanse as porcentaxes de persoas tituladas en cada unha das modalidades de xornada de traballo, en función dos ámbitos de coñecemento. Encontráronse diferenzas estatisticamente significativas ( $p < 0,05$ ): as persoas tituladas que realizan traballos a xornada completa no ámbito tecnolóxico (97,1%) e científico (89,2%), superan as da rama de arte e humanidades (71,6%), ciencias da saúde (73,3%) e xurídico-social (79,4%).

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Xornada completa	71,6	89,2	73,3	97,1	79,4
Tempo parcial	29,4	10,8	26,7	2,9	20,6
Non responderon	33,6	30,8	30,2	16,3	27,3

#### 5. Categoría profesional

Coñecer a categoría profesional do emprego que a persoa titulada desenvolve no momento actual dá unha información moi interesante sobre a calidade do traballo realizado no momento da enquisa. Como se pode ver a seguir, un 66,3% son técnicos/as medios (29,3%) ou superiores (37,0%). Un 6,3% son mandos intermedios e un 3,8% ocupan postos de

dirección. Relativamente ás categorías que non son propias de titulados/as universitarios, os administrativos/as representan o 13,5% e os operarios/as o 8,3%.

	%
Técnico/a medio (grupo B)	29,3
Administrativo/a (grupo D)	13,5
Técnico/a superior (grupo A)	37,0
Directivo/a	3,8
Operario/a	8,3
Mando intermedio	6,3
Bolseiro/a	0,8
Outro <sup>7</sup>	1,0
Non responderon	2,3

O seguinte cadro compara a categoría profesional por xénero. Foron encontradas diferenzas de significancia estatística que conclúen que os homes duplican ás mulleres nas funcións directivas (5,8% contra 2,7%) e de mandos intermedios (10,7% contra 3,8%). Ao contrario, as mulleres que desempeñan empregos de administrativas (15,9% contra 8,8%) ou de operarias (9,4% contra 5,8%) duplican os homes.

	Home	Muller
Técnico/a medio (grupo B)	25,0	31,1
Administrativo/a (grupo D)	8,8	15,9
Técnico/a superior (grupo A)	43,2	34,5
Directivo/a	5,2	2,7
Operario/a	5,8	9,4
Mando intermedio	10,7	3,8
Bolseiro/a	0,6	1,0
Outro	0,7	1,6
Non responderon	0,6	3,0

Tamén se encontraron diferenzas estatisticamente significativas ao compararmos as ramas de ensino, tal como se mostra no seguinte cadro:

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Técnico/a medio (grupo B)	12,7	16,9	66,1	26,4	31,3
Administrativo/a (grupo D)	15,2	8,4	1,6	4,3	23,9
Técnico/a superior (grupo A)	49,4	57,8	14,5	51,4	22,2

<sup>7</sup> Entre outras categorías profesionais cabe referir a de artista, servizo especial, agrupación de profesionais ou sector servizos.



Directivo/a	3,8	2,4	0,0	3,9	4,6
Operario/a	12,7	3,6	16,1	3,6	10,5
Mando intermedio	5,1	6,0	1,6	10,0	4,6
Bolseiro/a	1,3	2,4	0,0	0,4	0,9
Outro	0,0	2,5	0,0	0,0	2,0
Non responderon	4,8	2,4	3,1	0,4	3,0

## 6. Permanencia no traballo actual

O tempo de permanencia medio das persoas tituladas no seu traballo actual é de 34,65 meses (2,88 anos). O seguinte cadro mostra a distribución temporal dos titulados/as que traballan na actualidade:

	%
Un ano	28,8
1 – 2 anos	16,8
2 - 3 anos	15,6
3 - 4 anos	16,2
4 – 5 anos	12,1
5 – 6 anos	4,0
Máis de 6 anos	6,5

Dentro do primeiro tramo temporal cabe destacar que a porcentaxe das persoas tituladas inquiridas que levan traballando no seu emprego anual até 3 meses é do 7,4%, porcentaxe que chega ao 15,3% se considerarmos as que levan traballando até medio ano.

Unha análise desta variábel por xénero permítenos comprobar que os homes, a pesar de demorar máis tempo en completar os seus estudos universitarios (epígrafe 5 “Duración dos estudos” da páx. 31), levan traballando no seu emprego actual máis tempo (37,59 meses/3,13 anos) que as mulleres (32,75 meses/2,77 anos).

Por ámbitos de coñecemento, levan máis tempo traballando no seu emprego actual as persoas tituladas da rama xurídico-social (35,98 meses/3,00 anos), tecnolóxica (35,41 meses/2,95 anos) e científica (35,21 meses/2,93 anos), seguido das de arte e humanidades (33,63 meses/2,80 anos) e de ciencias da saúde (23,93 meses/1,99 anos).

## 7. Evolución entre o primeiro emprego e o emprego actual

Como se pode observar no seguinte cadro, o 29,4% da mostra traballaba no seu primeiro emprego no momento de realizar este estudo, mentres que un 69,4% traballaba nun emprego distinto e un 1,2% afirmou non ter traballado nunca.

	%
Non	69,4
Si	23,1
Si, e xa traballaba nel antes de acabar a carreira	6,3
Non, nunca traballei	1,2
Non responderon	3,9

Pola súa significación, cabe destacar o colectivo de persoas que declararon non ter traballado nunca, composto maioritariamente por mulleres (84,6%). Entre os motivos principais, están o feito de preparar concursos/oposicións (38,5%) ou continuar a estudar (30,8%). Na súa maioría (69,2%), este colectivo realizou estudos do ámbito xurídico-social (Maxisterio, Publicidade e Relacións Públicas, Educación Social, Administración e Dirección de Empresas e Dereito), tecnolóxico (Enxeñaría Técnica Industrial e Enxeñaría Técnica Forestal), arte e humanidades (Historia) e científico (Bioloxía).

Ao analizar estes datos por xénero non se encontraron diferenzas estatisticamente significativas, salvo que as mulleres representan o 85% das persoas que manifestaron non ter traballado nunca.

	Home	Muller
Non	71,4	70,0
Si	21,4	22,7
Si, e xa traballaba nel antes de acabar a carreira	6,7	5,7
Non, nunca traballei	0,5	1,6
Non responderon	3,9	3,7

O seguinte cadro reflicte a resposta á pregunta de se o primeiro traballo logo de finalizar os estudos segue a ser o traballo actual, agrupada por ámbitos de coñecemento. Neste caso aparecen diferenzas estatisticamente significativas.

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Non	78,8	69,8	75,0	70,5	65,3
Si	12,7	21,6	25,0	22,3	26,3
Si, e xa traballaba nel antes de acabar a carreira	7,6	7,8	0,0	6,6	6,6
Non, nunca traballei	0,8	0,9	0,0	0,6	1,9
Non responderon	3,3	3,3	2,3	3,6	4,5

O anexo A21 mostra a distribución de respostas desta variábel por titulacións.

## 7.1 Tipo de contrato

O resultado da comparativa indica que a mudanza é significativa: os contratos indefinidos pasan de ser o 16,0% no primeiro traballo ao 52,4% no emprego actual, reducíndose, en

consecuencia, as modalidades de contrato eventual (do 26,0% ao 7,1%), por obra e servizo (do 25,0% ao 13,5%), en prácticas (do 13,3% ao 3,6%) ou de bolseiro/a (do 14,6% ao 4,9%).

	Emprego actual	Primeiro emprego
Indefinido	52,4	16,0
Contrato eventual	17,1	26,0
Contrato por obra/servizo	13,5	25,0
Autoemprego/autónomo	7,0	2,3
Contrato en prácticas	3,6	13,3
Bolsas ou axudas	4,9	14,6
Sen contrato	1,2	3,0
Outro	0,1	0,0
Non responderon	23,7	4,0

## 7.2 Xornada de traballo

Como se pode comprobar no seguinte cadro, a dedicación a xornada completa aumentou considerablemente (do 75,4% ao 90,9%) en detrimento da dedicación a tempo parcial.

	Emprego actual	Primeiro emprego
Xornada completa	90,9	75,4
Tempo parcial	9,1	24,6

## 7.3 Categoría profesional

Encontráronse diferenzas estatisticamente significativas na distribución das persoas tituladas en función das diferentes categorías profesionais entre o primeiro emprego e o actual. Así, compróbase a existencia dunha tendencia a diminuír a proporción de titulados/as en categorías non relacionadas cos estudos superiores como a de administrativo/a ou operario/a (en conxunto pasa do 35,6% ao 21,8%), aumentando as categorías propias das persoas tituladas universitarias, tales como a de técnico/a (medio e superior), mando intermedio ou directivo/a (en conxunto pasa do 59,4% ao 76,4%).

	Emprego actual	Primeiro emprego
Técnico/a medio (grupo B)	29,3	32,6
Administrativo/a (grupo D)	13,5	19,3
Técnico/a superior (grupo A)	37,0	22,9
Directivo/a	3,8	0,6
Operario/a	8,3	16,0
Mando intermedio	6,3	3,3
Bolseiro/a	0,8	4,0
Outro	1,0	1,2

## 4.8 COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS

Neste apartado son analizadas as competencias desenvolvidas polas persoas tituladas na súa formación recibida na Universidade de Vigo, o seu nivel actual de competencias e as que precisan no seu traballo actual. Finalmente, analízanse as discrepancias entre estes tres perfís de competencias.

### 1. Análise global

#### 1.1 Valoración das competencias desenvolvidas durante os estudos

Os valores máis altos, nunha escala que vai de 1 a 5, residen na capacidade para traballar en grupo (3,68), a capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos (3,47) e a habilidade para traballar de forma autónoma (3,38). Tamén con valores altos áchanse a capacidade para traballar baixo presión (3,30), a capacidade de análise e síntese (3,27), a asunción de responsabilidades (3,15) e a habilidade na comunicación oral (3,12). Entre os valores máis baixos, aínda que superiores a 2, figuran a capacidade para negociar de forma eficaz (2,35), facer valer a autoridade (2,39), utilizar ferramentas informáticas (2,55), tomar decisións (2,62) e mobilizar as capacidades doutras persoas (2,64).

Capacidade para traballar en grupo	3,68
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	3,47
Habilidade para traballar de forma autónoma	3,38
Capacidade para traballar baixo presión	3,30
Capacidade de análise e síntese	3,27
Asunción de responsabilidades	3,15
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	3,12
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	3,09
Capacidade crítica e autocrítica	3,08
Habilidade na comunicación escrita	3,07
Habilidade na resolución de problemas	3,06
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	3,06
Preocupación pola calidade	3,06
Habilidades interpersoais	3,06
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	3,01
Capacidade para coordinar e organizar actividades	3,00
Habilidades na xestión da información	2,97
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	2,96
Motivación do éxito	2,88
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	2,69
Capacidade para mobilizar as capacidades doutras persoas	2,64
Capacidade para tomar decisións	2,62

Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	2,55
Capacidade para facer valer a túa autoridade	2,39
Capacidade para negociar de forma eficaz	2,35

## 1.2 Valoración do nivel actual de competencias persoais

No seguinte cadro móstrase a valoración do nivel actual de competencias das persoas tituladas, adquiridas durante súa formación e a súa experiencia. En xeral, os titulados/as puntúan moi alto o seu nivel de competencias. As competencias máis valoradas son a asunción de responsabilidades (4,15), a preocupación pola calidade (4,10), a capacidade para traballar en grupo (4,06), a habilidade para traballar de forma autónoma (4,03) e a capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos (3,98). Igualmente, con valores altos áchanse a capacidade para adaptarse ás novas situacións (3,97), traballar baixo presión (3,96) e a habilidade na comunicación escrita (3,94). As competencias máis baixas, con valores superiores a 3, son a capacidade para negociar de forma eficaz (3,31), facer valer a autoridade (3,32), mobilizar as capacidades doutras persoas (3,42), usar o tempo de forma efectiva (3,47) e tomar decisións (3,51).

Asunción de responsabilidades	4,15
Preocupación pola calidade	4,10
Capacidade para traballar en grupo	4,06
Habilidade para traballar de forma autónoma	4,03
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	3,98
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	3,97
Capacidade para traballar baixo presión	3,96
Habilidade na comunicación escrita	3,94
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	3,85
Habilidades interpersoais	3,82
Capacidade crítica e autocrítica	3,80
Capacidade para coordinar e organizar actividades	3,80
Motivación do éxito	3,74
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinar	3,73
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	3,72
Capacidade de análise e síntese	3,69
Habilidade na resolución de problemas	3,63
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	3,58
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	3,56
Habilidades na xestión da información	3,54
Capacidade para tomar decisións	3,51
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	3,47
Capacidade para mobilizar as capacidades doutras persoas	3,42
Capacidade para facer valer a túa autoridade	3,32
Capacidade para negociar de forma eficaz	3,31

### 1.3 Valoración do nivel de competencias exixidas polo emprego actual

No cadro que se presenta liñas abaixo, móstranse as competencias máis demandadas no posto de traballo segundo as respostas das persoas inquiridas. En xeral, estas competencias son demandadas nun nivel moi alto, superior ao adquirido durante os estudos ou á valoración do nivel actual de competencias. As competencias máis valoradas son a asunción de responsabilidades (4,28), a capacidade para traballar baixo presión (4,25), adaptarse ás novas situacións (4,21), aplicar os coñecementos na práctica (4,20) e a preocupación pola calidade (4,12). Entre as competencias menos necesitadas áchanse as habilidades na xestión da información (3,39) e a capacidade para utilizar ferramentas informáticas (3,40). Outras competencias indicadas na parte baixa do cadro, aínda que cunha valoración non baixa, son a capacidade para tomar decisións (3,42), de análise e síntese (3,44) ou para usar o tempo de forma efectiva (3,61).

Asunción de responsabilidades	4,28
Capacidade para traballar baixo presión	4,25
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	4,21
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	4,20
Preocupación pola calidade	4,12
Capacidade para traballar en grupo	4,10
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	4,10
Habilidade para traballar de forma autónoma	4,08
Habilidades interpersoais	4,08
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	4,01
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	4,01
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	3,99
Habilidade na comunicación escrita	3,91
Capacidade para coordinar e organizar actividades	3,90
Motivación do éxito	3,74
Capacidade para negociar de forma eficaz	3,74
Capacidade para facer valer a túa autoridade	3,67
Habilidade na resolución de problemas	3,66
Capacidade crítica e autocrítica	3,64
Capacidade para mobilizar as capacidades doutras persoas	3,62
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	3,61
Capacidade de análise e síntese	3,44
Capacidade para tomar decisións	3,42
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	3,40
Habilidades na xestión da información	3,39

#### 1.4 Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e a formación recibida

A seguir calculouse a diferenza entre as competencias exixidas no posto de traballo e as que as persoas tituladas adquiriron a través da súa formación na Universidade de Vigo. Desta maneira, pódese comprobar a discrepancia entre o nivel de competencias necesarias para desenvolver o emprego e as desenvolvidas polos titulados/as na súa formación universitaria. A menor diferenza, ou o maior axuste entre as competencias demandadas polo traballo e a formación recibida, áchase na capacidade de análise e síntese (0,17), a capacidade para traballar en grupo e as habilidades na xestión da información (0,42 ambas), a capacidade de crítica e autocrítica (0,56) e a habilidade na resolución de problemas (0,60). Por outro lado, a maior discrepancia entre o que exixen as empresas e o nivel adquirido polos titulados/as na súa formación reside na capacidade para negociar de forma eficaz (1,39), facer valer a autoridade (1,28), aplicar os coñecementos na práctica (1,14), asumir responsabilidades (1,13) e adaptarse ás novas situacións (1,12).

	Axuste
Capacidade de análise e síntese	0,17
Capacidade para traballar en grupo	0,42
Habilidades na xestión da información	0,42
Capacidade crítica e autocrítica	0,56
Habilidade na resolución de problemas	0,60
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	0,63
Habilidade para traballar de forma autónoma	0,70
Capacidade para tomar decisións	0,80
Habilidade na comunicación escrita	0,84
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	0,85
Motivación do éxito	0,86
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	0,87
Capacidade para coordinar e organizar actividades	0,90
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	0,92
Capacidade para traballar baixo presión	0,95
Capacidade para mobilizar as capacidades doutras persoas	0,98
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	1,00
Habilidades interpersoais	1,02
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	1,05
Preocupación pola calidade	1,06
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	1,12
Asunción de responsabilidades	1,13
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	1,14
Capacidade para facer valer a túa autoridade	1,28
Capacidade para negociar de forma eficaz	1,39

Os niveis de axuste negativos significan que o nivel de competencias exixido no traballo son inferiores ás competencias adquiridas a través da formación universitaria.

### 1.5 Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e o nivel actual de competencias persoais

Seguidamente, calculouse a diferenza entre as competencias exixidas no posto de traballo e as que as persoas tituladas manifestan dispor no momento actual. Isto permite coñecer a diferenza (axuste) entre o nivel de competencias precisas para desenvolver o emprego e as que posúen os titulados/as no momento de realizar a enquisa. O maior axuste entre as competencias demandadas polo traballo e as que posúen os titulados/as, áchase na motivación do éxito (0,00), a preocupación pola calidade (0,02), a habilidade na resolución de problemas e na comunicación escrita (0,03 e -0,03, respectivamente), a capacidade para traballar en grupo (0,04) e a habilidade para traballar de forma autónoma (0,05). Por outro lado, a maior discrepancia entre o requirido no posto de traballo e as capacidades persoais reside na capacidade para negociar de forma eficaz e a habilidade na comunicación oral (0,43 ambas), facer valer a autoridade e aplicar os coñecementos na práctica (0,35 ambas) e traballar baixo presión e xerar novas ideas e solucións (0,29 ambas).

	Axuste
Capacidade de análise e síntese	-0,25
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	-0,18
Capacidade crítica e autocrítica	-0,16
Habilidades na xestión da información	-0,15
Capacidade para tomar decisións	-0,09
Habilidade na comunicación escrita	-0,03
Motivación do éxito	0,00
Preocupación pola calidade	0,02
Habilidade na resolución de problemas	0,03
Capacidade para traballar en grupo	0,04
Habilidade para traballar de forma autónoma	0,05
Capacidade para coordinar e organizar actividades	0,10
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	0,12
Asunción de responsabilidades	0,13
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	0,14
Capacidade para mobilizar as capacidades doutras persoas	0,20
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	0,24
Habilidades interpersoais	0,26
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	0,28
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	0,29
Capacidade para traballar baixo presión	0,29
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	0,35
Capacidade para facer valer a túa autoridade	0,35
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	0,43
Capacidade para negociar de forma eficaz	0,43



## 1.6 Análise das competencias máis exixidas polas empresas

Para concretar máis esta análise, é interesante deterse naquelas competencias que foron fortemente demandadas polas empresas e ver o nivel de axuste que presentan en relación coas competencias adquiridas polas persoas tituladas na súa formación e ao nivel de competencias que posúen no momento actual. A tal efecto, a análise céntrase nas cinco competencias máis demandadas no traballo actual (ver cadro máis abaixo).

### a) En relación coa formación recibida polas persoas tituladas

En ningún dos casos analizados as competencias adquiridas na formación universitaria superan as exixencias do mercado de traballo. Por outro lado, a teor do seu nivel de axuste, as maiores diferenzas entre as procuras das empresas e a formación adquirida áchanse na capacidade para aplicar os coñecementos na práctica, asumir responsabilidades e adaptarse ás novas situacións. Neste caso estaríase a falar, portanto, de competencias nas cales cabería mellorar o nivel desenvolvido no momento de finalizar os estudos universitarios. Finalmente, unha serie de competencias importantes para o posto de traballo (capacidade para traballar baixo presión e a preocupación pola calidade) mostran unha menor discrepancia relativamente ao nivel das competencias desenvolvidas polos titulados/as durante a súa formación superior.

	Traballo actual	Titulación	Axuste
Asunción de responsabilidades	4,28	3,15	1,13
Capacidade para traballar baixo presión	4,25	3,30	0,95
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	4,21	3,09	1,12
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	4,20	3,06	1,14
Preocupación pola calidade	4,12	3,06	1,06

### b) En relación co nivel propio das persoas tituladas no momento actual

Ao igual que no apartado anterior, ningunha das capacidades analizadas dos titulados/as no momento actual presenta un nivel superior ao exixido no seu posto de traballo. Ora ben, o nivel de axuste é bastante alto no caso da preocupación pola calidade ou a asunción de responsabilidades. O maior desaxuste prodúcese na capacidade para aplicar os coñecementos na práctica.

	Traballo actual	Nivel propio	Axuste
Asunción de responsabilidades	4,28	4,15	0,13
Capacidade para traballar baixo presión	4,25	3,96	0,29
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	4,21	3,97	0,24

Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	4,20	3,85	0,35
Preocupación pola calidade	4,12	4,10	0,02

## 2 Análise por ámbitos de coñecemento

Seguidamente, móstrase a escala de valoración das persoas tituladas segundo o ámbito de coñecemento.

### 2.1 Valoración das competencias desenvolvidas durante os estudos

Os titulados/as da rama de arte e humanidades presentan as maiores valoracións da capacidade crítica e autocrítica (4,03), a habilidade para traballar de forma autónoma (4,01), para aplicar os coñecementos na práctica (3,72), para traballar baixo presión (3,67) e a comunicación escrita (3,66).

No caso dos titulados/as do ámbito científico, a valoración é superior no caso da capacidade para traballar en grupo (4,05), traballar baixo presión (3,36), aprender con rapidez novos coñecementos (3,36), análise e síntese (3,16) e traballar de forma autónoma (3,14).

No ámbito das ciencias da saúde, as habilidades máis valoradas polos titulados/as son a capacidade para traballar en grupo (3,90), aplicar os coñecementos na práctica (3,80), aprender con rapidez novos coñecementos (3,69), traballar nun grupo interdisciplinario (3,69) e adaptarse ás novas situacións (3,62).

As persoas tituladas da rama tecnolóxica valoraron en maior grao a súa capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos (3,73), a capacidade de análise e síntese (3,47), traballar baixo presión (3,39), resolver problemas (3,39) e traballar de forma autónoma (3,38).

Finalmente, no ámbito xurídico-social, destaca a capacidade para traballar en grupo (3,86), a habilidade na comunicación oral (3,43), a comunicación escrita (3,30), traballar de forma autónoma (3,29) e aprender con rapidez novos coñecementos (3,28).

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Asunción de responsabilidades	3,42	2,85	3,60	2,95	3,20
Capacidade para traballar baixo presión	3,67	3,36	3,42	3,39	3,11
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	3,37	2,60	3,25	2,87	3,06

Habilidade na comunicación escrita	3,66	2,94	3,34	2,49	3,30
Capacidade para traballar en grupo	3,53	4,05	3,90	3,29	3,86
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	3,44	3,36	3,69	3,73	3,28
Habilidade para traballar de forma autónoma	4,01	3,14	3,27	3,38	3,29
Capacidade de análise e síntese	3,61	3,16	3,17	3,47	3,10
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	3,59	3,02	3,21	2,51	3,43
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	3,27	3,03	3,62	3,10	2,96
Capacidade crítica e autocrítica	4,03	2,86	3,40	2,76	3,06
Habilidade na resolución de problemas	3,18	2,99	3,20	3,39	2,80
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	3,72	2,90	3,80	2,92	2,89
Preocupación pola calidade	3,61	3,01	3,60	2,86	2,98
Habilidades interpersoais	3,22	2,86	3,60	2,62	3,26
Capacidade para coordinar e organizar actividades	2,99	2,83	3,28	2,63	3,25
Habilidades na xestión da información	3,25	2,96	2,95	2,98	2,90
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	2,88	2,91	3,69	2,62	3,10
Motivación do éxito	3,34	2,66	3,28	2,58	2,96
Capacidade para usar o tempo de forma efectiva	2,91	2,58	3,24	2,61	2,62
Capacidade para mobilizar as capacidades de outros	2,67	2,91	2,96	2,16	2,83
Capacidade para tomar decisións	2,88	2,57	3,08	2,45	2,60

Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	2,72	2,32	2,37	2,68	2,52
Capacidade para facer valer a túa autoridade	2,52	2,30	2,88	1,93	2,61
Capacidade para negociar de forma eficaz	2,54	2,33	2,76	2,62	2,56

## 2.2 Valoración do nivel actual de competencias persoais

Os titulados/as da rama de arte e humanidades manifestaron ter un nivel propio máis elevado nas seguintes competencias profesionais: preocupación pola calidade (4,42), comunicación escrita (4,32), traballar de forma autónoma (4,30), asunción de responsabilidades (4,26) e traballar baixo presión (4,12).

As competencias profesionais máis valoradas polos titulados/as do ámbito científico foron: traballar en grupo (4,14), a preocupación pola calidade (4,13), traballar de forma autónoma e asumir de responsabilidades (4,06 en ambos casos) e aprender con rapidez novos coñecementos (4,05).

A valoración que manifestaron os titulados/as de ciencias da saúde foi a seguinte: traballar en grupo (4,34), preocupación pola calidade (4,30), asunción de responsabilidades (4,22), aprender con rapidez novos coñecementos (4,20) e adaptarse ás novas situacións (4,14).

No caso dos titulados/as da rama tecnolóxica, as valoracións máis importantes foron: asunción de responsabilidades (4,20), traballar de forma autónoma (4,00), traballar baixo presión (3,97), o traballo en grupo e a preocupación pola calidade (3,96 ambos os casos).

Os titulados/as do ámbito xurídico-social presentaron a seguinte prelación: asunción de responsabilidades (4,20), preocupación pola calidade (4,08), traballar de forma autónoma (3,98), adaptarse ás novas situacións (3,96) e comunicación escrita (3,94).

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Asunción de responsabilidades	4,26	4,06	4,22	4,06	4,20
Capacidade para traballar baixo presión	4,12	4,01	3,94	3,97	3,91
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	3,90	3,59	3,64	3,76	3,70
Habilidade na comunicación escrita	4,32	3,91	4,09	3,77	3,94

Capacidade para traballar en grupo	4,00	4,14	4,34	3,96	3,88
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	4,11	4,05	4,20	3,93	3,93
Habilidade para traballar de forma autónoma	4,30	4,06	3,99	4,00	3,98
Capacidade de análise e síntese	3,67	3,77	3,66	3,77	3,64
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	3,79	3,63	3,42	3,42	3,60
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	4,11	3,98	4,14	3,89	3,96
Capacidade crítica e autocrítica	3,88	3,84	3,98	3,72	3,78
Habilidade na resolución de problemas	3,59	3,66	3,79	3,73	3,55
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	4,06	3,75	4,14	3,75	3,82
Preocupación pola calidade	4,42	4,13	4,30	3,96	4,08
Habilidades interpersoais	3,87	3,84	3,99	3,65	3,88
Capacidade para coordinar e organizar actividades	3,76	3,75	3,67	3,72	3,89
Habilidades na xestión da información	3,48	4,03	3,52	3,46	3,50
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	3,61	3,87	4,13	3,63	3,71
Motivación do éxito	3,78	3,69	3,92	3,67	3,75
Capacidade para usar o tempo de forma efectiva	3,48	3,55	3,85	3,32	3,50
Capacidade para mobilizar as capacidades de outros	3,46	3,26	3,39	3,38	3,48
Capacidade para tomar decisións	3,46	3,59	3,85	3,47	3,48
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	3,54	3,50	3,56	3,75	3,50
Capacidade para facer valer a túa autoridade	3,38	3,20	3,35	3,26	3,37
Capacidade para negociar de forma eficaz	3,24	3,33	3,37	3,21	3,39

### 2.3 Valoración do nivel de competencias exixidas polo emprego actual

As capacidades máis valoradas polas empresas nas que traballan os titulados/as de arte e humanidades foron adaptarse ás novas situacións (4,42), asumir responsabilidades (4,35), a preocupación pola calidade (4,34), aplicar os coñecementos na práctica (4,31) e traballar de forma autónoma (4,30).

No caso dos titulados/as da rama científica, as habilidades máis valoradas no mercado de traballo foron a asunción de responsabilidades (4,40), traballar baixo presión (4,36), traballar de forma autónoma (4,32), a comunicación oral (4,29) e o traballo en grupo (4,26).

No ámbito das ciencias da saúde, as prioridades do emprego actual van dirixidas á asunción de responsabilidades (4,39), traballar en grupo (4,38), aplicar os coñecementos na práctica (4,36), traballar baixo presión (4,33) e traballar nun grupo interdisciplinario (4,31).

As cualidades máis exixidas polas empresas segundo os titulados/as do ámbito tecnolóxico foron traballar baixo presión (4,19), a asunción de responsabilidades (4,13), traballar en grupo e aplicar os coñecementos na práctica (4,10 ambas) e adaptarse ás novas situacións (4,09).

Finalmente, as habilidades máis valoradas no emprego dos titulados/as do ámbito xurídico-social foron a asunción de responsabilidades (4,33), traballar baixo presión (4,25), adaptarse ás novas situacións (4,24), aplicar os coñecementos na práctica (4,22) e as habilidades interpersoais (4,20).

	Arte e humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Asunción de responsabilidades	4,35	4,40	4,39	4,13	4,33
Capacidade para traballar baixo presión	4,22	4,36	4,33	4,19	4,25
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	4,15	4,19	3,87	3,96	3,99
Habilidade na comunicación escrita	4,09	4,17	3,89	3,71	3,94
Capacidade para traballar en grupo	3,97	4,26	4,38	4,10	4,02
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	4,23	4,09	4,22	4,09	4,06
Habilidade para traballar de forma autónoma	4,30	4,32	4,00	3,90	4,12

Capacidade de análise e síntese	3,18	3,80	3,67	3,69	3,21
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	4,18	4,29	3,68	3,82	4,06
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	4,42	4,15	4,30	4,09	4,24
Capacidade crítica e autocrítica	3,75	3,86	3,80	3,49	3,65
Habilidade na resolución de problemas	3,37	3,79	4,13	3,89	3,48
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	4,31	4,17	4,36	4,10	4,22
Preocupación pola calidade	4,34	4,22	4,29	3,93	4,15
Habilidades interpersoais	4,15	4,09	4,14	3,89	4,20
Capacidade para coordinar e organizar actividades	3,89	3,94	3,64	3,90	3,95
Habilidades na xestión da información	3,18	3,62	3,59	3,55	3,26
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	3,73	4,06	4,31	4,05	3,96
Motivación do éxito	3,82	3,92	3,69	3,56	3,83
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	3,94	3,85	4,05	3,60	3,41
Capacidade para mobilizar as capacidades de outros	3,72	3,57	3,56	3,63	3,62
Capacidade para tomar decisións	3,16	3,53	3,93	3,62	3,25
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	3,26	3,43	3,86	3,60	3,21
Capacidade para facer valer a túa autoridade	3,71	3,58	3,74	3,61	3,70
Capacidade para negociar de forma eficaz	3,82	3,78	3,53	3,70	3,79

## 4.9 CARACTERÍSTICAS DOS ESTUDOS

### 1. Nivel tecnolóxico

Neste apartado, as persoas tituladas foron preguntadas polo nivel tecnolóxico existente na titulación que cursaron desde dous puntos de vista: o nivel tecnolóxico do equipamento dispoñíbel e o nivel de actualización tecnolóxica da formación universitaria recibida. A tal efecto, os titulados/as puideron expresar a súa valoración a través dunha escala do 1 (nada) ao 5 (moito).

#### 1.1 Nivel tecnolóxico do equipamento

O nivel tecnolóxico do equipamento dispoñíbel a nivel global ten unha valoración do 2,90. Por ámbitos de coñecemento, a valoración é superior nas titulacións de arte e humanidades (3,14) e da rama científica (3,03) que na tecnolóxica (2,76), xurídico-social (2,91) e ciencias da saúde (2,93).

Esta é a distribución das respostas por frecuencias (en porcentaxe):

	Ningún	Pouco	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	9,0	23,8	42,6	19,7	4,9
Científico	8,3	17,5	38,3	31,7	4,2
Ciencias da saúde	15,1	17,4	34,9	24,4	8,1
Tecnolóxico	10,2	28,7	35,6	21,8	3,6
Xurídico-social	11,5	22,5	32,2	27,9	5,9

#### 1.2 Nivel de actualización tecnolóxica da formación recibida

O nivel global deste ítem é do 2,83, sendo maior no ámbito das ciencias da saúde (2,98) que no científico e xurídico-social (2,84 ambos), tecnolóxico (2,80) e de arte e humanidades (2,77).

Seguidamente, móstrase, en porcentaxe, a distribución de frecuencias:

	Ningún	Pouco	Medio	Bo	Excelente
Arte e humanidades	14,7	24,6	33,6	18,0	9,0
Científico	9,2	21,7	45,0	21,7	2,5
Ciencias da Saúde	11,6	15,1	41,9	26,7	4,7
Tecnolóxico	13,0	24,8	36,6	22,1	3,3
Xurídico-social	13,1	21,9	35,8	23,7	5,5

Cabe destacar que, se ben as titulacións de arte e humanidades manifestaron o nivel tecnolóxico máis alto do equipamento dispoñíbel, tamén foi a rama que presentou o nivel máis



baixo de actualización tecnolóxica da formación. Ao contrario, as titulacións de ciencias da saúde presentaron simultaneamente tanto o nivel de actualización tecnolóxica da formación máis alta, como o nivel tecnolóxico do equipamento máis baixo.

O anexo A22 reflicte a distribución de respostas por titulacións.

## 2. Materias de maior utilidade profesional

Neste apartado son avaliadas, entre as materias estudadas na súa titulación da Universidade de Vigo, aquelas que os titulados/as consideraron de maior utilidade na súa vida profesional.

A análise deste ítem é realizada por titulacións, tabulando as materias que obtiveron maior porcentaxe.

### ARTE E HUMANIDADES

#### LICENCIATURA EN BELAS ARTES

DEBUXO	46,4%
DESEÑO GRÁFICO	17,9%
DESEÑO	57,1%
ESCULTURA	17,9%
FOTOGRAFÍA	21,4%
HISTORIA DA ARTE	21,4%
PINTURA	28,6%

#### LICENCIATURA EN FILOLOXÍA HISPÁNICA

GRAMÁTICA DO ESPAÑOL	28,6%
LINGUA ESPAÑOLA	57,2%
LITERATURA ESPAÑOLA	28,6%

#### LICENCIATURA EN FILOLOXÍA INGLESA

FONÉTICA E FONOLOXÍA	25,0%
HISTORIA DA LINGUA INGLESA	25,0%
LINGUA ESPAÑOLA	25,0%
LINGUA INGLESA	66,6%
LINGÜÍSTICA INGLESA	41,7%

#### LICENCIATURA EN TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN

FRANCÉS	37,5%
GALEGO	28,6%

INFORMÁTICA APLICADA Á TRADUCIÓN	25,0%
INGLÉS	53,6%
TRADUCIÓN DE TEXTOS XURÍDICOS E ADMINISTRATIVOS	26,8%
TRADUCIÓN XERAL	25,0%

## CIENTÍFICO

### LICENCIATURA EN BIOLOXÍA

BIOQUÍMICA	25,0%
MICROBIOLOXÍAS	50,0%
QUÍMICA	21,4%
XENÉTICA	25,0%

### LICENCIATURA EN CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS

ANÁLISE SENSORIAL:	28,6%
BROMATOLOXÍA	28,6%
CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS PRODUTOS PESQUEIROS	28,6%
DIETÉTICA E NUTRICIÓN	57,2%
PFC	28,6%

### LICENCIATURA EN CIENCIAS DO MAR

ACUICULTURA	26,3%
CONTAMINACIÓN MARIÑA	21,1%
ESTADÍSTICA	21,1%
FÍSICA	15,8%
MATEMÁTICAS	18,4%
MEDIO AMBIENTE	15,8%
MÉTODOS DE OCEANOGRAFÍA FÍSICA	18,4%
QUÍMICA	23,7%

### LICENCIATURA EN QUÍMICA

DETERMINACIÓN ESTRUTURAL	17,4%
MATEMÁTICAS	17,4%
QUÍMICA ANALÍTICA	26,1%
QUÍMICA ORGÁNICA	34,8%

## CIENCIAS DA SAÚDE

### DIPLOMATURA EN ENFERMARÍA

ANATOMÍA E FISIOLOXÍA DO CORPO HUMANO	32,9%
ENFERMARÍA COMUNITARIA	32,8%
ENFERMARÍA MATERNO-INFANTIL	23,4%
ENFERMARÍA MÉDICO-CIRÚRXICA	65,6%
FARMACOLOXÍA	35,9%

### DIPLOMATURA EN FISIOTERAPIA

ANATOMÍA HUMANA	60,0%
BIOMECÁNICA	25,0%
ESTANCIAS CLÍNICAS	30,0%
FISIOTERAPIA EN ESPECIALIDADES CLÍNICAS II	35,0%
FISIOTERAPIA MANIPULATIVA ARTICULAR	30,0%
FISIOTERAPIA XERAL I	30,0%
FISIOTERAPIA XERAL II	30,0%
FISIOTERAPIA XERAL III	35,0%
MOVEMENTO FUNCIONAL EN FISIOTERAPIA	25,0%

## TECNOLÓXICO

Ciclo curto

### ENXEÑARÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

ANÁLISE INSTRUMENTAL	18,8%
CALIDADE ALIMENTARIA	18,8%
EDAFOLOXÍA	18,8%
ENXEÑARÍA QUÍMICA	18,8%
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	18,8%
NORMALIZACIÓN E LEXISLACIÓN ALIMENTARIA	18,8%
PROXECTOS	18,8%
QUÍMICA	18,8%
QUÍMICA AGRÍCOLA	18,8%
TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS	25,0%

### ENXEÑARÍA TÉCNICA DE TELECOMUNICACIÓN

IMAXE E SON	71,4%
PROCESADO DE IMAXE	28,6%
REDES E SERVIZOS DE COMUNICACIÓN	28,6%

REDES E SERVIZOS DE COMUNICACIÓN II	28,6%
SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN	28,6%

#### ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN

BASES DE DATOS	91,7%
ENXEÑARÍA DO SOFTWARE DE XESTIÓN	25,0%
PROGRAMACIÓN	41,7%
REDES DE COMPUTADORES	25,0%
SISTEMAS OPERATIVOS	33,3%

#### ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL

INCENDIOS FORESTAIS	27,3%
REPOBOACIÓNS FLORESTAIS	27,3%
SILVICULTURA	36,4%

#### ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL

AUTOMÁTIZACIÓIN INDUSTRIAL	23,8%
DEBUXO TÉCNICO/INDUSTRIAL	30,2%
INSTALACIÓINS ELÉCTRICAS	19,0%
OFICINA TÉCNICA	15,9%

#### Ciclo longo

#### ENXEÑARÍA DE MINAS

LABOREO E EXPLOSIVOS	30,4%
SONDAXES	17,4%
XEOTECNIA	39,1%

#### ENXEÑARÍA INDUSTRIAL

DEBUXO	19,6%
ELASTICIDADE E RESISTENCIA DE MATERIAIS	16,7%
FÍSICA	17,2%
MECÁNICA	13,7%
ORGANIZACIÓN DA PRODUCCIÓN I	12,7%
ORGANIZACIÓN DA PRODUCCIÓN II	14,7%

#### ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN

PARADIGMAS DE PROGRAMACIÓN	14,6%
REDES DE COMPUTADORES	14,6%
REDES E SERVIZOS TELEMÁTICOS	41,5%
SISTEMAS OPERATIVOS	17,1%

## ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

BASES DE DATOS	46,7%
PROGRAMACIÓN AVANZADA	53,3%
REDES	33,3%

## XURÍDICO-SOCIAL

Ciclo curto

### DIPLOMATURA EN CIENCIAS EMPRESARIAIS

CONTABILIDADE	56,3%
CONTABILIDADE FINANCEIRA	14,6%
DIRECCIÓN FINANCEIRA	16,7%
DEREITO DO TRABALLO	22,9%
FISCALIDADE	33,3%
INFORMÁTICA	16,7%
MATEMÁTICAS FINANCEIRAS	16,7%
ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS	16,7%

### DIPLOMATURA EN EDUCACIÓN SOCIAL

EDUCACIÓN E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL	16,0%
EDUCACIÓN NON FORMAL E PEDAGOXÍA DO LECER	32,0%
EDUCACIÓN PERMANENTE	28,0%
HABILIDADES SOCIAIS E TÉCNICAS DE GRUPO	20,0%
PSICOLOXÍA DAS ADICCIÓNS	20,0%
PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO	24,0%
PSICOLOXÍA SOCIAL	16,0%

### DIPLOMATURA EN RELACIÓNS LABORAIS

CONTABILIDADE	25,0%
DEREITO ADMINISTRATIVO	31,3%
DEREITO DA SEGURANZA SOCIAL	18,8%
DEREITO DO TRABALLO	75,0%
DEREITO FISCAL	18,8%
SEGURANZA SOCIAL	50,0%

### DIPLOMATURA EN TRABALLO SOCIAL

DEREITO	27,3%
INTERVENCIÓN SOCIAL PROFESIONAL	54,5%
SERVIZOS SOCIAIS	45,5%

DIPLOMATURA EN TURISMO

ECONOMÍA DA EMPRESA	26,7%
INGLÉS	53,3%
MARKETING	20,0%

DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CONTABILIDADE	41,7%
DEREITO ADMINISTRATIVO	83,3%
DEREITO CONSTITUCIONAL	33,3%
DEREITO TRIBUTARIO	25,0%
INFORMÁTICA	25,0%

DIPLOMATURA EN MAXISTERIO

Educación especial

DIDÁCTICA XERAL	21,4%
MATERIAS ESPECÍFICAS S/TRASTORNOS E DEFICIENCIAS (motora, auditiva, visual,...)	71,4%
TRASTORNOS DA LINGUAXE ORAL E ESCRITA	21,4%

Educación física

ANATOMÍA	18,2%
BASES BIOLÓXICAS E FISIOLÓXICAS DO EXERCICIO	45,5%
BIOMECÁNICA	18,2%
DIDÁCTICA XERAL	18,2%
TEORÍA E PRÁCTICA DO ADESTRAMENTO	18,2%

Educación infantil

ACTIVIDADE FÍSICA NA IDADE ESCOLAR (XOGOS)	20,0%
DIDÁCTICA	46,7%
NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS Á EDUCACIÓN	17,8%
PSICOLOXÍA	33,3%
PSICOMOTRICIDADE	20,0%

Educación musical

BASES PSICOPEDAGÓXICAS DA EDUCACIÓN	27,3%
DIDÁCTICA	54,5%
PEDAGOXÍA	27,3%
PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN	45,5%

Educación primaria

DIDÁCTICA	42,9%
PRACTICUM	25,0%
ORGANIZACIÓN DO CENTRO ESCOLAR	17,9%
PSICOLOXÍA	28,6%

Ciclo longo

LICENCIATURA EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

CONTABILIDADE	55,9%
CONTABILIDADE FINANCEIRA	14,7%
DIRECCIÓN FINANCEIRA	25,0%
MARKETING	19,1%
MATEMÁTICAS FINANCEIRAS	22,0%

LICENCIATURA EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

ACTIVIDADE FÍSICA PARA A SAÚDE	16,7%
ALTO RENDEMENTO EN FÚTBOL I	22,2%
ALTO RENDEMENTO EN FÚTBOL II	16,7%
ALTO RENDEMENTO EN NATACIÓN I	16,7%
ALTO RENDEMENTO EN NATACIÓN II	16,7%
ANATOMÍA HUMANA	38,9%
DIDÁCTICA	38,9%
FISIOLOXÍA DO EXERCICIO	44,4%
PSICOLOXÍA DO DEPORTE	16,7%
TEORÍA E PRÁCTICA DO ADESTRAMENTO DEPORTIVO	44,4%

LICENCIATURA EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

DESEÑO GRÁFICO E ANIMACIÓN	30,0%
PROCESOS DE CONTRATACIÓN AUDIOVISUAL	30,0%
PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN AUDIOVISUAIS	30,0%
PRODUCCIÓN SONORA	30,0%

LICENCIATURA EN DEREITO ECONÓMICO

CONTABILIDADE	22,2%
DEREITO ADMINISTRATIVO	22,2%
DEREITO CIVIL	55,6%
DEREITO DO TRABALLO	38,9%
DEREITO MERCANTIL	38,9%
DEREITO PENAL	33,3%
DEREITO PROCESUAL	27,8%

DEREITO TRIBUTARIO	61,1%
INFORMÁTICA	22,2%
MACROECONOMÍA	16,7%
MATEMÁTICAS FINANCEIRAS	27,8%

#### LICENCIATURA EN DEREITO

DEREITO ADMINISTRATIVO	65,0%
DEREITO CIVIL	60,0%
DEREITO FINANCEIRO	40,0%
DEREITO DO TRABALLO	35,0%
DEREITO MERCANTIL	25,0%
DEREITO PENAL	55,0%
DEREITO PROCESUAL	35,0%
DEREITO TRIBUTARIO	20,0%

#### LICENCIATURA EN ECONOMÍA

CONTABILIDADE	61,5%
ECONOMETRÍA	23,1%
ESTADÍSTICA	38,5%
FISCALIDADE	21,1%

#### LICENCIATURA EN PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS

ELABORACIÓN DA MENSAXE PUBLICITARIA	18,5%
MARKETING	33,3%
RELACIÓNS PÚBLICAS E PROTOCOLO	37,0%
TÉCNICAS DE COMUNICACIÓN ESCRITA	14,8%
XESTIÓN E PLANEAMENTO DE MEDIOS	18,5%

### 3. Materias de menor utilidade profesional

Foi difícil concretar e pormenorizar as materias estudadas na titulación que non foron de grande utilidade na vida profesional das persoas tituladas entrevistadas. A razón áchase na grande dispersión encontrada neste apartado, tanto nas titulacións de ciclo curto como as de ciclo longo.

Analizando as respostas por titulacións constatouse que as coincidencias en determinadas materias sitúase en aproximadamente o 10%, porcentaxe pouco significativa para poder tirar conclusións específicas. Por outra parte, e paradoxalmente, detectouse moi frecuentemente que unha mesma materia aparecía á vez como de maior ou menor utilidade profesional. Talvez esta contradición poda ser debida ao tipo de traballo e experiencia profesional de cada unha das persoas inquiridas neste estudo.



## 4. Complementos académicos necesarios

A continuación, preséntanse, por titulacións, os complementos académicos que as persoas inquiridas consideran máis importantes de cara a mellorar os programas das titulacións que cursaron.

### ARTE E HUMANIDADES

#### LICENCIATURA EN BELAS ARTES

PRÁCTICAS EN EMPRESAS	53,6%
-----------------------	-------

Prácticas en empresas e/ou institucións (especialmente museos, galerías, talleres específicos) que permitan a interacción cos artistas nos seus estudos.

#### LICENCIATURA EN FILOLOXÍA INGLESA

PEDAGOXÍA	28,6%
PRÁCTICAS	28,6%

#### LICENCIATURA EN TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN

PRÁCTICAS EN EMPRESAS	37,5%
-----------------------	-------

### CIENTÍFICO

#### LICENCIATURA EN BIOLOXÍA

IDIOMAS	50,0%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	35,7%

#### LICENCIATURA EN CIENCIAS DO MAR

IDIOMAS	21,1%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	31,6%

#### LICENCIATURA EN QUÍMICA

IDIOMAS	47,8%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	26,1%

### CIENCIAS DA SAÚDE

#### DIPLOMATURA EN ENFERMARÍA

IDIOMAS	20,3%
PRÁCTICAS	26,6%

## DIPLOMATURA EN FISIOTERAPIA

MÁIS TÉCNICAS ESPECIALIZADAS (drenaxe linfática, exploración neurolóxica, ganchos, acupuntura, pilates, punción seca, vendaxe neuromuscular,...)	35,0%
--	-------

## TECNOLÓXICO

Ciclo longo

### ENXEÑARÍA DE MINAS

APLICACIÓNS DE DESEÑO INDUSTRIAL (CAD, Autocad, Catia V5, Patran, Nastran,...)	26,1%
IDIOMAS	30,4%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	30,4%

### ENXEÑARÍA INDUSTRIAL

IDIOMAS	53,9%
SOFTWARE DE DESEÑO INDUSTRIAL (Catia V5, Solidworks, Autocad, CAD, elementos finitos, Nastran, Patran,...)	22,5%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	27,5%

### ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN

INGLÉS	36,6%
MATERIAS SOBRE ECONOMÍA OU XESTIÓN EMPRESARIAL	37,7%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	24,4%

### ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

IDIOMAS	46,7%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	26,7%

Ciclo curto

### ENXEÑARÍA TÉCNICA AGRÍCOLA

IDIOMAS	25,0%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	50,0%

### ENXEÑARÍA TÉCNICA DE TELECOMUNICACIÓN

IDIOMAS	28,6%
MESTRADO	28,6%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	48,9%

## ENXEÑARÍA TÉCNICA EN INFORMÁTICA DE XESTIÓN

EXPRESIÓN ORAL	25,0%
IDIOMAS	58,3%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	33,3%

## ENXEÑARÍA TÉCNICA FORESTAL

SOFTWARE ESPECÍFICO (ArcGis, Autocad, Presto, Menfis, GIS,...)	27,3%
SOFTWARE ESPECÍFICO (Presto, Menfis, ArcGis, Presto,...)	36,4%
IDIOMAS	27,3%

## ENXEÑARÍA TÉCNICA INDUSTRIAL

IDIOMAS	50,8%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	30,2%

## XURÍDICO-SOCIAL

Ciclo longo

### LICENCIATURA EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

IDIOMAS	58,8%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	32,4%
SOFTWARE EMPRESARIAL DE XESTIÓN (Contaplus, Nominaplus, impostos,...)	22,1%

### LICENCIATURA EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

IDIOMAS	22,2%
MELLORA DO PRACTICUM	22,2%

### LICENCIATURA EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

<b>PRÁCTICAS</b>	<b>30,0%</b>
------------------	--------------

### LICENCIATURA EN DEREITO ECONÓMICO

<b>IDIOMAS</b>	<b>55,6%</b>
<b>PRÁCTICAS (simulación de xuízos,...)</b>	<b>28,9%</b>
<b>PRÁCTICAS EN EMPRESAS</b>	<b>33,3%</b>

### LICENCIATURA EN DEREITO

IDIOMAS	20,0%
MÁIS CONTIDOS PRÁCTICOS	20,0%
PRÁCTICAS (asistencia a xuízos,...)	35,0%

PRÁCTICAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓN (gabinetes profesionais, xulgados,...)	45,0%
---	-------

LICENCIATURA EN ECONOMÍA

IDIOMAS	61,5%
MÁIS CONTIDOS PRÁCTICOS	30,8%
PRÁCTICAS	23,1%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	46,2%

LICENCIATURA EN PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS

DESEÑO GRÁFICO E WEB	22,2%
IDIOMAS	33,3%
PRÁCTICAS	22,2%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	40,7%
PROGRAMAS DE DESEÑO GRÁFICO/WEB	25,9%

Ciclo curto

DIPLOMATURA EN CIENCIAS EMPRESARIAIS

IDIOMAS	41,7%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	29,2%

DIPLOMATURA EN EDUCACIÓN SOCIAL

IDIOMAS	20,0%
MÁIS CONTIDOS PRÁCTICOS	20,0%

DIPLOMATURA EN RELACIÓNS LABORAIS

MESTRADO	37,5%
PRÁCTICAS	31,3%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	31,3%

DIPLOMATURA EN TRABALLO SOCIAL

MAIOR ESPECIALIZACIÓN	27,3%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS/INSTITUCIÓN	27,3%

DIPLOMATURA EN TURISMO

IDIOMAS	66,7%
PRÁCTICAS	20,0%

DIPLOMATURA EN XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

IDIOMAS	41,7%
---------	-------

## DIPLOMATURA EN MAXISTERIO

### Educación especial

LINGUAXE PARA DISCAPACIDADES (Braille, lingua de signos)	42,9%
MÁIS CONTIDOS PRÁCTICOS	28,6%
PRÁCTICAS	28,6%

### Educación física

NOVAS TECNOLOXÍAS	18,2%
IDIOMAS	18,2%

### Educación musical

MELLORA DO PRACTICUM	27,3%
PRÁCTICAS EN EMPRESAS	27,3%

### Educación infantil

IDIOMAS	20,0%
PRÁCTICAS	35,6%

### Lingua estranxeira

MOBILIDADE INTERNACIONAL	40,0%
--------------------------	-------

### Educación primaria

IDIOMAS	21,4%
MELLORA DO PRACTICUM	21,4%
PRÁCTICAS	21,4%

## 4.10 ORGANIZACIÓN DAS PERSOAS TITULADAS

Os ítems deste apartado permiten analizar a posibilidade de crear algún tipo de vinculación entre a Universidade de Vigo e o colectivo de persoas tituladas a partir das valoracións realizadas polas persoas directamente aludidas.

### 1. Nivel de contacto entre persoas tituladas e profesorado

Nove de cada dez titulados/as inquiridos (91,9%) manteñen contactos con algunha/s persoa/s titulada/s da Universidade de Vigo (non necesariamente da mesma titulación e/ou promoción). No entanto, esta proporción descende até o 31,5% cando se trata de manter contactos con profesorado da Universidade.

En relación co tipo de vinculación, a que predomina entre as persoas tituladas é a de tipo

persoal ou amizade (94,8%). Un 32,4% manifestou manter un tipo de relación profesional. No caso da relación co profesorado, as diferenzas entre a proporción de relación persoal (54,1%) e profesional (53,6%) é moi lixeira, o que dá conta de que é a partir das relacións persoais ou de amizade desenvolvidas nos anos de estudo na Universidade que se establecen as de tipo profesional.

## 2. Vontade de contacto coa Universidade de Vigo

Preguntados pola súa disposición a manter algún tipo de vinculación ou contacto coa Universidade de Vigo, un 83,3% das persoas tituladas respondeu afirmativamente (o 86,1% no caso dos homes e o 82,2% no das mulleres).

Por ámbitos de coñecemento, sen existir diferenzas estatisticamente significativas, esta disposición é maior entre os titulados/as da rama científica (87,5%), xurídico-social (84,4%) e tecnolóxica (83,4%) que entre os da rama de arte e humanidades (77,9%) ou de ciencias da saúde (79,1%).

## 3. Tipo de vinculación

Con respecto á mellor maneira de establecer esa vinculación ou contacto coa Universidade, a maioría (52,0%) é partidaria de recibir periodicamente información da Universidade de Vigo a partir dunha base de datos ou unha lista de distribución específica. En segundo lugar, co 48,3%, que o contacto se estableza a través dun foro ou unha rede de persoas tituladas (por exemplo, unha comunidade virtual). A maior distancia sitúanse alternativas como establecer unha vinculación a través dunha páxina web (32,5%) ou dunha asociación de antigos alumnos e alumnas (30,7%). Finalmente, un 15,0% referiu que prefería que fora a través dunha fundación.

Cerca de un de cada dez titulados (9,3%) mencionou outras maneiras de manterse vinculado coa Universidade de Vigo. Entre estas cabe destacar:

- Manter algún tipo de vinculación laboral: bolsa de emprego, colaboración con departamentos, docencia, contratos de colaboración, investigación, participación en proxectos afíns ou nos servizos da Universidade (gardería, deportes,...).
- Medidas de feedback de coñecementos e experiencia: participación en congresos, conferencias, seminarios, obradoiros, coloquios,....
- Ter acceso aos servizos da Universidade de Vigo: servizo de deportes, uso e acceso aos fondos da biblioteca,
- Asistir a cursos de formación complementaria: formación continuada, posgrao, mestrados,
- Recibir información da Universidade sobre ofertas de emprego, bolsas, axudas para a formación, mestrados, validacións,

- Permitir o contacto co profesorado dunha forma máis directa, así como entre as persoas tituladas e entre os titulados/as e o estudantado.
- Crear actividades para persoas tituladas: reunións, excursións, actividades lúdico-deportivas,...

O seguinte cadro mostra as respostas por xénero:

	Homes	Mulleres
A través dunha asociación de antigos alumnos/as	31,6	30,1
Unha fundación	16,7	13,8
Un foro/rede de persoas tituladas (comunidade virtual)	51,0	47,6
Unha páxina web	29,3	34,7
Recibir información periódica da UVIGO a partir dunha base de datos ou lista de distribución específica	49,9	53,5

Como se pode comprobar, os homes identifícanse máis con medidas para establecer vínculos como a través dunha fundación ou dun foro/rede de persoas tituladas, mentres que as mulleres prefiren que sexa a partir dunha páxina web ou recibindo información a través dunha base de datos ou dunha lista de distribución específica.

Por ramas de coñecemento, as respostas distribuíronse do seguinte xeito:

	Arte e humanidades	Científico	Ciencias da saúde	Tecnolóxico	Xurídico-social
Asociación de antigos alumnos/as	35,8	25,7	26,5	30,1	31,9
Fundación	15,8	19,0	2,9	18,1	13,0
Foro/rede de persoas tituladas (comunidade virtual)	50,5	47,6	50,0	51,1	45,8
Páxina web	40,0	32,4	36,8	24,3	35,7
Recibir información periódica dunha base de datos/lista de distribución	56,8	45,7	50,0	46,4	56,6

No cadro destaca, pola súa significancia estatística, a baixa porcentaxe de identificación dos titulados/as de ciencias da saúde coa opción dunha fundación como vía de contacto entre a Universidade e as persoas tituladas, así como a proporción de titulados/as do ámbito tecnolóxico que optan por unha páxina web.

#### 4. Valoración das actividades que debería desenvolver a Universidade de Vigo

Nesta pregunta, dirixida a todos os titulados/as inquiridos, estes puideron expresar, nunha escala de valoración do 1 (nada) ao 5 (moito), o grao de importancia que lle merecen unha serie de actividades que a Universidade de Vigo podería levar a cabo de cara a manter un vínculo coas persoas tituladas.

	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	NR	Media
Participar en ciclos de conferencias nas que os titulados/as poidan transmitir a súa experiencia laboral ao alumnado de últimos cursos	11,9	13,8	25,6	24,1	24,7	13,3	3,28
Participar en reunións de antigas promocións conmemorativas de aniversarios	29,6	24,7	21,3	13,8	10,5	15,2	2,51
Mellorar as relacións interpersoais entre os titulados/as (organización de actividades/conmemoracións lúdico-festivas)	18,6	22,3	28,3	19,3	11,4	15,3	2,85
Fomentar os contactos profesionais/laborais entre titulados/as afíns	2,9	4,5	17,1	32,5	43,0	11,6	4,13
Permitir o acceso a servizos universitarios (biblioteca, deportes,...)	3,9	4,5	15,2	26,4	50,0	13,1	4,14

Unha valoración cuantitativa<sup>8</sup> dos aspectos propostos mostra que as actividades máis valoradas son permitir o acceso aos servizos universitarios (4,14) e fomentar os contactos profesionais entre persoas tituladas afíns (4,13%), seguido pola participación en ciclos de conferencias dirixidas ao alumnado de últimos cursos (3,28). A maior distancia, sitúanse a organización de actividades ou conmemoracións lúdico-festivas (2,85) e a participación en reunións de antigas promocións conmemorativas de aniversarios (2,51).

#### 5. Predisposición de colaboración coa Universidade de Vigo

A continuación móstrase, nunha escala de valoración do 1 (nada) ao 5 (moito), o grao de disposición das persoas tituladas inquiridas cunha serie de medidas nas que se poderían sentir útiles á Universidade de Vigo.

8) A partir da media aritmética das puntuacións realizadas segundo a escala de valoración.



	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito	NR	Media
Colaborar coa miña experiencia na formación de graos e mestrados universitarios	17,7	16,1	20,0	24,2	22,0	16,6	3,20
Comunicar as miñas experiencias no mercado laboral ao estudantado	12,9	16,2	24,0	26,6	20,4	15,8	3,29
Facilitar a realización de visitas académicas á empresa na que traballo	29,2	16,5	21,0	18,6	14,6	20,9	2,73
Facilitar a contratación de titulados/as en prácticas	27,0	13,7	18,9	20,0	20,5	20,1	2,93
Permitir a realización de prácticas preprofesionais	26,0	11,2	19,6	18,7	24,6	21,6	3,05

Os aspectos máis valorados cuantitativamente son a comunicación das experiencias persoais no mercado de traballo ao estudantado (3,29), a colaboración coa experiencia persoal na formación de graos e mestrados universitarios (3,20) e a realización de prácticas profesionais (3,05). A máis distancia, valórase facilitar a realización de visitas académicas á empresa na que traballa a persoa titulada (2,73) ou facilitar a contratación de titulados/as en prácticas (2,93).

#### 4.11 ANÁLISE DAS RESPOSTAS Á PREGUNTA ABERTA

Finalmente, a enquisa contiña unha última pregunta na que a persoa titulada podía acrescentar os comentarios que considerase oportunos.

No total, o 22,5% dos titulados/as inquiridos completaron este apartado da enquisa. A porcentaxe de comentarios aportados polas mulleres (23,7%) foi levemente superior á dos homes (20,3%). Por ámbitos académicos, a taxa de resposta desta cuestión aberta foi maior nos ámbitos científico (28,3%) e xurídico-social (25,7%) que no de ciencias da saúde (12,8%), o tecnolóxico (17,8%) e de arte e humanidades (22,1%).

As respostas, algunhas de contido moi amplo, suscitaron unha serie de reflexións complementarias ao solicitado nos puntos concretos da enquisa (ver anexo A1).

Dada a diversidade de opinións, estas foron agrupadas en dous grupos diferenciados. O 88% das opinións están relacionadas con temáticas sobre futuras colaboracións; prácticas en empresas e nas titulacións; cursos, mestrados e idiomas; entrega de títulos; emprego e outras opinións xerais e particulares. O 12% restante abarca opinións críticas sobre as titulacións (plano de estudos, profesorado e formación).

Cada un destes apartados desenvólvese, agrupando as opinións semellante entre si, na epígrafe 5.11. Ademais, o anexo A23 inclúe unha análise dalgunhas das opinións específicas recollidas por titulacións.



# 5

## CONCLUSIÓNS

### 5.1 PERFIL DAS PERSOAS TITULADAS

#### *Ámbitos de coñecemento*

A distribución da mostra por ámbitos segue a seguinte secuencia: o 42,9% das persoas tituladas son do ámbito xurídico-social, o 28,7% do tecnolóxico, o 10,6% de arte e humanidades, o 10,4% do científico e o 7,5% de Ciencias da saúde. Estas porcentaxes correspóndense coa distribución da poboación por ámbitos académicos (o 48,3% do xurídico-Social, o 28,1% do tecnolóxico, o 8,8% de arte e humanidades, o 7,2% do científico e o 7,3% de ciencias da saúde).

#### *Xénero*

O 65,0% da mostra está formado por mulleres. Nas titulacións da rama de ciencias da saúde (88,6%), arte e humanidades (79,5%), científica (76,3%) e xurídico-social (75,2%), a presenza de mulleres é maioritaria, mentres que no ámbito tecnolóxico hai máis homes (65,1%).

#### *Residencia durante os estudos*

Durante a realización dos estudos, o 56,0% das persoas tituladas residían na provincia de Pontevedra e un 20,1% na de Ourense. Os titulados/as que na actualidade traballan fóra de Galicia representan o 5,9% (o 72,5% noutros territorios do Estado e o 27,5% no estranxeiro).

#### *Duración dos estudos (en anos)*

De media, as persoas tituladas demoraron 5,38 anos en finalizar os seus estudos (6,07 no caso dos homes contra 4,98 no das mulleres).

#### Por ámbitos académicos:

Ciencias da saúde: 3,17 (ciclo curto); tecnolóxico: 6,78 (ciclos longo e curtos); científico: 6,25 (ciclo longo); arte e humanidades: 5,58 (ciclo longo); xurídico-social: 4,57 (ciclos longos e curtos). Máis informacións no anexo A5

## 5.2 ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DURANTE OS ANOS DE ESTUDO UNIVERSITARIOS

### *Realización de prácticas en empresas/institucións*

Máis da metade das persoas tituladas consultadas (55,5%) realizaron este tipo de prácticas (o 44,7% de homes contra o 61,5% de mulleres).

Por ámbitos académicos, a porcentaxe foi superior no ámbito de ciencias da saúde (91,9%), seguido do xurídico-social (67,2%), científico (59,8%), tecnolóxico (41,4%) e arte e humanidades (18,0%).

### *Participación en programas de mobilidade internacional*

Un 17,2% dos titulados/as participaron en programas de mobilidade internacional (o 20,3% de homes contra o 16,3% de mulleres).

Por ámbitos académicos: arte e humanidades (45,9%), tecnolóxico (21,5%), científico (14,2%), xurídico-social (10,5%) e ciencias da saúde (2,3%).

### *Realización de prácticas en empresas no estranxeiro*

Un 8,1% das persoas inquiridas realizaron este tipo de prácticas (o 6,9% de homes contra o 8,3% de mulleres).

Por ámbitos académicos: ciencias da saúde (14,0%), xurídico-social (9,3%), tecnolóxico (6,6%), científico (5,8%) e arte e humanidades (4,9%).

### *Docencia recibida en lingua estranxeira*

Case un terzo dos titulados/as inquiridos (32,2%) recibiron docencia en lingua estranxeira, sendo superior no ámbito de artes e humanidades (66,4%) que no resto (o 38,9% do xurídico-social, o 23,6% do tecnolóxico, o 10,5% de ciencias da saúde e o 10,0% do científico). Máis informacións no anexo A8.

### *Competencias lingüísticas desenvolvidas*

No tocante á lingua galega, posúen polo menos algún coñecemento o 96,1% dos inquiridos/as e non se encontran diferenzas significativas por xénero. Por ámbitos, obsérvase que o nivel de coñecemento de galego entre os titulados/as da rama de ciencias da saúde e da tecnolóxica é inferior que no resto de ámbitos.

Con respecto a outras linguas comunitarias, un 93,9% manifestou ter algún coñecemento de inglés, un 22,3% de francés e un 13,7% de alemán. As persoas tituladas tamén manifestaron ter coñecementos, aínda que en menor medida, doutras linguas como o portugués, o catalán ou o italiano. En xeral, as mulleres e as persoas tituladas do ámbito de arte e humanidades teñen mellores coñecementos de idiomas.

### 5.3 ORIENTACIÓN PARA O EMPREGO

#### *Grao de participación nos foros empresariais de procura de emprego*

O 62,2% das persoas tituladas non participaron neste tipo de iniciativas (Foro Tecnolóxico de Emprego ou Forumemprego Universitario).

Participaron como asistentes o 33,0% (o 37,3% de homes e o 30,8% de mulleres).

Participaron como organizadores o 2,4% (o 3,9% de homes e o 1,5% de mulleres).

Participación por ámbitos de coñecemento:

- Tecnolóxico (o 46,2% como asistentes e o 5,7% como organizadores)
- Científico (o 37,5% como asistentes e o 1,7% como organizadores)
- Xurídico-social (o 33,0% como asistentes e o 1,4% como organizadores)

#### *Valoración das iniciativas de procura de emprego*

Os participantes valoraron estas iniciativas como moi útiles (47,6%), pouco útiles (46,9%) e nada útiles (5,5%).

Por ámbitos de coñecemento, estas foron as valoracións:

- Moi útiles: tecnolóxico (60,0%); xurídico-social (44,3%)
- Pouco útiles: científico (66,7%); ciencias da saúde (60,0%); arte e humanidades (57,2%) e xurídico-social (49,4%).

#### *Participación nas actividades organizadas pola Oficina de Emprego da Universidade*

Nunca utilizaron os servizos de emprego durante a súa estancia na Universidade de Vigo o 58,1% das persoas tituladas inquiridas.

Recorreron a estes servizos o 32,4% dos titulados/as para informarse sobre ofertas de emprego, prácticas preprofesionais, participación en talleres, seminarios, charlas-conferencias.)

Participación por ámbitos de coñecemento: científico (48,3%), tecnolóxico (46,3%), xurídico-social (29,8%), arte e humanidades (23,7%) e ciencias da saúde (4,7%).

### 5.4 FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Unha vez finalizados os estudos universitarios, case tres cuartas partes das persoas tituladas (72,9%) preocupáronse por realizar algún tipo de formación complementaria (o 68,6% de homes contra o 75,4% de mulleres).

Por ámbitos de coñecemento: científico (88,0%), arte e humanidades (81,1%), ciencias da saúde (71,3%), tecnolóxico (69,8%) e xurídico-social (69,6%).

#### *Tipo de formación\**

Mestrado (48,9%), cursos de especialización (39,6%), cursos de formación continuada dirixidos a persoas empregadas (28,2%) e outra titulación (19,7%).

(\*) Pregunta de resposta múltipla.

### *Contidos da formación complementaria\**

Contidos específicos da titulación: 62,5% (o 58,4% de homes e o 65,5% de mulleres)

Idiomas: 54,6% (o 51,3% de homes contra o 56,3% de mulleres)

Informática: 47,8% (o 56,2% de homes e o 43,7% de mulleres)

Por ámbitos de coñecemento:

- Tecnolóxico: idiomas (61,9%), informática (54,7%).
- Ciencias da saúde: contidos específicos (90,0%)
- Xurídico-social: contidos específicos (67,4%)
- Arte e humanidades: outros contidos (33,3%)

(\*) Pregunta de resposta múltipla.

### *Motivación para a formación complementaria*

Prepararse para outros traballos (mellora da empregabilidade): 46,5% (o 48,1% de homes contra o 45,0% de mulleres)

Unha forma de promover: 21,3% (o 21,8% de homes contra o 20,7% de mulleres)

Ampliar coñecementos, sen considerar aspectos laborais: 19,4% (o 20,4% de homes contra o 19,5% de mulleres)

## **5.5 SITUACIÓN LABORAL DAS PERSOAS TITULADAS**

O 76,3% das persoas tituladas traballaban no momento de ser inquiridas (o 71,1% por conta allea e o 5,2% como empresarias ou traballadoras autónomas). O 19,9% estaban desempregadas e na procura de traballo. Finalmente, un 2,0% continuaba a estudar, un 2,0% preparaba oposicións e un 1,3% achábanse noutras situacións.

Máis informacións pormenorizadas nos anexos A13-A16.

### *Situación de emprego*

O 76,3% das persoas inquiridas traballaban (o 80,2% de homes contra o 75,0% de mulleres).

Por ámbitos de coñecemento: tecnolóxico (85,8%), ciencias da saúde (75,6%), xurídico-social (74,5%), científico (70,8%) e arte e humanidades (68,0%).

Titulacións:

Valores máximos (%)	Valores mínimos (%)
Fisioterapia, Enxeñaría de Telecomunicación.	Dereito: 53,8
Enxeñaría Informática: 100,0	Belas Artes: 53,3
Filoxía Inglesa: 97,3	Bioloxía: 53,1
Comunicación Audiovisual: 91,7	Filoxía Hispánica: 50,0
Ciencias da Actividade Física e do Deporte: 89,5	Enxeñaría Técnica Forestal: 46,7
Relacións Laborais: 88,2	Historia: 33,3.
Enxeñaría Técnica en Informática: 88,0	
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos: 87,5	
Enxeñaría Industrial: 87,2	

#### *Situación de desemprego*

Un 19,9% das persoas procuraban emprego no momento da realización da enquisa (o 17,2% de homes contra o 20,9% de mulleres)

Por ámbitos de coñecemento: arte e humanidades (23,8%), xurídico-social e ciencias da saúde (23,3%), científico (21,7%) e tecnolóxico (11,5%)

Máis informacións pormenorizadas no anexo A17.

#### *Factores condicionantes de desemprego*

Escala de valoración desde o 1 (ningunha dificultade) até o 5 (moita dificultade).

Polo ciclo da economía: 4,30

Falta de contactos persoais: 3,82

Pouca experiencia laboral ou profesional: 3,68

Poucas prácticas en empresas realizadas ao longo dos estudos universitarios: 3,41

Falta de coñecemento de idiomas: 3,24

Falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro: 2,80

Mala sorte: 2,52.

Máis información nas páxinas 51-54.

#### *Procura de emprego*

Un 69,4% das persoas inquiridas procuraron traballo nalgún momento. Dous indicadores interesantes do éxito da procura de emprego son as técnicas de procura do primeiro emprego e o tempo transcorrido en encontrar o primeiro emprego unha vez acabados os estudos universitarios.

#### *Técnicas de procura do primeiro emprego*

As estratexias de procura de emprego máis utilizadas polas persoas tituladas após os seus estudos son moi variadas: destacan as técnicas formais como responder a anuncios de traballo (25,4%), a autocandidatura (13,5%); anotarse en bolsas de traballo (8,5%) ou contactar coa empresa/institución onde se realizaron as prácticas durante os estudos (5,9%). Ademais, tamén se empregaron técnicas informais como a utilización de contactos persoais (18,8%).



Por ámbitos de coñecemento (valores máximos):

- Arte e humanidades: responder a anuncios de traballo (34,5%), mediante contactos persoais (16,0%)
- Científico: responder a anuncios de traballo (20,9%), mediante contactos persoais (19,1%)
- Ciencias da saúde: anotarse en bolsas de traballo (32,6%), contactar con empresarios/as ou empregadores (17,5%)
- Tecnolóxico: responder a anuncios de traballo (34,3%), mediante contactos persoais (21,0%)
- Xurídico-social: responder a anuncios de traballo (21,4%), mediante contactos persoais (19,0%)

Máis informacións nas páxinas 54-56.

#### *Tempo investido en encontrar o primeiro traballo*

Trátase dun indicador interesante do éxito da procura de emprego: o 59,1% dos titulados/as da Universidade de Vigo encontraron traballo nos primeiros meses despois de acabar a carreira. Aos seis meses a porcentaxe acada un 72,7% e, ao cabo dun ano, un 84,2%.

- Entre 0-3 meses: 59,1% (o 65,1% homes contra o 56,1% mulleres)
- No primeiro ano: 84,2% (o 88,9% homes contra o 81,5% mulleres)
- Entre 1-2 anos: 9,9% (o 6,2% homes contra o 11,9% mulleres)
- Máis de 2 anos: 6,0% (o 4,8% homes contra o 6,6% mulleres)

Por ámbitos de coñecemento:

- Entre 0-3 meses: ciencias da saúde (85,9%), tecnolóxico (77,6%), xurídico-social (48,5%), científico (45,7%) e arte e humanidades (41,1%).
- No primeiro ano: ciencias da saúde (98,8%), tecnolóxico (95,3%), arte e humanidades (79,9%), científico (76,4%), xurídico-social (75,9%)

## **5.6 CARACTERÍSTICAS DO PRIMEIRO EMPREGO**

#### *Relación do primeiro traballo cos estudos*

No 71,1% dos casos, a primeira ocupación estaba relacionada cos estudos realizados (o 77,4% de homes contra o 68,6% de mulleres).

Por ámbitos de coñecemento: tecnolóxico (86,4%), ciencias da saúde (86,0%), arte e humanidades (49,2%), científico (62,5%) e xurídico-social (66,0%).

#### *Tipo de contrato*

Predominan os contratos de duración definida (o 26,0% eventual e o 25,0% por obra e servizo) sobre os indefinidos (16,0%). Outras modalidades: bolsas ou axudas (14,6%), contrato en prácticas (13,3%), autoemprego/autónomo (2,3%) e sen contrato (3,0%).

Ciencias da saúde	Contrato eventual (68,2%). Contrato por obra-servizo (15,3%). Indefinido (8,2%)
Arte e humanidades	Contrato eventual (29,9%), Contrato por obra-servizo (25,6%). Indefinido (8,2%).
Xurídico-social	Contrato por obra-servizo (28,3%). Contrato eventual (26,2%). Indefinido (21,7%).
Científico	Contrato por obra-servizo (29,7%). Contrato eventual (24,6%). Bolsas ou axudas (23,7%). Indefinido (10,2%).
Tecnolóxico	Contrato eventual (13,4%). Contrato por obra-servizo (20,8%). Bolsas ou axudas (27,6%). Indefinido (13,0%).

#### *Xornada de traballo*

Predomina a xornada completa: 75,4% (o 83,7% de homes contra o 70,8% de mulleres)

Xornada completa por ámbitos de coñecemento: tecnolóxico (90,3%), ciencias da saúde (85,5%), científico (70,7%), xurídico-social (69,9%) e arte e humanidades (53,2%).

#### *Categoría profesional*

O 55,5% son técnicos/as (32,6% medios e o 22,9% superiores) mentres que un 19,3% e un 16,0% son administrativos/as e operarios/as respectivamente. Un 3,3% son mandos intermedios e o 0,6% ocupan postos de dirección.

Por xénero: mandos intermedios, técnicos/as medios, técnicos/as superiores (68,7% de homes contra o 53,7% de mulleres).

Por ámbitos de coñecemento:

- Arte e humanidades: operarios/as (26,7%), administrativos/as (24,1%), técnicos/as medios (19,8%)
- Científico: técnicos/as superiores (39,5%), técnicos/as medios (24,4%), operarios/as (16,8%)
- Ciencias da saúde: técnicos/as medios (62,8%), técnicos/as superiores (20,5%)
- Tecnolóxico: técnicos/as medios (37,5%), técnicos/as superiores (34,4%), administrativos/as (7,6%)
- Xurídico-social: administrativos/as (31,4%), técnicos/as medios (29,3%), operarios/as (20,5%)

## **5.7 CARÁCTERÍSTICAS DO EMPREGO ACTUAL**

#### *Estabilidade*

O 29,4% das persoas tituladas inquiridas continúan a traballar no primeiro emprego que conseguiron despois de se titular (o 6,3% xa traballaba nel antes de acabar os estudos).

Por ámbitos de coñecemento:

Xurídico-social (32,9%), científico (29,4%), tecnolóxico (28,9%), ciencias da saúde (25,0%) e arte e humanidades (20,3%).

### *Relación do emprego actual cos estudos*

No 75,5% dos casos, o emprego actual está relacionado cos estudos que cursaron (o 75,6% de homes contra o 76,2% de mulleres).

Pouco relacionados cos estudos que cursaron: 15,6% (o 28,6% de homes contra o 13,3% de mulleres)

Ningunha relación: 8,9% (o 5,8% de homes contra o 10,5% de mulleres)

Por ámbitos de coñecemento:

- Relacionados cos estudos que cursaron: ciencias da saúde (93,8%), tecnolóxico (78,9%), xurídico-social (73,9%), científico (70,6%) e arte e humanidades (61,4%).
- Pouco relacionados: arte e humanidades (22,9%), tecnolóxico (17,3%), científico (16,5%), xurídico-social (14,9%) e ciencias da saúde (1,6%).
- Ningunha relación: arte e humanidades (15,7%), científico (12,9%), xurídico-social (11,1%), ciencias da saúde (4,7%) e tecnolóxico (3,9%).

### *Sobrecualificación*

Proporción de persoas tituladas que desenvolven un traballo con demandas inferiores aos estudos desenvolvidos (sobrecualificación): 29,2% (o 22,6% de homes contra o 29,2% de mulleres)

Superiores aos estudos desenvolvidos (infracualificación): 7,7% (o 7,1% de homes contra o 7,8% mulleres)

Adecuado aos estudos desenvolvidos: 63,1% (o 65,4% de homes contra o 63,0% de mulleres)

Por ámbitos de coñecemento:

- Sobrecualificación: xurídico-social (37,8%), arte e humanidades (30,5%), tecnolóxico (24,6%), científico (18,8%) e ciencias da saúde (10,9%)
- Infracualificación: científico (21,2%), arte e humanidades (8,5%), tecnolóxico (7,4%), xurídico-social (5,5%) e ciencias da saúde (3,3%)
- Adecuado ao nivel académico: ciencias da saúde (85,9%), tecnolóxico (68,0%), arte e humanidades (61,0%), científico (60,0%) e xurídico-social (56,6%)

### *Tipo de contrato*

A maioría (54,2%) ten un contrato indefinido (o 59,0% de homes contra o 48,5% de mulleres).

O 30,6% posúen un contrato de duración determinada (o 17,1% eventual e o 13,5% por obra ou servizo). Un 7,0% está autoempregado (o 7,7% de homes contra o 6,5% de mulleres). En prácticas está o 3,6% (o 2,9% de homes contra o 4,1% de mulleres) e o 1,2% traballa sen contrato (o 0% de homes contra o 1,9% de mulleres).

Por ámbitos de coñecemento:

Indefinido	Tecnolóxico (62,3%), xurídico-social (53,7%), arte e humanidades (41,0%), científico (38,8%), ciencias da saúde (34,4%)
Eventual	Ciencias da saúde (46,9%), xurídico-social (20,3%), arte e humanidades (12,0%), tecnolóxico (10,2%), científico (9,4%)

Por obra/servizo:	Científico (17,6%), arte e humanidades (15,7%), tecnolóxico (15,1%), xurídico-social (11,5%), científico (4,7%).
Bolsas/axudas	Científico (22,4%); arte e humanidades (7,2); tecnolóxico (2,8), xurídico-social (2,5%), ciencias da saúde (2,6%)
Sen contrato	Arte e humanidades (3,6%), ciencias da saúde (3,1%), xurídico- social (1,4%), tecnolóxico (0,8%), científico (0,0%)

#### *Xornada de traballo*

O 84,9% traballa a xornada completa (o 90,9% no caso dos homes e o 81,4% no das mulleres).

Por ámbitos de coñecemento

Xornada completa: tecnolóxico (97,1%), científico (89,7%), xurídico-social (79,4%), ciencias da saúde (7,3%) e arte e humanidades (71,6%).

#### *Categoría profesional*

Dúas terceiras partes (66,3%) son técnicos/as medios ou superiores (o 68,2% de homes contra o 65,6% de mulleres), mentres que un 13,5% ocupa a categoría de administrativo/a e o 8,3% de operario/a. Un 6,3% son mandos intermedios e un 3,8% directivos/as. Os homes directivos duplican as mulleres directivas (5,2% contra 2,7%) e, ao contrario, as mulleres duplican os homes en postos administrativos (15,9% contra 8,8%).

Por ámbitos de coñecemento:

- Arte e humanidades: técnico/a superior (49,4%), administrativo/a (15,2%)
- Científico: técnico/a superior (57,8%), técnico/a medio (16,9%)
- Ciencias da saúde: técnico/a medio (66,1%), operario/a (16,1%)
- Tecnolóxico: técnico/a superior (51,4%), técnico/a medio (26,4%)
- Xurídico-social: técnico medio (31,3%), administrativo/a (23,9%)

## **5.8 COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS**

Escala de valoración: de 1 (nada) a 5 (moito)

#### *Valoración das competencias desenvolvidas durante os estudos*

Formación recibida na Universidade de Vigo.

Capacidade para traballar en grupo	3,68
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	3,47
Habilidade para traballar de forma autónoma	3,38
Capacidade para traballar baixo presión	3,30
Capacidade de análise e síntese	3,27
Asunción de responsabilidades	3,15
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	3,12

Máis informacións pomenorizadas nas páxinas 75-77.

*Valoración do nivel actual de competencias persoais*

Nivel adquirido na súa formación e na súa experiencia.

Asunción de responsabilidades	4,15
Preocupación pola calidade	4,10
Capacidade para traballar en grupo	4,06
Habilidade para traballar de forma autónoma	4,03
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	3,98
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	3,97
Capacidade para traballar baixo presión	3,96
Habilidade na comunicación escrita	3,94
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	3,85
Habilidades interpersoais	3,82
Capacidade crítica e autocrítica	3,80
Capacidade para coordinar e organizar actividades	3,80
Motivación do éxito	3,74
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	3,73

Máis informacións nas páxinas 77-78.

*Valoración do nivel de competencias exixidas polo emprego actual.*

Competencias demandadas no posto de traballo.

Asunción de responsabilidades	4,28
Capacidade para traballar baixo presión	4,25
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	4,21
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	4,20
Preocupación pola calidade	4,12
Capacidade para traballar en grupo	4,10
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	4,10
Habilidade para traballar de forma autónoma	4,08
Habilidades interpersoais	4,08
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	4,01
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	4,01
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	3,99

Máis informacións nas páxinas 79-80.

*Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e a formación recibida.*

Diferenza entre as competencias exixidas no posto de traballo e as que as persoas tituladas adquiriron a través da formación recibida na Universidade de Vigo.

O feito de que todas as capacidades teñan axustes positivos significa que é maior o grao de competencias exixidas polas empresas que o adquirido durante a formación universitaria.

	Axuste
Capacidade de análise e síntese	0,17
Capacidade para traballar en grupo	0,42
Habilidades na xestión da información	0,42
Capacidade crítica e autocrítica	0,56
Habilidade na resolución de problemas	0,60
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	0,63
Habilidade para traballar de forma autónoma	0,70
Capacidade para tomar decisións	0,80
Habilidade na comunicación escrita	0,84
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	0,85
Motivación do éxito	0,86
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	0,87
Capacidade para coordinar e organizar actividades	0,90
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	0,92
Capacidade para traballar baixo presión	0,95
Capacidade para mobilizar as capacidades de outros	0,98
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	1,00
Habilidades interpersoais	1,02
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	1,05
Preocupación pola calidade	1,06
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	1,12
Asunción de responsabilidades	1,13
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	1,14
Capacidade para facer valer a túa autoridade	1,28
Capacidade para negociar de forma eficaz	1,39

*Axuste entre as competencias exixidas no traballo actual e o nivel de competencias persoais*

Diferenza entre as competencias exixidas no posto de traballo e as que as persoas tituladas manifestan dispor no momento actual.

O feito de existiren axustes negativos significa que o nivel exixido polas empresas é inferior ao nivel actual de competencias (formación mais experiencia profesional) persoais da persoa titulada.

	Axuste
Capacidade de análise e síntese	-0,25
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas	-0,18
Capacidade crítica e autocrítica	-0,16

Habilidades na xestión da información	-0,15
Capacidade para tomar decisións	-0,09
Habilidade na comunicación escrita	-0,03
Motivación do éxito	0,00
Preocupación pola calidade	0,02
Habilidade na resolución de problemas	0,03
Capacidade para traballar en grupo	0,04
Habilidade para traballar de forma autónoma	0,05
Capacidade para coordinar e organizar actividades	0,10
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos	0,12
Asunción de responsabilidades	0,13
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva	0,14
Capacidade para mobilizar as capacidades de outros	0,20
Capacidade para adaptarse ás novas situacións	0,24
Habilidades interpersoais	0,26
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario	0,28
Capacidade para xerar novas ideas e solucións	0,29
Capacidade para traballar baixo presión	0,29
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica	0,35
Capacidade para facer valer a túa autoridade	0,35
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)	0,43
Capacidade para negociar de forma eficaz	0,43

#### *Análise das competencias máis exixidas polas empresas*

a) En relación coa formación recibida polos titulados/as na Universidade de Vigo

Todas as capacidades son inferiores ás exixencias do mercado de traballo:

- Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica: 1,14
- Asunción de responsabilidades: 1,13
- Capacidade para adaptarse ás novas situacións: 1,12
- Preocupación pola calidade: 1,06
- Capacidade para traballar baixo presión: 0,95

b) En relación co nivel propio dos titulados/as no momento actual

Todas as capacidades son inferiores ás exixencias do mercado de traballo:

- Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica: 0,35
- Capacidade para traballar baixo presión: 0,29
- Capacidade para adaptarse ás novas situacións: 0,24
- Asunción de responsabilidades: 0,13
- Preocupación pola calidade: 0,02

## 5.9 CARACTERÍSTICAS DOS ESTUDOS

### *Nivel tecnolóxico da titulación*

Escala de valoración: 1 (nada) a 5 (moito)

#### a) Nivel tecnolóxico do equipamento

Valor global: 2,90

Por ámbitos de coñecemento: arte e humanidades (3,14), científico (3,03), tecnolóxico (2,76), xurídico-social (2,91) e ciencias da saúde (2,93)

#### b) Nivel de actualización tecnolóxica da formación

Valor global: 2,83

Por ámbitos de coñecemento: ciencias da saúde (2,98), científico e xurídico-social (2,84 ambos), tecnolóxico (2,80) e arte e humanidades (2,77)

A valoración realizada polas persoas inquiridas tanto das variábeis “materias de maior utilidade profesional”, como das “materias de menor utilidade profesional” ou dos “complementos académicos necesarios” é analizada pormenorizadamente nas páxinas 82-89 e 90-94, respectivamente.

## 5.10 ORGANIZACIÓN DAS PERSOAS TITULADAS

### *Nivel de contacto ente persoas tituladas e profesorado*

Nivel de contacto con algúns titulados/as da Universidade (non estritamente cos da mesma promoción): 91,9%

Nivel de contacto co profesorado da Universidade: 31,5%

Tipo de vinculación entre titulados/as: persoal e amizade (94,8%), profesional (32,4%)

Tipo de vinculación co profesorado: persoal (54,1%), profesional (53,6%)

### *Contacto coa Universidade*

Disposición a manter algún tipo de vinculación e contacto coa Universidade de Vigo: 83,3%

Por ámbitos de coñecemento: científico (87,5%), xurídico-social (84,4%), tecnolóxico (83,4%), ciencias da saúde: (79,1%) e arte e humanidades (77,9%).

### *Tipo de vinculación*

Recibir periodicamente información da Universidade a partir dunha base de datos (52,0%), por medio dun foro ou rede de persoas tituladas (48,3%), a través dunha páxina web (32,5%), asociación de antigos alumnos e alumnas (30,7%), a través dunha fundación (15,0%) e outras (9,3%).

Por ámbitos de coñecemento:

- Arte e humanidades: base de datos (56,8%), foro/rede (50,5%)



- Científico: foro/rede de persoas tituladas (47,6%), base de datos (45,7%)
- Ciencias da saúde: foro/rede de persoas tituladas e base de datos (50,0% ambas)
- Tecnolóxico: foro/rede (51,1%), base de datos (46,4%)
- Xurídico-social: base de datos (56,6%), foro/rede (45,8%)

Máis información na páxina 95.

#### *Valoración das actividades que debería desenvolver a Universidade*

Escala de valoración: de 1 (nada) a 5 (moito)

Actividades máis valoradas: permitir o acceso aos servizos universitarios (4,14); fomentar os contactos profesionais entre titulados/as afíns (4,13); participar en ciclos de conferencias dirixidas ao alumnado doutros cursos (3,28); organizar actividades ou conmemoracións lúdico-festivas (2,85); participar en reunións de antigas promocións conmemorativas (2,51).

#### *Predisposición de colaboración coa Universidade de Vigo*

Escala de valoración: de 1 (nada) a 5 (moito)

Actividades máis valoradas: comunicar as experiencias persoais no mercado de traballo ao estudantado (3,29); colaborar coa experiencia persoal na formación de graos e mestrados universitarios (3,20); permitir a realización de prácticas preprofesionais (3,05); facilitar a contratación de titulados/as en prácticas (2,93); facilitar a realización de visitas académicas á empresa na que traballa a persoa titulada (2,73).

## **5.11 ANÁLISE DAS RESPÓSTAS Á PREGUNTA ABERTA**

Neste apartado son pomenorizados cada un dos apartados referidos na epígrafe 4.11, reagrupando aquelas opinións que son moi semellantes entre si.

#### *Futuras colaboracións:*

- Manter a vinculación coa Universidade de Vigo, unha vez acabada a carreira, é unha boa idea.
- Aplicar os resultados da enquisa será de utilidade para que os planos de formación se reorienten dunha forma máis práctica a fin de lograr unha mellor e máis rápida inserción no mercado de traballo.
- Sería positivo seguir colaborando e manter relacións coa Universidade co fin de non perder os vínculos sociais e académicos con ela.
- Tanto para o profesorado como para o alumnado, ábreanse novas posibilidades de traballo, xa que se pode dar unha visión real do estado da titulación no mercado de traballo e contrastar experiencias con outros graduados/as da mesma titulación.
- Servirá para establecer unha relación máis realista entre a oferta académica e as capacidades precisas do traballo.
- Desexos de que a Universidade de Vigo manteña un maior contacto cos titulados/

- as á hora de os orientar nas súas diferentes actuacións co mundo laboral.
- Poder participar en iniciativas que axuden o alumnado a potenciar as súas capacidades e fomentar o autoemprego.
  - Sería interesante a creación dunha base de datos para seguir a traxectoria dos persoas tituladas.
  - Levar a cabo un contacto máis directo coa Universidade mediante cursos, charlas,... co fin de enriquecer a propia experiencia profesional, sería unha iniciativa moi interesante.
  - Poder seguir tendo acceso á Universidade (bibliotecas, instalacións, formación continuada,...).
  - Sería positivo recibir información sobre as novidades que se van producindo na Universidade e coñecer mellor o seu actual funcionamento.
  - Levar a cabo xornadas profesionais entre persoas tituladas e estudantes para que coñezan as posibilidades, requirimentos, dificultades e experiencias que lles vai deparar o futuro. Servirán así para dar a coñecer as posíbeis saídas, os métodos de procura de emprego,... En suma, mellor información sobre o mercado de traballo e mitigar, xa que logo, a desconexión entre o que se ensina e o que o mercado exige.
  - Poderíanse actualizar os contidos para enfocalos máis cara ao exercicio profesional, pois non sempre se ensina como aplicar a teoría aos casos reais.
  - Informar á Universidade das materias que fan falta no exercicio profesional sen ter que recorrer a mestrados.
  - Esta colaboración entre a Universidade e as persoas tituladas servirá para planificar actividades culturais e académicas, completando así a formación dos titulados/as.

#### *Prácticas en empresas e titulacións:*

- As prácticas que se fan en empresas son útiles, mais insuficientes.
- Máis horas de prácticas en empresas durante a carreira.
- Prácticas obrigatorias en empresas (cando se sae ao mundo laboral, a preparación non é suficiente).
- Prácticas en empresas e bolsas para estudar no estranxeiro son dúas exigencias académicas complementarias que axudarían ao alumnado a se adaptar mellor ao mundo laboral.
- Participar en programas de prácticas e poder alargar e reciclar os coñecementos adquiridos durante os estudos.
- Maior relación entre a Universidade, o mundo empresarial e a sociedade en xeral.
- A Universidade debería formar para mellorar o coñecemento e chegar a unha empresa para contribuír con novos coñecementos que sexan de utilidade.
- Substituír determinadas materias de libre elección ou optativas por prácticas en empresas.
- Máis clases prácticas realistas. En xeral, sáese da Universidade sen saber poñer en práctica os coñecementos adquiridos.
- Máis prácticas na titulación e ao terminar os estudos máis formación continuada.

### *Cursos, mestrados e idiomas*

- Destacar a importancia das mobilidades Erasmus. Deberían ser obrigatorias.
- A materia pendente: carencia no dominio fluído de idiomas. O nivel de idiomas é baixo, pois o alumnado espera acabar a carreira para estudalos.
- Algunhas materias de titulacións técnicas deberían impartirse en inglés.
- Maior información sobre cursos e mestrados.
- Incentivar os mestrados semipresenciais para compaxinar o traballo e o estudo.
- Cursos para actualizar os coñecementos adquiridos.
- As bolsas para realizar estudos no estranxeiro foron moi positivas para o alumnado que as utilizou.
- Maior formación complementaria para actualizar e concretar máis os coñecementos que solicitan as empresas.
- Impartir mestrados cuxo contido fose unha actualización de materias en función dos avances tecnolóxicos.

### *Entrega de títulos*

- Atrasos nas entregas dos títulos académicos, o que repercute negativamente no alumnado para o exercicio da súa profesión en determinados países.

### *Emprego:*

- Máis informacións sobre as diferentes posibilidades de traballo unha vez concluída a carreira.
- Falta de asesoramento para arranxar emprego.
- Información sobre as posibilidades de encontrar o primeiro emprego ao acabar a carreira.
- Máis información sobre as posibilidades de traballo e as opcións como persoas tituladas.
- Ofrecer unha mellor orientación ao alumnado na procura de emprego xa que non é preparado para o mundo laboral.
- Falta orientación en materias relacionadas co mundo laboral.

### *Outras opinións xerais:*

- Non parece xusto recorrer á realización de mestrados porque alargan aínda máis os anos sen traballar e son caros.
- Máis bolsas específicas para a titulación.
- As carreiras deberían estar máis enfocadas ao mercado de traballo.
- Non hai información sobre oposicións e bolsas de traballo. Ao acabar a carreira algúns teñen a sensación de que non hai traballo do que estudaron.

# B

## **BIBLIOGRAFÍA**

*Estudo do grao de satisfacción do alumnado coa universidade. Aplicación á Universidade de Vigo.* Luis Espada e V. M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2009)


*La inserció laboral dels titulats de la Universitat Jaume I. Promocions de 2001, 2002 e 2003.* Observatori Ocupacional Universitat Jaume I de Castellón (2010)

*Estudo sobre a transición do alumnado da Universidade de Vigo ao traballo.* Luis Espada e V. M. Martínez Cacharrón. Tribunal de Garantías-Universidade de Vigo (2010)

*Estudio sobre la transición del alumnado de la Universidade de Vigo al trabajo.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Consello Social-Universidade de Vigo (2010)

*A experiencia académica do alumnado da Universidade de Vigo en programas de mobilidade internacional.* Luis Espada e V.M. Martínez Cacharrón. Tribunal de Garantías-Universidade de Vigo (2010)





## **ANEXOS**

## A1. Cuestionario aplicado

INSTRUCCIÓN: Por favor, responda coa máxima veracidade de acordo coa súa propia experiencia, conforme se solicita en cada caso. Algunhas preguntas admiten varias respostas, nese caso ven claramente indicado. Se non está certo/a da resposta, seleccione a que considere máis adecuada.

### INFORMACIÓN INTRODUTORIA

P1. Titulación que cursou na UVIGO

P2. Que tempo tardou en completar a súa carreira (anos):

P3. Traballa actualmente? SI NON (pasa á P10)

P4. Relación do seu emprego actual cos estudos (indique só unha resposta)

Están relacionados

Están pouco relacionados

Non, non teñen ningunha relación

P5. Relación do seu emprego co nivel académico adquirido na UVIGO (indique só unha resposta)

Inferior ao meu nivel académico

Adecuado ao meu nivel académico

Superior ao meu nivel académico

P6. Tipo de contrato (indique só unha resposta)

Indefinido

Contrato eventual

Contrato por obra/servizo

Autoemprego/autónomo

Contrato en prácticas

Bolsas ou axudas

Sen contrato

Outro (especificar):

P7. Xornada laboral

Completa

Tempo parcial

P8. Categoría laboral (indique só unha resposta)

Técnico/a medio (grupo B)

Administrativo/a (grupo D)

Técnico/a superior (grupo A)

Mando intermedio

Directivo/a

Operario/a

Outro (especificar):

P9. Tempo que leva no seu traballo actual (en meses):

>>Pasa a P14

P10. Está a procurar emprego neste momento?

SI

NON (pasa á P13)

P11 En caso de responder “si” na P10, desde cando leva procurando emprego (Indique meses)?:

P12. Motivos do desemprego (Escala de valoración de 1: ningunha dificultade a 5: moita dificultade)

	1	2	3	4	5
Ter unha titulación universitaria					
Ter unha titulación específica					
Ter estudado na Universidade de Vigo					
O mal expediente académico					
Falta de mestrados, cursos de posgraao ou outra formación complementaria					
Pouca experiencia laboral ou profesional previa					
As poucas prácticas en empresas realizadas ao longo da carreira					
A falta de estancias de estudos ou de experiencias no estranxeiro					
A falta de coñecemento de idiomas					
A falta de coñecementos de informática					
Carecer de contactos persoais					
O ciclo da economía					
Non ter iniciativa nin asumir riscos					
A falta persoal de esforzo					
O descoñecemento de técnicas de procura de traballo					
A mala sorte					
Non participar en organizacións estudiantís ou de voluntariado					

>>Pasa a P14

P13 Cal é a súa situación actual? (indique só unha resposta)

Continúo a estudar. Indique os estudos:

Son beneficiario/a de bolsas ou axudas

Estou a preparar oposicións

Estou ao coidado da miña familia

Outra situación. Indique cal:

## PRIMEIRO EMPREGO

P14 Desde que saíu da UMIGO, canto tempo tardou en conseguir o seu primeiro emprego? (indique só unha resposta)



0-3 meses  
1- 2 anos

3-6 meses

6-12 meses  
Máis de 2 anos

P15. Cal das seguintes estratexias foi máis eficaz á hora de encontrar o primeiro emprego?  
(indique só unha resposta)

- Responder a anuncios de traballo
- Preparar oposicións/concursos
- Contactar cun empresario/a ou empregador/a pola miña conta
- Anotarse en bolsas de traballo
- Colocar anuncios
- Pola empresa/institución onde traballou cando estudaba
- Mediante unha axencia de emprego pública (INEM, outras)
- Mediante contactos persoais
- Mediante unha ETT
- Contactar coa empresa/institución na que realizou as prácticas durante os estudos
- Mediante unha empresa de selección de persoal
- Autoemprego/autónomo
- Mediante unha empresa de emprego privada
- Outras maneiras:

P16. Segue traballando no primeiro emprego que tiña ao titularse? (indique só unha resposta)

- Non
- Si
- Si, e xa traballaba nel antes de acabar a carreira
- Non, nunca traballei

P17. Estaba relacionado o seu primeiro emprego cos estudos realizados?      SI      NON

P18. Tipo de contrato no seu primeiro emprego (indique só unha resposta)

- |                           |                       |
|---------------------------|-----------------------|
| Indefinido                | Contrato en prácticas |
| Contrato eventual         | Bolsas ou axudas      |
| Contrato por obra/servizo | Sen contrato          |
| Autoemprego/autónomo      | Outro (especificar):  |

P19. Xornada laboral      Completa      Tempo parcial

P20. Categoría laboral no seu primeiro emprego (indique só unha resposta)

- |                              |                       |
|------------------------------|-----------------------|
| Técnico/a medio (grupo B)    | Directivo/a           |
| Administrativo/a (grupo D)   | Operario/a            |
| Técnico/a superior (grupo A) | Outros (especificar): |
| Mando intermedio             |                       |

## CARACTERÍSTICAS DOS ESTUDOS

P21. Na súa vida profesional, cales das materias que cursou na súa titulación da UMIGO lle

serviron especialmente?

1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_
4. \_\_\_\_\_
5. \_\_\_\_\_

Outras (especificar): \_\_\_\_\_

P22. Que materias non foron de grande utilidade?

1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_
4. \_\_\_\_\_
5. \_\_\_\_\_

Outras (especificar): \_\_\_\_\_

P23. Que complemento académico considera necesario para mellorar os programas da titulación que cursou na UVIGO?

1. \_\_\_\_\_
2. \_\_\_\_\_
3. \_\_\_\_\_
4. \_\_\_\_\_
5. \_\_\_\_\_

Outras (especificar): \_\_\_\_\_

P24. Como avalía... (escala de valoración de 1: nada a 5: moito)

- i) O nivel tecnolóxico do equipamento do que se dispuña?
- ii) O nivel de actualización tecnolóxica da súa formación universitaria?

P25. Durante a súa estancia na Universidade, recibiu docencia nunha lingua estranxeira? SI    NON

P26. Valore as competencias profesionais desenvolvidas durante os seus estudos na UVIGO. (escala de valoración de 1: nada a 5: moito)

Columna A: En que medida contribuíu a formación recibida na Universidade de Vigo?

Columna B: Como valora o seu actual nivel de competencias?

Columna C: Que nivel de competencias necesita no seu traballo actual?

	A. Contribución da carreira					B. Nivel propio					C. Nivel necesario traballo actual				
	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5	1	2	3	4	5
Capacidade de análise e síntese															
Habilidade na resolución de problemas															
Habilidades na xestión da información															
Capacidade de usar o tempo de forma efectiva															
Capacidade para utilizar ferramentas informáticas															
Capacidade para tomar decisións															
Coñecemento de castelán															
Coñecemento de galego															
Coñecemento de inglés															
Coñecemento de francés															
Coñecemento de alemán															
Coñecemento doutra lingua Indique cal: _____															
Capacidade crítica e autocrítica															
Capacidade para aprender con rapidez novos coñecementos															
Capacidade para aplicar os coñecementos na práctica															
Capacidade para adaptarse ás novas situacións															
Preocupación pola calidade															
Habilidade para traballar de forma autónoma															
Motivación do éxito															
Capacidade para traballar baixo presión															
Asunción de responsabilidades															
Capacidade para xerar novas ideas e solucións															
Habilidade na comunicación escrita															
Habilidades interpersoais															
Capacidade para traballar en grupo															
Capacidade para coordinar e organizar actividades															

Capacidade para mobilizar as capacidades de outros																			
Capacidade para facer valer a túa autoridade																			
Capacidade para negociar de forma eficaz																			
Capacidade para traballar nun grupo interdisciplinario																			
Habilidade na comunicación oral (exposicións orais, falar en público,...)																			

P27. Realizou prácticas en empresas/institucións ou similares durante os seus estudos na UVIGO? SI NON

P28. Participou en programas de mobilidade internacional (Erasmus, ISEP,...)? SI NON

P29. Facilitábase a realización de prácticas en empresas do estranxeiro? SI NON NS/NR

P30. Durante a súa estancia na UVIGO, participou nalgún dos foros empresariais de busca de emprego (Foro Tecnolóxico de Emprego, Forumemprego Universitario,...)? (indique só unha resposta)

- Si, como organizador/a
- Si, como asistente
- Non

P31. No caso de responder "si" na P30, como valora este tipo de iniciativas? (indique só unha resposta)

- Moi útil para a inserción laboral (coñecemento de empresas, entrevistas, contactos,...)
- Pouco útil para a inserción laboral
- Nada útil para a inserción laboral

P32. Durante a súa estancia na UVIGO, participou nalgún tipo de actividade organizada pola Oficina de Emprego? (indique só unha resposta)

- Si, para as prácticas preprofesionais Si, para asesoramento sobre emprendemento
- Si, en talleres, seminarios, charlas-conferencias,...
- Si, para informarme das ofertas de emprego Non, nunca a utilicei
- NS/NR

#### FORMACIÓN DE POSGRAO

P33. Realizou algún tipo de formación complementaria unha vez rematados os estudos da súa titulación? SI NON

P34. No caso de responder "si" na P33, indique o tipo de formación complementaria realizada (resposta múltiple)

Outra titulación universitaria  
 Estudos de doutoramento  
 Mestrado  
 Cursos de especialización  
 Cursos de formación continuada (dirixidos a persoas traballadoras)  
 Cursos de formación superior (non se esixe titulación académica)  
 Cursos de formación profesional ocupacional (dirixidos a persoas desempregadas)  
 Cursos de formación profesional

P35. Contidos da formación complementaria (resposta múltiple)

Informática  
 Idiomas\_  
 Contidos específicos da titulación estudada  
 Outros contidos

P36. Motivación da realización da formación complementaria (indique só unha resposta)

Prepararse para outros traballos, mellorar a miña empregabilidade  
 Ampliar coñecementos, sen considerar aspectos laborais  
 Impulsar a miña profesión, unha forma de promover profesionalmente  
 Pórse ao día\_  
 Encontrar un primeiro emprego  
 Outros. Indique cal:

## ORGANIZACIÓN DAS PERSOAS TITULADAS

P37 Acabados os seus estudos, mantén contactos con.... ?

	Si	Non
Outros/as titulados/as		
Profesorado da UVIGO		

P38. En caso de responder "si" na P37, que tipo de contacto mantén?

	Outros/as titulados/as	Profesorado UVIGO
Relación persoal/amizade		
Relación profesional		

P39. Gustaríalle manter algún tipo de vinculación/contacto coa Universidade de Vigo? SI NON

P40. En caso de responder "si" na P39, indique cal sería a mellor maneira (resposta múltiple)

A través dunha asociación de antigos alumnos/as  
 Unha fundación  
 Un foro/rede de persoas tituladas (comunidade virtual)  
 Unha páxina web

Recibir información periódica da UVIGO a partir dunha base de datos ou lista de distribución específica  
Outros. Indique cal: \_\_\_\_\_

P41. Que tipo de actividades considera que serían máis interesantes?

	1	2	3	4	5
Participar en ciclos de conferencias en que os titulados/as poidamos transmitir ao alumnado de últimos cursos a nosa experiencia laboral					
Participar en reunións de antigas promocións conmemorativas de aniversarios					
Mellorar as relacións interpersoais entre os titulados/as (organización de actividades/conmemoracións lúdico-festivas)					
Fomentar os contactos profesionais/laborais entre titulados/as afíns					
Permitir o acceso a servizos universitarios (biblioteca, deportes,...)					
Outra (Indique cal)	_____				

P42 En que medida cre que se sentiría útil á Universidade de Vigo?

	1	2	3	4	5
Colaborar coa miña experiencia na formación de graos e mestrados universitarios					
Comunicar as miñas experiencias no mercado laboral ao estudiantado					
Facilitar a realización de visitas académicas á empresa na que traballo					
Facilitar a contratación de titulados/as en prácticas					
Permitir a realización de prácticas preprofesionais					
Outra (Indique cal)	_____				

## OBSERVACIÓNS

(Por favor, engada calquera información que lle poida parecer de utilidade sobre este tema)

---



---

DATOS PERSOAIS (comprometémonos a gardar absoluta confidencialidade das opinións e do anonimato das persoas participantes)	
Nome:	
Apelidos:	
Titulación (indique a súa especialidade, de ser o caso):	
Traballa actualmente fóra de Galicia?	Si Indique onde: Non

Unha vez cuberto, envíenos o cuestionario por correo postal facendo uso do sobre de correo gratuito que lle achegamos.

Moitas grazas!!

## A2. Carta de presentación

Universidade de Vigo

Enquisa de seguimento de persoas tituladas

Vigo, xuño de 2012

Prezado titulado/a:

A Universidade de Vigo, a través da súa Área de Emprego e da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade, está a realizar unha enquisa de seguimento de persoas tituladas (1) cuxo cuestionario enviamos xunto a esta carta.

Como titulado/a da Universidade de Vigo, a súa participación e cooperación nesta investigación do seguimento de persoas tituladas son de alta importancia para analizar a problemática do mercado laboral e as súas características, así como as competencias laborais dos nosos titulados/as. Igualmente, a partir da información recollida, a institución na que vostede estudou poderá identificar áreas de mellora da calidade nos procesos de formación, deseñar e/ou reestruturar os seus planos de estudo ou manter o contacto co colectivo de profesionais.

A enquisa está dividida en varios bloques e pode completarse nuns minutos; non entanto, isto dependerá das experiencias que tivo durante o tempo de formación universitaria. Co fin de facilitar o tratamento dos datos desta enquisa e extraer as pertinentes conclusións, rogamos que complete o cuestionario adxunto e o remita, **no prazo de 15 días**, facendo uso do sobre de correo gratuito que se inclúe.

O tratamento estatístico das respostas garante a absoluta confidencialidade das súas opinións e o equipo desta investigación comprométese a respectar o anonimato das persoas participantes. Conforme á lei, dispón do dereito de acceso e de rectificación de calquera dato que lle poida afectar.

Agradecendo de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Luis Espada Recarey

Coordinador da enquisa

(1) Se vostede talvez xa respondeu á enquisa (realizada telefonicamente) promovida pola ACSUG (Axencia da Calidade do Sistema Universitario Galego) a cada promoción, informámoslle que aquela é distinta á que lle propomos nesta carta.

### A3. Distribución da mostra por titulacións

Titulación	%
Licenciatura en Belas Artes	2,6
Licenciatura en Bioloxía	2,8
Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,7
Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1,6
Licenciatura en Ciencias do Mar	3,7
Diplomatura en Ciencias Empresariais	4,7
Licenciatura en Comunicación Audiovisual	1,0
Licenciatura en Dereito	2,3
Licenciatura en Dereito Económico	1,6
Licenciatura en Economía	1,3
Diplomatura en Educación Social	2,3
Diplomatura en Enfermería	5,6
Enxeñaría de Minas	2,3
Enxeñaría de Telecomunicación	4,1
Enxeñaría en Informática	1,4
Enxeñaría Industrial	9,4
Enxeñaría Técnica Agrícola	1,5
Enxeñaría Técnica Forestal	1,3
Enxeñaría Técnica Industrial	6,1
Enxeñaría Técnica en Informática De Xestión	1,5
Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	0,7
Licenciatura en Filoloxía Galega	0,2
Licenciatura en Filoloxía Hispánica	0,7
Licenciatura en Filoloxía Inglesa	1,1
Licenciatura en Física	0,5
Diplomatura en Fisioterapia	1,8
Graduado Universitario en Ciencias Policiais	0,3
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda	0,3
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	0,1
Graduado Superior Sénior	0,1
Licenciatura en Historia	0,5
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	6,5
Mestrado Universitario en Dereito Urbanístico e Medio Ambiente	0,2
Mestrado Universitario en Dirección e Planificación do Turismo	0,1
Mestrado Universitario en Enerxía e Sustentabilidade	0,2
Mestrado Universitario en Estudos de Xénero	0,1
Mestrado Universitario en Física Aplicada	0,2
Mestrado Universitario en Prevención e Riscos Laborais	0,2
Diplomatura en Maxisterio	11,4
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento	0,1
Licenciatura en Psicopedagogía	0,5



Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	3,4
